



CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 20 de SETEMBRO de 2024**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D<sup>a</sup>. Ana M.<sup>a</sup> Mejías Sacaluga  
D. Angel Rivas González  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte de setembro de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(742).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do trece de setem. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(743).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS ORIENTADAS Á MELLORA DAS INSTALACÍONS DE CAMPOS DE FÚTBOL DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 23598/333.**

Visto o informe xurídico do 04/09/2024 e o informe de fiscalización do 13/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/08/2024, asinado polo xefe do servizo de deportes-director deportivo e conformado polo

concelleiro-delegado de Deportes e o concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

## **I.- ANTECEDENTES:**

1.- Mediante acordo de data 14.06.24 a Xunta de Goberno local aprobou as bases e os criterios de avaliación da convocatoria para as "subvencións orientadas á mellora das instalacións de campos de fútbol da cidade de Vigo por un importe total de 250.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 3420.7800011.

2.- Mediante anuncio publicado no BOPPO núm. 120 de data 20.06.24, foron publicados a convocatoria e o extracto da mesma, con indicación de que o prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, sería de 20 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

3.- No período de presentación de solicitudes presentáronse 2 solicitudes de subvención.

4.- Consta incorporada ao expediente a seguinte documentación:

- a) Certificado de ausencia de débedas co Concello de Vigo da entidade solicitante admitida no procedemento.
- b) Informe da xefatura de Deportes do 21-08-2024 sobre avaliación individual das solicitudes.

5.- Consta incorporado informe da xefatura de Deportes do 21-08-2024 sobre avaliación individual das solicitudes e Acta da Comisión Avaliadora do 21-08-2024, asinada polo Xefe de servizo-director deportivo da Concellería de deportes, polo Técnico deportivo do servizo de deportes e polo Concelleiro Delegado de Deportes.

## **II.- FUNDAMENTOS**

1.- Vista a proposta do 21.08.24 da comisión de avaliación (Órgano Colexiado de Avaliación) composta polo Concelleiro de Deportes D. José Manuel Fernández Pérez, polo Xefe do servizo de deportes-Director deportivo, e o técnico do servizo de deportes, como secretario, e consonte o establecido na cláusula 14ª das bases que regulan esta convocatoria, este técnico procede a realizar a proposta á Xunta de Goberno local en base á análise realizada pola dita comisión de avaliación.

2.- Na cláusula 8ª das bases da convocatoria establécese que o importe destinado ás subvencións distribuirase entre tódalas entidades deportivas que, por reunir os requisitos esixidos para ser beneficiario, sexan admitidas a participar no procedemento tendo en conta os criterios e baremos que figuran na cláusula 7ª das mesmas, sobre un máximo de 130 puntos, establecéndose do seguinte xeito:

a) Polo alcance do proxecto:

- 10 puntos para proxectos de importe de entre 125.000€ e 185.000,00€
- 15 puntos para proxectos de importe de entre 185.000,01€ e 200.000,00€
- 50 puntos para proxectos de importe superior a 200.000,00€



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

b) Promoción do deporte base e do deporte en igualdade: Estar desenvolvendo proxectos deportivos orientados á formación e que potencien a participación da muller.

b.1. Número de licencias de categorías previas á absoluta. Ata 50 puntos

Volume de licencias ata categoría xuvenil e puntuación.

- 0 puntos: <100 licencias deportivas.
- 25 puntos: De 100 a 150 licencias deportivas.
- 50 puntos: >150 licencias deportivas.

b.2. Número de licencias femininas: Ata 15 puntos

Volume de licencias femininas e puntuación.

- 0 puntos: <20 licencias deportivas.
- 5 puntos: De 20 a 50 licencias deportivas.
- 15 puntos: >50 licencias deportivas.

c) Actividade xeral da entidade solicitante: Relevancia do proxecto deportivo no ámbito da cidade. Valorarase a relevancia, repercusión e traxectoria do proxecto deportivo no desenvolvemento social da zona na que se ubica o ámbito de actividade da entidade, relación co deporte e a discapacidade, repercusión mediática e social tanto no ámbito da cidade de Vigo como a nivel nacional e internacional...: Ata 15 puntos, segundo os seguintes criterios:

- Impacto e repercusión mediática e social na cidade.
- Desenvolvemento dun programa de deporte de base, no que se terá en conta o seu volume total, o volume en relación a proxectos similares da modalidade, e en relación ós proxectos de deporte de base do resto de modalidades.
- Volume porcentual de licencias con respecto ás da modalidade na cidade, e con respecto ó total de licencias deportivas en Vigo.
- Nivel competitivo das competicións nas que participan as entidades nas fases regulares da tempada.
- Ámbito territorial das competicións nas que participa a entidade nas fases regulares da tempada deportiva.
- Desenvolvemento de proxectos, programas e/ou accións paralelas á actividade deportiva principal da entidade vinculados co deporte e a discapacidade, o deporte e a igualdade, ou o deporte e a inclusión de colectivos vulnerables.

Os datos a puntuar corresponderanse coas actividades desenvolvidas na tempada 2023/2024.

3.- A esta convocatoria presentáronse dúas solicitudes:

- SOCIEDAD CULTURAL Y DEPORTIVA ATLÁNTIDA DE MATAMÁ (CIF. G36620854), que presentou solicitude polo rexistro electrónico do Concello de Vigo con data 08.07.24 (Doc. 240216295).
- CÍRCULO CULTURAL, MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO (CIF. G36614097), que presentou solicitude polo rexistro electrónico do Concello de Vigo con data 18.07.24 (Doc. 240224820).

4.- Da avaliación realizada pola comisión avaliadora en base ós criterios de avaliación e baremos establecidos na cláusula 7ª das bases, admitiuse no procedemento a solicitude

presentada pola entidade SOCIEDAD CULTURAL Y DEPORTIVA ATLÁNTIDA DE MATAMÁ (CIF. G36620854) e rexeitouse a solicitude presentada pola entidade CÍRCULO CULTURAL, MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO (CIF. G36614097) polo motivo que se detalla no anexo II.

5.- Da avaliación realizada pola comisión de valoración (cláusula 14ª das bases da convocatoria) en base ós criterios de avaliación e baremos establecidos na cláusula 7ª das bases, obtense que a puntuación acadada pola entidade solicitante admitida é de 115 puntos. Tendo en conta o importe total da convocatoria é de 250.000,00€, o valor unitario do punto se concreta en 2.173,91€.

**6.- Cumprimento base 8ª:** Tal como establece a cláusula 8ª das bases da convocatoria, o importe proposto para a entidade admitida no procedemento non supera o 75% establecido como límite subvencionable do custo efectivo das actuacións realizadas, tal como se detalla a continuación:

EXPTE	ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	Importe Subvención	IMPORTE PROXECTO	% SUBVENCIONADO
23951-333	S.C.D. ATLÁNTIDA DE MATAMÁ	G36620854	115	250.000,00 €	334500,00€	74,73%

**7.- Cumprimento Base 5ª:** Os proxectos presentados polas entidades solicitantes de subvención foron sometidos á comprobación e informe por parte dos arquitectos municipais en relación ó cumprimento das obrigas e consideracións establecidas na cláusula 5ª das bases, referidas ós terreos, ás edificacións e ós proxectos, resultando que:

Nº EXPTE	ENTIDADE
23951-333	S.C.D. ATLÁNTIDA DE MATAMÁ (CIF.G36620854)
<p><b>Proxecto de renovación de césped artificial. Campo de fútbol Penedo da Moo. Rúa Abade Juan de Bastos s/n, 36213, Vigo, Pontevedra. Proxectista: José Manuel Fernández Barreira (Arquitecto Colexiado 2462).</b>            No que respecta ás condicións urbanísticas do campo de fútbol Penedo da Moo compre informar que, segundo o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo (A.D. 29.04.1993) vixente, a instalación do campo de fútbol sitúase en solo urbano, correspondéndolle unha ordenanza 3.2, Zona de equipamento/Zonas deportivas.            Así mesmo dita instalación non se sitúa no ámbito do Instrumento de Ordenación Provisional (IOP) aprobado definitivamente por acordo do Pleno do Concello de Vigo en data 24.07.19, (normativa publicada no B.O.P. 20.09.19)            No que respecta ás condicións técnicas do proxecto de renovación de céspede artificial achegado polos solicitantes e redactado polo arquitecto D. Jose Manuel Fernández Barreira compre informar que contempla a execución de obras de levantamento do céspede existente, reparación de subbase, instalación de novo céspede artificial e lettering na banda lateral e xestión dos entullos, cumprindo as condicións do "Anexo I.3 Requisitos Técnicos Mínimos dos Proxectos de Cambio de Césped en Campos de Fútbol"  <b>En consecuencia, dende o punto de vista das condicións urbanísticas e técnicas infórmase favorablemente a solicitude.</b></p>	
Nº EXPTE	ENTIDADE
24044/333	CÍRCULO CULTURAL, MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO (CIF. G36614097)
<p><b>Memoria de sustitución césped campo de fútbol da empresa Canalizaciones y construcciones Salnés S.L.</b>            No primeiro párrafo das bases de subvencións orientadas á mellora das instalacións de campos de fútbol de titularidade privada da cidade de Vigo indicase o seguinte:            "O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as bases que regularán a concesión de subvencións para fomentar a inversión na mellora dos campos de fútbol de titularidade privada ubicados no termo municipal de Vigo..."            O campo de fútbol para o que se solicita a subvención atópase no termo municipal de Mos. Achegamos a folia correspondente da cartografía municipal na que se pode comprobar este aspecto.  <b>Non se cumpre o obxecto desta convocatoria, encamiñada á mellora dos campos de fútbol de titularidade privada ubicados no termo municipal de Vigo.</b></p>	

Do informe dos arquitectos se infire que o proxecto presentado pola entidade SCD Atlántida Matamá cumpre cos requisitos dos beneficiarios e as condicións dos terreos e as edificacións, non así a solicitude presentada pola entidade Círculo Cultural, mercantil e industrial de Vigo.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

8.- Por outra banda, a base 5ª establece que a instalación deberá cumprir cos requisitos establecidos no art. 83 da Lei 3/2012, de 3 de abril, do deporte de Galicia, e deberá estar inscrita no Rexistro de instalacións deportivas de Galicia, tal e como establece o art. 77 da Lei 3/2012, de 3 de abril do deporte de Galicia. A entidade admitida presentou o certificado asinado electronicamente pola xefatura de sección de deporte do servizo de deportes en Vigo da Secretaría Xeral para o deporte, da Consellería da presidencia, Xustiza e deportes, de data 18.04.24, que acredita a inscrición no dito Rexistro.

9.- A comisión de valoración das solicitudes presentadas comprobou, e así o acredita, que os documentos acreditativos de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo, coa Seguridade Social, a facenda autonómica e a AEAT, solicitados e presentados pola entidade solicitante admitida están vixentes no momento da súa revisión.

10.- No anexo I detállanse os datos da entidade admitida no procedemento e o importe proposto.

11.- No anexo II detállanse os datos e a xustificación do rexeitamento da solicitude presentada pola entidade Círculo Cultural, Mercantil e Industrial de Vigo.

12.- A comisión de valoración das solicitudes acredita que da información que ten no seu poder o instrutor se desprende que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvención tal e como esixe o artigo 21.6 da Lei 9/2007.

13.- Nas bases da convocatoria, se esixe que as entidades solicitantes certifiquen o número de licencias. Na comprobación de este concepto utilizáronse os certificados emitidos pola Federación Deportiva de fútbol.

14.- As entidades solicitantes da subvención declaran que todos os datos reflectidos na solicitude son certos e se axustan á realidade. Cómpre ter en conta na responsabilidade na que incorrerían as entidades no caso de falsear os datos na solicitude.

15.- No apartado de valoración da actividade en xeral da entidade, avaliáronse os datos referentes á importancia e repercusión da actividade ou competición, a participación, e a súa relevancia no desenvolvemento do sistema deportivo local.

16.- O Anexo I detalla o importe da subvención proposta para a entidade admitida no procedemento. Este importe está definido polo produto dos puntos acadados pola entidade e o valor unitario do punto. Na avaliación realizada polo órgano colexiado (cláusula 14ª das bases da convocatoria) en base ós criterios de avaliación e baremos establecidos na cláusula 7ª das bases, obtívose que a suma das puntuacións acadadas polo total de entidades solicitantes foi a seguinte:

PARTIDA	Total puntos	Valor punto
250.000,00€	115	2.173,91€

Por todo o dito anteriormente, propónse á Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Outorgar unha subvención por importe de 250.000,00€ á entidade SOCIEDAD CULTURAL Y DEPORTIVA ATLÁNTIDA DE MATAMÁ (CIF. G36620854), con cargo á partida orzamentaria 3420.7800011 “Axuda investimentos inst. Deportivas”.

**Segundo.-** Rexeitar a solicitude de subvención presentada por CÍRCULO CULTURAL, MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO (CIF. G36614097) por non cumprir cun dos requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

**Terceiro.-** Notificar o acordo a todas as persoas interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

**ANEXO I: ENTIDADES ADMITIDAS E SUBVENCÍONS ACADADAS POLAS MESMAS NA “CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS ORIENTADAS Á MELLORA DAS INSTALACÍONS DE CAMPOS DE FÚTBOL DE TITULARIDADE PRIVADA DA CIDADE DE VIGO”.**

EXPTE	ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	Importe Subvención	IMPORTE PROXECTO	% SUBVENCIONADO
23951-333	S.C.D. ATLÁNTIDA DE MATAMÁ	G36620854	115	250.000,00 €	334.500,00€	74,73%

**ANEXO II: ENTIDADES REXEITADAS NO PROCEDIMENTO DA “CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS ORIENTADAS Á MELLORA DAS INSTALACÍONS DE CAMPOS DE FÚTBOL DE TITULARIDADE PRIVADA DA CIDADE DE VIGO”.**

Nº EXPTE	ENTIDADE
24044/333	CÍRCULO CULTURAL, MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO (CIF. G36614097)
<b>MOTIVO DE EXCLUSIÓN</b>	
<p>No primeiro párrafo das bases de subvencións orientadas á mellora das instalacións de campos de fútbol de titularidade privada da cidade de Vigo indícase o seguinte: “O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as bases que regularán a concesión de subvencións para fomentar a inversión na mellora dos campos de fútbol de titularidade privada ubicados no termo municipal de Vigo...”  O proxecto non cumpre o obxecto desta convocatoria, encamiñada á mellora dos campos de fútbol de titularidade privada ubicados no termo municipal de Vigo debido a que <b>o campo de fútbol para o que se solicita a subvención atópase no termo municipal de Mos</b>, tal e como se acredita no informe emitido polos arquitectos municipais e tal e como se acredita na folla correspondente da cartografía municipal na que se pode comprobar este aspecto.</p>	

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

### **3(744).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS SEN ANIMO DE LUCRO POLA ORGANIZACION DE EVENTOS DEPORTIVOS NA CIDADE DE VIGO ANO 2024. EXPTE. 23587/333.**

Visto o informe xurídico do 07/08/2024 e posterior do 10/09/2024 e o informe de fiscalización do 11/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 09/09/2024, asinado polo xefe do servizo de deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e o concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 23587/333 sobre a proposta de resolución da convocatoria para a concesión de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro pola organización de eventos deportivos na cidade de Vigo no ano 2024, e atendendo á detección dun erro no CIF da Federación Galega de Tennis, procedeuse á modificación do dito CIF polo correcto, que non afecta á proposta.

Polo exposto, procede a modificación da proposta considerando e atendendo a observación detallada:

#### I- ANTECEDENTES:

Vista a proposta do 10 de de xullo de 2024 da comisión de valoración (Órgano Colexiado de Avaliación) composta polo Concelleiro Delegado de Deportes D. José Manuel Fernández Pérez, o Xefe de servizo-director deportivo da Concellería de deportes, e o Técnico deportivo do servizo de deportes, como secretario, e consonte o establecido na cláusula 14ª das bases que regulan esta convocatoria, este técnico procede a realizar a proposta á Xunta de Goberno local en base á análise realizada pola dita comisión de avaliación.

Na cláusula 8ª das bases da convocatoria establécese que importe destinado a estas subvencións distribuirase en orde de prelación, ata esgotar o crédito dispoñible, entre entidades deportivas que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiario, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, de acordo cos criterios previstos no apartado anterior, na que se detallan os criterios a puntuar para a concesión das subvencións, sobre un máximo de 52 puntos excluíndose aquelas subvencións que non alcancen unha puntuación mínima de 25, establecéndose do seguinte xeito:

#### 1.1.- % Financiamento recursos distintos á subvención do Concello

≥80%	10 puntos
≥70%	6 puntos
≥50%	3 puntos

#### 1.2.- Orzamento de gastos

≥ 80.000€	10 puntos
≥ 50.000€	8 puntos

≥ 30.000€	4 puntos
-----------	----------

### 1.3.- Días de competición efectiva

5 o máis días	8 puntos
De 3 a 4 días	5 puntos
2 días	2 puntos
1 día	1 punto

### 1.4.- Tipo de competición.

Campionato do Mundo/Europa	8 puntos
Proba de Copa do Mundo/Europa	6 puntos
Circuito Internacional Oficial	5 puntos
Resto de eventos	1 punto

### 1.5.- Nº de edicións celebradas (Certificado pola Federación correspondente).

16 o máis edicións	3 puntos
De 11 a 15 edicións	2 puntos
De 6 a 10 edicións	1 puntos
<5 edicións	0 puntos

### 1.6.- Participación

≥ 150 deportistas	8 puntos
≥ 75 deportistas	5 puntos
≥ 40 deportistas	3 puntos
< 40 deportistas	0 puntos

### 1.7.- Ámbito participantes (Acreditado documentalmete).

	Nº Países	Puntos
Deportes de equipo	≥ 8 equipos de países distintos a España	5 puntos
	≥ 5 equipos de países distintos a España	2 puntos
	<5 equipos de países distintos a España	1 puntos
Deportes individuais	≥ 8 países (5 deportistas mínimo por país)	5 puntos
	≥ 5 países (5 deportistas mínimo por país)	2 puntos
	< 5 países (5 deportistas mínimo por país)	1 puntos

### Sobre as solicitudes presentadas:

A esta convocatoria presentáronse un total de 9 solicitudes, das que se admitiron definitivamente 5 e rexeitáronse 4 por diferentes motivos segundo se detalla no anexo II.

A comisión de valoración das solicitudes presentadas comprobou e acreditou ademais a vixencia e validez dos documentos acreditativos de estar ao corrente de pagos co Concello





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

de Vigo, coa Seguridade Social, a facenda autonómica e a AEAT, solicitados e presentados polas entidades solicitantes.

No anexo I relaciónanse os importes propostos correspondentes a cada unha das entidades solicitantes de subvención admitidas no proceso.

### Solicitudes admitidas: Informe de motivación

Da documentación avaliada pola comisión de valoración se desprende que as entidades admitidas, detalladas no anexo I, cumpren cos requisitos da convocatoria establecidos na base quinta:

- Son clubs deportivos, asociacións deportivas, agrupacións deportivas e Federacións deportivas Galegas, integradas en Federacións deportivas:

ENTIDADE	CIF	TIPO ENTIDADE	FEDERACIÓN
O GROVE RACKET CLUB	G10571883	CLUB DEPORTIVO	FED. DE TENIS
FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO	G15109267	FEDERACIÓN DEPORTIVA	FED. DE JUDO
FEDERACIÓN GALEGA DE TENIS	G15102767	FEDERACIÓN DEPORTIVA	FED. DE TENIS
REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO	G36612752	CLUB DEPORTIVO	FED. DE VELA
ASOC. AUGAS ABERTAS GALICIA	G27742386	ASOCIACIÓN DEPORTIVA	FED. DE TRIATLÓN

- Desenvolven os seus proxectos deportivos na cidade de Vigo.
- Teñen personalidade xurídica propia.
- Carecen de ánimo de lucro.
- Eventos con orzamentos de gastos iguais ou superiores a 30.000,00€.

ENTIDADE	CIF	ORZAMENTO
O GROVE RACKET CLUB	G10571883	80.100,00 €
FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO	G15109267	40.000,00 €
FEDERACIÓN GALEGA DE TENIS	G15102767	50.200,00 €
REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO	G36612752	42.000,00 €
ASOC. AUGAS ABERTAS GALICIA	G27742386	62.000,00 €

- Obteñen unha puntuación mínima de 25 puntos nos criterios de valoración.

ENTIDADE	CIF	PUNTUACIÓN CRITERIOS
O GROVE RACKET CLUB	G10571883	38
FEDERACIÓN GALEGA DE JUDO	G15109267	27
FEDERACIÓN GALEGA DE TENIS	G15102767	39
REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO	G36612752	34
ASOC. AUGAS ABERTAS GALICIA	G27742386	30

### Solicitudes rexeitadas:

Tendo en conta a documentación presentada polas entidades solicitantes de subvención, a comisión de valoración encargada da avaliación das solicitudes, acordou rexeitar as solicitudes que a continuación se detallan xunto cos motivos que o razoan:

- Por tratarse dun evento non subvencionable segundo o apartado 2.2 da base 3ª da convocatoria.

EVENTO	ENTIDADE	CIF	EXPTE.
DA SUMMER	DA DANCE ACADEMY CLUB	G27869668	23884-333

- Por non cumprir co requisito de ter un orzamento mínimo de 30.000,00€:

EVENTO	ENTIDADE	CIF	EXPTE.
TORNEO 3X3	TRAVIESAS HOCKEY CLUB	G36680239	23887-333
EVENTO BAILE	CLUB BAILE DEPORTIVO PASOS-BAILE GALICIA	G27750371	23891-333

- Por tratarse dunha entidade con ánimo de lucro:

EVENTO	ENTIDADE	CIF	EXPTE.
EVENTO BOXEO	LA VIEJA ESCUELA DE PADEL Y BOX S.L.	B27808922	23893-333

Por todo o dito anteriormente, propónse á Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

- Distribuír as subvencións entre as entidades relacionadas segundo consta no Anexo I, por un importe total de 48.000,00€, con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.01. do orzamento do 2024, correspondentes á resolución da Convocatoria de subvencións a entidades deportivas sen ánimo de lucro pola organización de eventos deportivos na cidade de Vigo no ano 2024.
- Rexeitar as solicitudes das seguintes entidades pola seguintes causas:

- Por tratarse dun evento non subvencionable segundo o apartado 2.2 da base 3ª da convocatoria.

EVENTO	ENTIDADE	CIF	EXPTE.
DA SUMMER	DA DANCE ACADEMY CLUB	G27869668	23884-333

- Por non cumprir co requisito de ter un orzamento mínimo de 30.000,00€:

EVENTO	ENTIDADE	CIF	EXPTE.
TORNEO 3X3	TRAVIESAS HOCKEY CLUB	G36680239	23887-333
EVENTO BAILE	CLUB BAILE DEPORTIVO PASOS-BAILE GALICIA	G27750371	23891-333

- Por tratarse dunha entidade con ánimo de lucro:

EVENTO	ENTIDADE	CIF	EXPTE.
EVENTO BOXEO	LA VIEJA ESCUELA DE PADEL Y BOX S.L.	B27808922	23893-333

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(745).- OUTORGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO DE ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO (ANO 2024) E AMPLIACIÓN DO PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS. EXPTE. 20803/77.**

Visto o informe de fiscalización do 17/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 16/09/2024, asinado pola técnica de administración



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

xeral, e conformado pola concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### NORMATIVA APLICABLE

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.
- Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
- Bases de Execución do Orzamento do exercicio 2024
- Bases reguladoras da convocatoria de subvencións a para o fomento do emprego de entidades sen ánimo de lucro, probadas por acordo da Xunta de Goberno Local de 24/05/2024

I. Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 24/05/2024, aprobáronse as “Bases e Convocatoria de Subvencións para o fomento do emprego de entidade sen ánimo de lucro. Exdte. 20803/77”.

Ditas bases foron publicadas no BOP núm. 108, do 4 de xuño de 2024, e o extracto da convocatoria destas subvencións remitido pola BDNS, foi publicado no BOP no seu número 112 de data 10 de xuño de 2024, así como, na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), promovéndose a concorrencia de solicitudes polo prazo de 10 días, a contar dende o seguinte á súa publicación no BOP (11/06/2024 ao 24/06/2024, da que resultou a presentación de sesenta e seis (66) solicitudes.

As bases da convocatoria de subvencións destinadas ao fomento do emprego establecen o financiamento da mesma por unha contía total para o vixente exercicio presupostario (2024) de 1.490.000,00 € (un millón catrocentos noventa mil euros), que se imputarán con cargo á partida 2410 4800000 “Programa de axudas ao plan de emprego municipal”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, distribuídos en cinco programas:

**1.- Programa I “Entidades veciñais e culturais”: 245.000,00 € (dous centos corenta e cinco mil)** que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio presupostario.

A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.

**2.- Programas II: “Entidades sociais e asistenciais”:** 440.000,00 € (catrocentos corenta mil euros), que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio presupostario.

A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.

**3.- Programa III: “Organizacións sindicais”:** 111.000,00 € (cento once mil euros) que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio presupostario.

A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.

**4.- Programa IV: “Entidades empresariais”:** 200.000,00 € (dous centos mil euros), que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio presupostario.

A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.

**5.- Programa V: “Comunidades de Montes”:** 145.000,00 € (cento coarenta e cinco mil euros), que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio presupostario.

**6.- Programa VI: “Entidades deportivas”:** 349.000,00 € (trescentos corenta e nove mil euros), que se fará efectiva con cargo á partida orzamentaria 2410 4800000, denominada “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio presupostario.

A subvención por este concepto non poderá superar, en ningún caso, o límite de 35.000 €.

II. A quinta tenente de alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e Relación coas Empresas, con data 30/07/2024 resolveu nomear a Comisión de Valoración que preside de acordo coa base décimo segunda, apartado 4, cos seguintes membros:

Vogal 1	Carla Candia Paz	Técnica de Administración Xeral
Vogal 2	Sonia M <sup>a</sup> Martínez Alonso	Técnica de emprego
Suplente 1	André Otero Medraño	Técnico de xestión

III. A Comisión de Valoración procedeu á avaliación das solicitudes e dos supostos de desestimación, a distribución das axuda, do cal queda constancia, na acta incorporada ao expediente de data 3/08/2024, cuxo contido se transcribe literalmente:

#### "1. ANTECEDENTES

Por acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 24/05/2024, aprobáronse as “Bases e Convocatoria de Subvencións para o fomento do emprego de entidade sen ánimo de lucro 20234 Exdte. 20803/77”.

Ditas bases foron publicadas no BOP núm. 108, do 4 de xuño de 2024, e o extracto da convocatoria destas subvencións remitido pola BDNS, foi publicado no BOP no seu número 112 de data 10 de xuño de 2024, así como, na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)), promovéndose a concorrencia de



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

solicitudes polo prazo de 10 días, a contar dende o seguinte á súa publicación no BOP (11/06/2024 ao 24/06/2024, da que resultou a presentación de sesenta e seis (66) solicitudes.

	Nº.	DNI	ENTIDADE	DATA SOLICITUD
1	20958-77	G27796341	ASOCIACIÓN EDAM CENTER ASOCIACIÓN SOCIO CULTURAL	11/06/24
2	20959-77	G36861078	FUNDACIÓN ERGUETE – INTEGRACIÓN	12/06/24
3	20965-77	G27826999	ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE GALICIA	12/06/24
4	20966-77	G36874832	CLUB RÁPIDO PEREIRO	12/06/24
5	20968-77	G36620854	<b>SOCIEDAD CULTURAL Y DEPORTIVA ATLANTIDA</b>	12/06/24
6	20972-77	G27877703	ASOCIACIÓN CULTURAL ABELLA PRODUCCIÓNS	13/06/24
7	20973-77	G36884708	VIDA DIGNA	13/06/24
8	20974-77	G27727593	ASDEGAL	13/06/24
9	20975-77	G36753911	CLUB DEPORTIVO COIA	13/06/24
10	20978-77	G36661536	ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DEL CALVARIO	13/06/24
11	20979-77	G36704666	FEDERACIÓN VIGUESA DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO	14/06/24
12	20980-77	G15849318	FUNDACIÓN CIP	14/06/24
13	20981-77	G36685964	FUNDACIÓN MENELA	14/06/24
14	20982-77	G27867076	THE WILD	14/06/24
15	20983-77	G36626174	FUNDACIÓN CASA CARIDAD DE VIGO	14/06/24
16	20985-77	G67116756	FUNDACIÓN DE LA SANTA CRUZ	14/06/24
17	20986-77	G27871375	CLUB BALONMANO RECONQUISTA VIGO	17/06/24
18	20987-77	G24452435	FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR	17/06/24
19	20989-77	G36842284	ASOCIACIÓN VECIÑOS PLAZA DA MIÑOCA	17/06/24
20	20990-77	G27722305	CLUB DEPORTIVO FREESTYLE SLALOM	17/06/24
21	20991-77	G36654036	ASOCIACIÓN DE VECINOS SAN PEDRO DE MATAMÁ LA UNIÓN	17/06/24
22	20992-77	G27807205	ASOCIACIÓN COMERCIANTES Y HOSTELEROS ZONA NAÚTICO	17/06/24
23	20993-77	G36649283	CLUB POLIDEPORTIVO ALERTANAVIA	18/06/24
24	20994-77	G36627719	ASETRANSPO	18/06/24
25	20995-77	G27771195	ASOCIACIÓN VECIÑAL NOVO VIGO	18/06/24
26	20996-77	G27804970	CLUB PEÑASCO	19/06/24
27	20998-77	G36697324	DOWN VIGO ASOCIACIÓN PARA EL SINDROME DE DOWN	19/06/24
28	20999-77	G82453606	FUNDACIÓN ALDABA	19/06/24
29	21000-77	G36827079	CLUB NATACIÓN RÍAS BAIXAS.	19/06/24
30	21001-77	G36648988	ASOCIACIÓN VECINAL CULTURAL E DEPORTIVA SAN XURXO DE SAIANS	19/06/24
31	21002-77	G36734993	CLUB DEPORTIVO JUVENIL TEIS	20/06/24
32	21003-77	G36639110	ASOCIACIÓN BANDA MUSICA UNIÓN MUSICAL DE VALLADARES	20/06/24
33	21004-77	G36925691	ASOC GALLEGA CONTRA LAS ENFERMEDADES NEUROMUSCULARES ASEM GALICIA	20/06/24

34	21005-77	G36648293	ASOCIACIÓN DE VECINOS DEL CALVARIO	20/06/24
35	21006-77	G36873511	ALENTO ASOCIACIÓN DE DAÑO CEREBRAL DE VIGO	20/06/24
36	21007-77	G36044295	ASOCIACIÓN DOA SAUDE MENTAL	20/06/24
37	21008-77	G36605905	ASOCIACIÓN A FAVOR DE PERSONAS CON DISCAPACIDAD DE LA -ASPANAEX	20/06/24
38	21009-77	V36840726	MMVVMC N 2987 MANCOMUNIDADE DE VIGO	21/06/24
39	21011-77	G02948974	ASOCIACIÓN COMERCIANTES Y HOSTELEROS VIGO CENTRO	21/06/24
40	21012-77	G36816106	ASOCIACION VIGUESA DE ESCLEROSIS MULTIPLE DE PONTEVEDRA	21/06/24
41	21013-77	G36664217	ASOCIACIÓN COMERCIANTES DE TEIS	21/06/24
42	21014-77	G36763084	CLUB SAN ROQUE CASABLANCA	21/06/24
43	21015-77	G36624120	APAMP ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE PERSOAS CON PARALISE CEREBRAL	21/06/24
44	21016-77	G36732295	ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DEL MERCADO DE TEIS DE VIGO	21/06/24
45	21017-77	G36817385	ESCOLA DE TEMPO LIBRE XARUMA	21/06/24
46	21018-77	G36796258	CLUBE CICLISTA VALLADARES	21/06/24
47	21019-77	G36657450	AGRUPACIÓN DEPORTIVA TAMIAR APAMP.	21/06/24
48	21020-77	G27746486	ASOCIACIÓN XARUMA	21/06/24
49	21021-77	R3600336F	HOGAR Y CLINICA SAN RAFAEL	21/06/24
50	21022-77	G42789131	FEDERACIÓN COMERCIO E HOSTALERÍA VIGO COMERCIO	23/06/24
51	21023-77	G27745397	FUNDACIÓN PARA LA PESCA Y EL MARISQUEO	21/06/24
52	21024-77	G36632081	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE BEADE AVCU-CSCR	21/06/24
53	21025-77	G36614097	CIRCULO CULTURAL, MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO	21/06/24
54	21026-77	G94084456	ASOCIACIÓN CULTURAL GALICIA FIDDLE	23/06/24
55	21028-77	35925242R	AVCD LAVADORES	21/06/24
56	21030-77	G36837433	ASOCIACIÓN MULLERES PEDRA DA VELLA	24/06/24
57	21031-77	G36622793	ASOCIACIÓN DE VECINOS CRISTO DE LA VICTORIA	24/06/24
58	21032-77	G36962447	ASOCIACIÓN PARKINSON DE VIGO	24/06/24
59	21033-77	G27802818	ASOCIACIÓN PARA LA PROMOCIÓN DE LA SALUD AMAINA	24/06/24
60	21034-77	G36686376	CLUB SOCIEDAD DEPORTIVA CARBALLAL	24/06/24
61	21035-77	G36617082	ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL ARTISTICO E RECREATIVO VALLADARES	24/06/24
62	21036-77	G36733046	FUNDACIÓN TUTELAR GALEGA SALVORA	24/06/24
63	21037-77	G36649325	ASOCIACIÓN DE VECINOS DE SAN PEDRO DE SARDOMA O CARBALLO	24/06/24
64	21038-77	G36651073	ASOCIACIÓN VECINAL CULTURAL E DEPORTIVA DE CABRAL	24/06/24
65	21040-77	G36712701	ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DEL MERCADO DE LAS TRAVIESAS	24/06/24
66	21041-77	36013656A	JUAN RAMON PEREZ PEREZ- ASOCIACIÓN BULIMIA Y ANOREXIA DE PONTEVEDRA	24/06/24

## 2. ACEPTACIÓN DO DESISTIMENTO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

Segundo a documentación que consta no expediente, formúlase desistimento da solicitude de subvención, con anterioridade á resolución do procedemento, polo interesado (1):

	NºExpte	Nº Doc.	CIF	Entidade	Data Rex.
1	21004-77	240196212	G36925691	ASOC GALLEGA CONTRA LAS ENFERMEDADES NEUROMUSCULARES ASEM GALICIA	20/06/24

## 3. SOLICITUDES DESESTIMADAS

Atendendo ao establecido na Base 11ª da convocatoria, se verifica o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidade beneficiaria das subvencións.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

Á vista da documentación que consta no expediente, despréndese que as entidades beneficiarias cumpren cos requisitos necesarios para acceder ás mesmas, agás as propostas como desestimadas (3) polos motivos que se indican a continuación:

a) Solicitudes desestimadas atendendo ao establecido na Base 2ª da convocatoria relativa aos requisitos dos solicitantes para poder ser beneficiario da subvención de fomento do emprego para entidades sen ánimo de lucro: dacordo co establecido no punto 2 da mencionada base esíxese “ Que estean debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións no epígrafe correspondente, con anterioridade ao inicio do prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria.”

	NºExpte	CIF	Entidade	Motivo desestimación	Fundamento xurídico
1	21000-77	G36827079	CLUB NATACIÓN RÍAS BAIXAS.	Non atoparse inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións	BASE 2.2 e 11.2

b) Solicitudes desestimadas atendendo ao establecido na Base 3ª no apartado 3.2 fomento da estabilidade laboral do persoal contratado ou transformado en fixo ou fixo descontínuo nas convocatorias 2022 e 2023 da convocatoria relativa aos requisitos dos solicitantes para poder ser beneficiario da subvención de fomento do emprego para entidades sen ánimo de lucro: dacordo co establecido no punto B9 da mencionada base esíxese “Comprende as persoas contratadas ou transformadas en fixos ou fixos descontínuos no período subvencionable da convocatoria 2023 (01/08/2022 ata 31/07/2023) cuxos custes salariais e de seguridade social non fosen obxecto de financiamento en dita convocatoria, sempre e cando se mantivesen vixentes as contratacións sen interrupción máis aló do 31/07/2023 e se cumprise co proceso de selección establecido, na Base 13ª.2 da convocatoria.”

	NºExpte	CIF	Entidade	Motivo desestimación	Fundamento xurídico
1	20996-77	G27804970	CLUB PEÑASCO	No cumprir o establecido na base 3ª no referente ao proceso de selección necesidade de manter vixente a contratación sen interrupción máis alo do 31/07/2023”	BASE 3.2 e 11.2

c) Requirimentos de emenda de documentación

Ao abeiro do disposto na Base 12.2, requiriuse ás entidades que presentaron documentación incompleta ou defectuosa para que, nun prazo máximo de dez días, emendasen a falta ou achegasen os documentos preceptivos, con indicación de que, se non o fixesen así, se lles tería desistidas da súa petición, logo da conseguinte resolución, de acordo co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común (LPAC)

Á vista da documentación presentada, as solicitudes desestimadas por non atender debidamente ao requirimento formulado son as presentadas polas entidades que se relaciona a continuación (1):

	NºExpte	CIF	Entidade	Motivo desestimación	Fundamento xurídico
1	21041-77	36013656A	JUAN RAMON PEREZ PEREZ- ASOCIACIÓN BULIMIA Y ANOREXIA DE PONTEVEDRA	NON EMENDAR A DOCUMENTACIÓN CONFORME AO REQUIRIMENTO FORMULADO EN RELACIÓN AO ANEXO V.	BASE 2.8, 9 e 11.2

#### 4. AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES

A avaliación realizase en base aos criterios establecidos na base 10ª da convocatoria.

A valoración do apartado a) do criterio 1.1 relativo á Participación en convocatorias de fomento do emprego, o baremo realizase mediante a comprobación no xestor de expediente do número de convocatorias de fomento do emprego nas que a entidade participou. Dita comprobación realízase mediante consulta co CIF da entidade ou ben mediante a comprobación no expediente propio da entidade marcando a pestana de “Documentos do interesado” a cal desprega o histórico de expedientes da entidade co Concello de Vigo.

A efectos de valoración en relación ao apartado b) do criterio 1.1 relativo a Calidade das xustificacións do importe das axudas (terase en conta a xustificación realizada na convocatoria de “Fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro”, inmediatamente anterior á presente convocatoria), xuntase documento elaborado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego onde se recollen os números de expedientes de solicitude (co importe solicitado por cada entidade) e os datos recollidos nos informes IXE da xustificación final (onde se recolle o importe total concedido en base á xustificación) e dos importes consignados como pagos realizados á entidade. (Anexo III a esta Acta)

Logo da aplicación dos criterios de valoración dos proxectos establecidos na Base 10ª, a puntuación total obtida polas entidades cuxas solicitudes foron admitidas é a que se expón a continuación:

#### PROGRAMA I (ENTIDADES VECIÑAIS E CULTURALS)

CIF	Nº Expdte.	NOME ENTIDADE	TOTAL PUNTOS
G36620854	20968-77	SOCIEDAD CULTURAL E DEPORTIVA ATLÁNTIDA MATAMÁ	21,75
G36704666	20979-77	FEDERACIÓN VIGUESA DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO	14,50
G36842284	20989-77	ASOCIACIÓN VECIÑOS PLAZA DA MIÑOCA	14,50
G36654036	20991-77	ASOC DE VECINOS DE SAN PEDRO DE MATAMÁ LA UNIÓN	18,25
G27771195	20995-77	ASOCIACIÓN VECIÑAL NOVO VIGO	19,50
G36648988	21001-77	ASOCIACIÓN VECINAL CULTURAL E DEPORTIVA SAN XURXO DE SAIÁNS	20,50
G36648293	21005-77	ASOCIACIÓN VECINOS DEL CALVARIO	18,50
G36632081	21024-77	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE BEADE AVCU-CSCR	26,75
G36614097	21025-77	CÍRCULO CULTURAL MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO	40,50
G36633618	21028-77	ASOCIACIÓN DE VECINOS DE LAVADORES	12,50
G36622793	21031-77	ASOCIACIÓN DE VECINOS CRISTO DE LA VICTORIA	18,25
G36617082	21035-77	ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL ARTÍSTICO E RECREATIVO VALLADARES	44,00
G36649325	21037-77	ASOC DE VECINOS DE SAN PEDRO DE SÁRDOMA O CARBALLO	18,50
G36651073	21038-77	ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA DE CABRAL	37,00



**CONCELLO DE VIGO**

Expte. 1743/1102

**PROGRAMA II (ENTIDADES SOCIAIS E ASISTENCIAIS)**

CIF	Nº Expdte.	NOME ENTIDADE	TOTAL PUNTOS
G27796341	20958-77	ASOCIACION EDAM CENTER ASOCIACIÓN SOCIO CULTURAL RECREATIVA Y TURÍSTICA	17,50
G36861078	20959-77	FUNDACIÓN ERGUETE-INTEGRACIÓN	23,50
G27877703	20972-77	ASOC. CULTURAL ABELLA PRODUCCIÓNS	25,75
G36884708	20973-77	ASOCIACIÓN VIDA DIGNA	22,75
G27727593	20974-77	ASOC. ACCIÓN SOLIDARIA GALICIA (ASDEGAL)	25,00
G15849318	20980-77	FUNDACIÓN CIP	25,25
G36685964	20981-77	FUNDACIÓN MENELA	16,00
G27867076	20982-77	THE WILD	22,75
G36626174	20983-77	FUNDACIÓN CASA CARIDAD DE VIGO- COMEDOR DE LA ESPERANZA	27,25
G67116756	20985-77	FUNDACIÓN DE LA SANTA CRUZ FUNDACIÓN CANÓNICA	15,50
G24452435	20987-77	FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR	17,75
G36697324	20998-77	DOWN VIGO ASOC. PARA EL SÍNDROME DE DOWN	23,25
G82453606	20999-77	FUNDACIÓN ALDABA	26,75
G36639110	21003-77	ASOCIACIÓN BANDA DE MUSICA UNIÓN MUSICAL DE VALLADARES	27,25
G36873511	21006-77	ALENTA-ASOCIACIÓN DE DAÑO CEREBRAL DE VIGO	22,75
G36044295	21007-77	ASOC. DOA SAUDE MENTAL	20,25
G36605905	21008-77	ASOCIACIÓN A FAVOR DE LAS PERSONAS CON DISCAPACIDADE INTELLECTUAL ASPANAEX	16,75
G36816106	21012-77	ASOCIACIÓN VIGUESA DE ESCLEROSIS MULTIPLE DE PONTEVEDRA	12,25
G36624120	21015-77	APAMP ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL	38,25
G36817385	21017-77	ESCOLA TEMPO LIBRE XARUMA	27,75
G27746486	21020-77	ASOCIACIÓN XARUMA	25,00
R360336F	21021-77	HOGAR Y CLINICA SAN RAFAEL	17,50
G27745397	21023-77	FUNDACIÓN PARA LA PESCA Y EL MARISQUEO	22,75
G94084456	21026-77	ASOC. CULTURAL GALICIA FIDDLE	44,25
G36837433	21030-77	ASOCIACIÓN MULLERES PEDRA DA VELLA	34,75
G36962447	21032-77	ASOCIACIÓN PARKINSON DE VIGO	13,00
G27802818	21033-77	ASOCIACIÓN PARA LA PROMOCIÓN DE LA SALUD AMAINA	13,50
G36733046	21036-77	FUNDACIÓN TUTELAR SÁLVORA	15,75

**PROGRAMA III (ORGANIZACIÓNS SINDICAIS)**

Non é obxecto de avaliación, xa que non se reciben solicitudes de entidades inscritas no epígrafe 5.1 do Rexistro Municipal de Asociacións

**PROGRAMA IV (ENTIDADES EMPRESARIAIS)**

CIF	Nº Expdte.	NOME ENTIDADE	TOTAL PUNTOS
G27826999	20965-77	ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE GALICIA	22,75
G36661536	20978-77	ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DEL CALVARIO	16,50
G27807205	20992-77	ASOCIACIÓN COMERCIANTES Y HOSTELEROS ZONA NÁUTICO	24,25
G36627719	20994-77	ASETRANSPO	24,25
G02948974	21011-77	ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y HOSTELEROS VIGO CENTRO	20,50
G36664217	21013-77	ASOC. DE COMERCIANTES DE TEIS	21,25
G36732295	21016-77	ASOC DE COMERCIANTES DEL MERCADO DE TEIS DE VIGO	16,75
G42789131	21022-77	FEDERACIÓN COMERCIO E HOSTALERÍA VIGO COMERCIO	22,00
G36712701	21040-77	ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DEL MERCADO DE TRAVIESAS	16,75

**PROGRAMA V (COMUNIDADES DE MONTES)**

CIF	Nº Expdte.	NOME ENTIDADE	TOTAL PUNTOS
V36840726	21009-77	MANCOMUNIDADE DE VIGO	44,00

**PROGRAMA VI (ENTIDADES DEPORTIVAS)**

CIF	Nº Expdte.	NOME ENTIDADE	TOTAL PUNTOS
G36874832	20966-77	CLUB RÁPIDO PEREIRÓ	14,00
G36753911	20975-77	CLUB DEPORTIVO COIA	25,00
G27871375	20986-77	CLUB BALONMANO RECONQUISTA DE VIGO	20,00
G27722305	20990-77	CLUB DEPORTIVO FREESTYLE SLALOM VIGO	16,75
G36649283	20993-77	CLUB POLIDEPORTIVO ALERTANAVIA	27,25
G36713493	21002-77	CLUB DEPORTIVO XUVENIL TEIS	16,25
G36763084	21014-77	CLUB SAN ROQUE CASABLANCA	21,00
G36796258	21018-77	CLUBE CICLISTA VALLADARES	28,25
G36657450	21019-77	AGRUPACIÓN DEPORTIVA TAMIAR APAMP	24,00
G36737724	21034-77	CLUB SOCIEDAD DEPORTIVA CARBALLAL	12,25

No Anexo I a esta Acta se desagregan as puntuacións outorgadas por cada un dos criterios obxecto de valoración establecidos na Base 10ª.

**6. CRITERIOS PARA A DISTRIBUCIÓN ECONÓMICA DAS AXUDAS:**

O importe das axudas se determina proporcionalmente en función da puntuación obtida na fase de avaliación, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible:



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

1. Cada un dos programas se avalía de forma independente.
2. Para o cálculo do período de contratación entre a data de inicio e a data de fin dos contratos aplicase a formula establecida no anexo V (**data de inicio;data de fin;"d")/30**; o número de meses resulta de determinar o número de días existentes entre a data de inicio e a data de fin entre 30 días/mes.
3. En cada programa se suman tódolos puntos acadados polas entidades solicitantes. Se divide o crédito asignado ao programa entre o total dos puntos, obténdose, así, o valor económico do punto.
4. Se multiplica o valor económico do punto polos puntos obtidos na baremación por cada entidade.
5. Se a cantidade subvencionada inicial fose inferior á solicitada, se lle concede a axuda resultante da aplicación da avaliación. Polo contrario, se a cantidade inicialmente concedida fose superior á solicitada, se lle concede esta última, xa que, en ningún caso, se outorgan axudas por importe superior ao solicitado ou ao importe máximo da axuda para o Programa, tal e como ven establecido nas bases da convocatoria.
6. Se, como consecuencia do anterior, se obtén un exceso resultante de reducir á baixa o importe subvencionado, o dito excedente se redistribúe proporcionalmente entre as entidades que non superan os límites cuantitativos (é dicir, importe solicitado e importe máximo subvencionable con cargo ao Programa), en función da puntuación que tivesen acadado na fase de avaliación.
7. Se unha vez realizados os axustes se obtén un excedente, este se volve a redistribuír entre as entidades que non superan os límites indicados.
8. Se unha vez realizada a distribución do crédito total asignado a un programa, as entidades tivesen acadado o 100 % da axuda solicitada e resultase un excedente, este se distribuirá proporcionalmente entre as entidades doutros grupos ou programas que non superen os límites cuantitativos das axudas.
9. Se non se consumise o crédito asignado a un programa, debido á desestimación das solicitudes presentadas, tamén se distribuirá proporcionalmente entre as entidades doutros programas que non superen os límites cuantitativos das axudas.

A continuación se detallan as cantidades solicitadas e concedidas, segundo os criterios anteriormente descritos, así como a porcentaxe da axuda concedida.

### PROGRAMA I (ENTIDADES VECIÑAIS E CULTURAI)

Nº Expte.	CIF	NOME ENTIDADE	TOTAL SOLICITUDE	TOTAL RESOLUCIÓN	PORCENTAXE DA AXUDA CONCEDIDA	
1	20968-77	G36620854	SOCIEDAD CULTURAL E DEPORTIVA ATLÁNTIDA MATAMÁ	29.922,92 €	29.922,92 €	100,00%
2	20979-77	G36704666	FEDERACIÓN VIGUESA DE PENAS RECREATIVAS EL OLIVO	6.978,96 €	6.978,96 €	100,00%
3	20989-77	G36842284	ASOCIACIÓN VECINOS PLAZA DA MIÑOCA	7.771,73 €	7.771,73 €	100,00%
4	20991-77	G36654036	ASOC DE VECINOS DE SAN PEDRO DE MATAMÁ LA UNIÓN	16.114,40 €	16.114,40 €	100,00%
5	20995-77	G27771195	ASOCIACIÓN VECINAL NOVO VIGO	12.179,09 €	12.179,09 €	100,00%
6	21001-77	G36648988	ASOCIACIÓN VECINAL CULTURAL E DEPORTIVA SAN XURXO DE SAIÁNS	19.923,45 €	19.923,45 €	100,00%
7	21005-77	G36648293	ASOCIACIÓN VECINOS DEL CALVARIO	9.260,29 €	9.260,29 €	100,00%
8	21024-77	G36632081	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE BEADE AVCU-CSCR	13.733,33 €	13.733,33 €	100,00%
9	21025-77	G36614097	CÍRCULO CULTURAL MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO	30.781,83 €	30.781,83 €	100,00%
10	21028-77	G36633618	ASOCIACIÓN DE VECINOS DE LAVADORES	11.774,91 €	11.774,91 €	100,00%
11	21031-77	G36622793	ASOCIACIÓN DE VECINOS CRISTO DE LA VICTORIA	15.473,67 €	15.473,67 €	100,00%
12	21035-77	G36617082	ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL ARTÍSTICO E RECREATIVO VALLADARES	35.000,00 €	35.000,00 €	100,00%
13	21037-77	G36649325	ASOC DE VECINOS DE SAN PEDRO DE SÁRDOMA O CARBALLO	5.427,30 €	5.427,30 €	100,00%
14	21038-77	G36651073	ASOCIACIÓN VECINAL CULTURAL E DEPORTIVA DE CABRAL	13.319,30 €	13.319,30 €	100,00%

### PROGRAMA II (ENTIDADES SOCIAIS E ASISTENCIAIS)

Nº Expdte.	CIF	NOME ENTIDADE	TOTAL SOLICITUDE	TOTAL RESOLUCIÓN	PORCENTAXE DA AXUDA CONCEDIDA
1	20958-77	G27796341 ASOCIACION EDAM CENTER ASOCIACIÓN SOCIO CULTURAL RECREATIVA Y TURÍSTICA	7.340,14 €	7.340,14 €	100,00 %
2	20959-77	G36861078 FUNDACIÓN ERGUETE-INTEGRACIÓN	20.719,01 €	20.719,01 €	100,00 %
3	20972-77	G27877703 ASOC. CULTURAL ABELLA PRODUCCIONS	35.000,00 €	35.000,00 €	100,00 %
4	20973-77	G36884708 ASOCIACIÓN VIDA DIGNA	30.999,46 €	30.999,46 €	100,00 %
5	20974-77	G27727593 ASOC. ACCIÓN SOLIDARIA GALICIA (ASDEGAL)	6.480,36 €	6.480,36 €	100,00 %
6	20980-77	G15849318 FUNDACIÓN CIP	14.910,76 €	14.910,76 €	100,00 %
7	20981-77	G36685964 FUNDACIÓN MENELA	3.191,33 €	3.191,33 €	100,00 %
8	20982-77	G27867076 THE WILD	32.441,54 €	32.441,54 €	100,00 %
9	20983-77	G36626174 FUNDACIÓN CASA CARIDAD DE VIGO- COMEDOR DE LA ESPERANZA	35.000,00 €	35.000,00 €	100,00 %
10	20985-77	G67116756 FUNDACIÓN DE LA SANTA CRUZ FUNDACIÓN CANÓNICA	1.922,89 €	1.922,89 €	100,00 %
11	20987-77	G24452435 FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR	2.530,28 €	2.530,28 €	100,00 %
12	20998-77	G36697324 DOWN VIGO ASOC. PARA EL SÍNDROME DE DOWN	35.000,00 €	35.000,00 €	100,00 %
13	20999-77	G82453606 FUNDACIÓN ALDABA	22.952,10 €	22.952,10 €	100,00 %
14	21003-77	G36639110 ASOCIACIÓN BANDA DE MUSICA UNIÓN MUSICAL DE VALLADARES	27.802,86 €	27.802,86 €	100,00 %
15	21006-77	G36873511 ALENTA-ASOCIACIÓN DE DAÑO CEREBRAL DE VIGO	19.848,25 €	19.848,25 €	100,00 %
16	21007-77	G36044295 ASOC. DOA SAUDE MENTAL	6.051,93 €	6.051,93 €	100,00 %
17	21008-77	G36605905 ASOCIACIÓN A FAVOR DE LAS PERSONAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL ASPANAEX	23.210,13 €	23.210,13 €	100,00 %
18	21012-77	G36816106 ASOCIACIÓN VIGUESA DE ESCLEROSIS MULTIPLE DE PONTEVEDRA	2.792,55 €	2.792,55 €	100,00 %
19	21015-77	G36624120 APAMP ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL	34.523,79 €	34.523,79 €	100,00 %
20	21017-77	G36817385 ESCOLA TEMPO LIBRE XARUMA	15.720,80 €	15.720,80 €	100,00 %
21	21020-77	G27746486 ASOCIACIÓN XARUMA	6.674,37 €	6.674,37 €	100,00 %
22	21021-77	R360336F HOGAR Y CLINICA SAN RAFAEL	5.023,28 €	5.023,28 €	100,00 %
23	21023-77	G27745397 FUNDACIÓN PARA LA PESCA Y EL MARISQUEO	20.313,29 €	20.313,29 €	100,00 %
24	21026-77	G94084456 ASOC. CULTURAL GALICIA FIDDLE	28.138,24 €	28.138,24 €	100,00 %
25	21030-77	G36837433 ASOCIACIÓN MULLERES PEDRA DA VELLA	33.425,29 €	33.425,29 €	100,00 %
26	21032-77	G36962447 ASOCIACIÓN PARKINSON DE VIGO	18.759,73 €	18.759,73 €	100,00 %
27	21033-77	G27802818 ASOCIACIÓN PARA LA PROMOCIÓN DE LA SALUD AMAINA	2.231,02 €	2.231,02 €	100,00 %
28	21036-77	G36733046 FUNDACIÓN TUTELAR SÁLVORA	1.538,77 €	1.538,77 €	100,00 %

### PROGRAMA III (ORGANIZACIÓNS SINDICAIS)

Non é obxecto de avaliación, xa que non se reciben solicitudes de entidades inscritas no epígrafe 5.1 do Rexistro Municipal de Asociacións, polo que, o seu crédito orzamentario se distribúe proporcionalmente entre as entidades beneficiarias do Programas II e IV que non superan os límites cuantitativos das axudas, tal como e se describe no Anexo II a esta acta.

### PROGRAMA IV (ENTIDADES EMPRESARIAIS)

Nº Expdte.	CIF	NOME ENTIDADE	TOTAL SOLICITUDE	TOTAL RESOLUCIÓN	PORCENTAXE DA AXUDA CONCEDIDA
1	20965-77	G27826999 ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE GALICIA	20.828,11 €	20.828,11 €	100,00 %
2	20978-77	G36661536 ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DEL CALVARIO	9.467,65 €	9.467,65 €	100,00 %
3	20992-77	G27807205 ASOCIACIÓN COMERCIANTES Y HOSTELEROS ZONA NÁUTICO	34.946,24 €	34.946,24 €	100,00 %
4	20994-77	G36627719 ASETRANPO	35.000,00 €	35.000,00 €	100,00 %
5	21011-77	G02948974 ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y HOSTELEROS VIGO CENTRO	12.358,00 €	12.358,00 €	100,00 %
6	21013-77	G36664217 ASOC. DE COMERCIANTES DE TEIS	33.942,22 €	33.942,22 €	100,00 %
7	21016-77	G36732295 ASOC DE COMERCIANTES DEL MERCADO DE TEIS DE VIGO	12.977,61 €	12.977,61 €	100,00 %
8	21022-77	G42789131 FEDERACIÓN COMERCIO E HOSTALERÍA VIGO COMERCIO	26.480,87 €	26.480,87 €	100,00 %
9	21040-77	G36712701 ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DEL MERCADO DE TRAVIASAS	19.398,80 €	19.398,80 €	100,00 %



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

### PROGRAMA V (COMUNIDADES DE MONTES)

CIF	Nº Expdte.	NOME ENTIDADE	TOTAL SOLICITUDE	TOTAL RESOLUCIÓN	PORCENTAXE DA AXUDA CONCEDIDA
1 V36840726	21009-77	MANCOMUNIDADE DE VIGO	143.397,82 €	143.397,82 €	100,00%

### PROGRAMA VI (ENTIDADES DEPORTIVAS)

Nº Expdte.	CIF	NOME ENTIDADE	TOTAL SOLICITUDE	TOTAL RESOLUCIÓN	PORCENTAXE DA AXUDA CONCEDIDA	
1	20966-77	G36874832	CLUB RÁPIDO PEREIRÓ	20.105,08 €	20.105,08 €	100,00%
2	20975-77	G36753911	CLUB DEPORTIVO COIA	19.245,46 €	19.245,46 €	100,00%
3	20986-77	G27871375	CLUB BALONMANO RECONQUISTA DE VIGO	31.608,45 €	31.608,45 €	100,00%
4	20990-77	G27722305	CLUB DEPORTIVO FREESTYLE SLALOM VIGO	5.416,59 €	5.416,59 €	100,00%
5	20993-77	G36649283	CLUB POLIDEPORTIVO ALERTANAVIA	16.516,30 €	16.516,30 €	100,00%
6	21002-77	G36713493	CLUB DEPORTIVO XUVENIL TEIS	3.413,60 €	3.413,60 €	100,00%
7	21014-77	G36763084	CLUB SAN ROQUE CASABLANCA	14.036,30 €	14.036,30 €	100,00%
8	21018-77	G36796258	CLUBE CICLISTA VALLADARES	29.826,09 €	29.826,09 €	100,00%
9	21019-77	G36657450	AGRUPACIÓN DEPORTIVA TAMIAR APAMP	6.967,26 €	6.967,26 €	100,00%
10	21034-77	G36737724	CLUB SOCIEDAD DEPORTIVA CARBALLAL	15.503,15 €	15.503,15 €	100,00%

Unha vez avaliadas as solicitudes presentadas, conforme ao establecido na Base 12.6 da convocatoria, a Comisión de Valoración fai constar que, da información que obra no seu poder, despréndese que as entidades beneficiarias cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

Achéganse á presente acta, os documentos que se relacionan deseguido:

#### ANEXO I:

Se detallan as puntuacións obtidas polas entidades admitidas no procedemento, derivadas da aplicación dos criterios de valoración dos Proxectos establecidos na Base 10ª da convocatoria

#### ANEXO II:

Se detalla o reparto das axudas en función da puntuación acadada na fase de avaliación, e a distribución do crédito non liberado nalgún dos programas, conforme ao disposto na Base 12ª.14 da convocatoria

#### Anexo III:

Se detallan as porcentaxes dos importes finais xustificadas en relación aos importes concedidos da convocatoria 2023 para a avaliación do criterio do apartado b) do punto 1.1 relativo a Calidade das xustificacións do importe das axudas (Aos efectos de valoración terase en conta a xustificación realizada na convocatoria de “Fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro”, inmediatamente anterior á presente convocatoria)...”

## PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS DE FOMENTO DO EMPREGO NAS ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO, ANO 2024

Conforme a Base 12.6 da convocatoria, a Comisión de Valoración, unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, remitirá acta na que se concrete o resultado da avaliación, á vista do cal, o instrutor do procedemento formulará proposta de resolución definitiva á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento.

### ÓRGANO COMPETENTE

O artigo 7.4 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

A Resolución da Alcaldía do 19 de xuño de 2023 aprobando a "Delegación de competencias xenéricas en concelleiros de área de goberno e concelleiros delegados" dispón que, os Concelleiros/as Delegados/as da Área de goberno ostentarán, entre outras, a atribucións de impulso, execución, coordinación e tramitación dos expedientes relativos á contratación administrativa, axudas, subvencións e convenios relativos ao ámbito material da competencia delegada e no seu apartado K) a instrución dos procedementos de concesión de subvencións e reintegros así como a comprobación da xustificación da subvención. En data 28/06/2024 mediante Decreto de alcaldía modifícase a resolución de delegación de competencias da estrutura área de Goberno 2023-2027 de data 28/06/2023, onde se nomea como Quinta tenente de alcalde e área de goberno de emprego, patrimonio, participación cidadá, tecnoloxía e relación coas empresas.

De conformidade co art. 127.g) da Lei 57/03, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local "o desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal".

**Á vista do exposto anteriormente e, de conformidade coa base reguladora 12 apartado 6º da presente convocatoria, se formula a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO: DESESTIMAR**, conforme ao art. 21.4 da LSG, ás (3) tres solicitudes de subvención que se relacionan, por non cumprir coas condicións ou requisitos establecidos nas bases reguladoras para acadar a condición de beneficiarias e, en particular, polas causas indicadas

	NºExpte	CIF	Entidade	Motivo desestimación	Fundamento xurídico
1	21000-77	G36827079	CLUB NATACIÓN RÍAS BAIXAS.	Non atoparse inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións	BASE 2.2 e 11.2

2	20996-77	G27804970	CLUB PEÑASCO	No cumprir o establecido na base 3ª no referente ao proceso de selección necesidade de manter vixente a contratación sen interrupción máis alo do 31/07/2023"	BASE 3.2 e 11.2
---	----------	-----------	--------------	---	-----------------



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

3	21041-77	36013656A	JUAN RAMON PEREZ PEREZ- ASOCIACIÓN BULIMIA Y ANOREXIA DE PONTEVEDRA	NON EMENDAR A DOCUMENTACIÓN CONFORME AO REQUIRIMENTO FORMULADO EN RELACIÓN AO ANEXO V.	BASE 2.8, 9 e 11.2
---	----------	-----------	---	--	--------------------

**SEGUNDO: ACEPTAR** o desistimento da solicitudes de subvención, e declarar concluídos os procedementos correspondentes iniciados que se relacionan de seguido, a teor do disposto nos artigos 84 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común:

	NºExpte	Nº Doc.	CIF	Entidade	Data Rex.
1	21004-77	240196212	G36925691	ASOC GALLEGA CONTRA LAS ENFERMEDADES NEUROMUSCULARES ASEM GALICIA	20/06/24

**TERCEIRO: CONCEDER**, de conformidade co art. 21.4 da LSG, ás entidades que, de seguido, se relacionan, con cargo á partida presupostaria 2410 4800000 “Programa de axudas ao plan de emprego municipal” do vixente exercicio presupostario, por importe de **1.233.638,95 €** (un millón douscentos trinta mil oitocentos oitenta e un con cincuenta e dous euros):

### PROGRAMA I (ENTIDADES VECIÑAIS E CULTURAI)

Nº Expte.	CIF	NOME ENTIDADE	TOTAL SOLICITUDE	TOTAL RESOLUCIÓN	PORCENTAXE DA AXUDA CONCEDIDA	
1	20968-77	G36620854	SOCIEDAD CULTURAL E DEPORTIVA ATLÁNTIDA MATAMÁ	29.922,92 €	29.922,92 €	100,00%
2	20979-77	G36704666	FEDERACIÓN VIGUESA DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO	6.978,96 €	6.978,96 €	100,00%
3	20989-77	G36842284	ASOCIACIÓN VECIÑOS PLAZA DA MIÑOCA	7.771,73 €	7.771,73 €	100,00%
4	20991-77	G36654036	ASOC DE VECINOS DE SAN PEDRO DE MATAMÁ LA UNIÓN	16.114,40 €	16.114,40 €	100,00%
5	20995-77	G27771195	ASOCIACIÓN VECIÑAL NOVO VIGO	12.179,09 €	12.179,09 €	100,00%
6	21001-77	G36648988	ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA SAN XURXO DE SAIÁNS	19.923,45 €	19.923,45 €	100,00%
7	21005-77	G36648293	ASOCIACIÓN VECINOS DEL CALVARIO	9.260,29 €	9.260,29 €	100,00%
8	21024-77	G36632081	ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE BEADE AVCU-CSCR	13.733,33 €	13.733,33 €	100,00%
9	21025-77	G36614097	CÍRCULO CULTURAL MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO	30.781,83 €	30.781,83 €	100,00%
10	21028-77	G36633618	ASOCIACIÓN DE VECINOS DE LAVADORES	11.774,91 €	11.774,91 €	100,00%
11	21031-77	G36622793	ASOCIACIÓN DE VECINOS CRISTO DE LA VICTORIA	15.473,67 €	15.473,67 €	100,00%
12	21035-77	G36617082	ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL ARTÍSTICO E RECREATIVO VALLADARES	35.000,00 €	35.000,00 €	100,00%
13	21037-77	G36649325	ASOC DE VECINOS DE SAN PEDRO DE SÁRDOMA O CARBALLO	5.427,30 €	5.427,30 €	100,00%
14	21038-77	G36651073	ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA DE CABRAL	13.319,30 €	13.319,30 €	100,00%

## PROGRAMA II (ENTIDADES SOCIAIS E ASISTENCIAIS)

Nº Expdte.	CIF	NOME ENTIDADE	TOTAL SOLICITUDE	TOTAL RESOLUCIÓN	PORCENTAXE DA AXUDA CONCEDIDA	
1	20958-77	G27796341	ASOCIACION EDAM CENTER ASOCIACION SOCIO CULTURAL RECREATIVA Y TURISTICA	7.340,14 €	7.340,14 €	100,00 %
2	20959-77	G36861078	FUNDACIÓN ERGUETE-INTEGRACIÓN	20.719,01 €	20.719,01 €	100,00 %
3	20972-77	G27877703	ASOC. CULTURAL ABELLA PRODUCCIÓN	35.000,00 €	35.000,00 €	100,00 %
4	20973-77	G36884708	ASOCIACIÓN VIDA DIGNA	30.999,46 €	30.999,46 €	100,00 %
5	20974-77	G27727593	ASOC. ACCIÓN SOLIDARIA GALICIA (ASDEGAL)	6.480,36 €	6.480,36 €	100,00 %
6	20980-77	G15849318	FUNDACIÓN CIP	14.910,76 €	14.910,76 €	100,00 %
7	20981-77	G36685964	FUNDACIÓN MENELA	3.191,33 €	3.191,33 €	100,00 %
8	20982-77	G27867076	THE WILD	32.441,54 €	32.441,54 €	100,00 %
9	20983-77	G36626174	FUNDACIÓN CASA CARIDAD DE VIGO- COMEDOR DE LA ESPERANZA	35.000,00 €	35.000,00 €	100,00 %
10	20985-77	G67116756	FUNDACIÓN DE LA SANTA CRUZ FUNDACIÓN CANÓNICA	1.922,89 €	1.922,89 €	100,00 %
11	20987-77	G24452435	FUNDACIÓN JUAN SOÑADOR	2.530,28 €	2.530,28 €	100,00 %
12	20998-77	G36697324	DOWN VIGO ASOC. PARA EL SÍNDROME DE DOWN	35.000,00 €	35.000,00 €	100,00 %
13	20999-77	G82453606	FUNDACIÓN ALDABA	22.952,10 €	22.952,10 €	100,00 %
14	21003-77	G36639110	ASOCIACIÓN BANDA DE MUSICA UNIÓN MUSICAL DE VALLADARES	27.802,86 €	27.802,86 €	100,00 %
15	21006-77	G36873511	ALENTO-ASOCIACIÓN DE DAÑO CEREBRAL DE VIGO	19.848,25 €	19.848,25 €	100,00 %
16	21007-77	G36044295	ASOC. DOA SAUDE MENTAL	6.051,93 €	6.051,93 €	100,00 %
17	21008-77	G36605905	ASOCIACIÓN A FAVOR DE LAS PERSONAS CON DISCAPACIDADE INTELCTUAL ASPANAEX	23.210,13 €	23.210,13 €	100,00 %
18	21012-77	G36816106	ASOCIACIÓN VIGUESA DE ESCLEROSIS MULTIPLE DE PONTEVEDRA	2.792,55 €	2.792,55 €	100,00 %
19	21015-77	G36624120	APAMP ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE PERSOAS CON PARALISE CEREBRAL	34.523,79 €	34.523,79 €	100,00 %
20	21017-77	G36817385	ESCOLA TEMPO LIBRE XARUMA	15.720,80 €	15.720,80 €	100,00 %
21	21020-77	G27746486	ASOCIACIÓN XARUMA	6.674,37 €	6.674,37 €	100,00 %
22	21021-77	R360336F	HOGAR Y CLINICA SAN RAFAEL	5.023,28 €	5.023,28 €	100,00 %
23	21023-77	G27745397	FUNDACIÓN PARA LA PESCA Y EL MARISQUEO	20.313,29 €	20.313,29 €	100,00 %
24	21026-77	G94084456	ASOC. CULTURAL GALICIA FIDDLE	28.138,24 €	28.138,24 €	100,00 %
25	21030-77	G36837433	ASOCIACIÓN MULLERES PEDRA DA VELLA	33.425,29 €	33.425,29 €	100,00 %
26	21032-77	G36962447	ASOCIACIÓN PARKINSON DE VIGO	18.759,73 €	18.759,73 €	100,00 %
27	21033-77	G27802818	ASOCIACIÓN PARA LA PROMOCIÓN DE LA SALUD AMAINA	2.231,02 €	2.231,02 €	100,00 %
28	21036-77	G36733046	FUNDACIÓN TUTELAR SÁLVORA	1.538,77 €	1.538,77 €	100,00 %

## PROGRAMA IV (ENTIDADES EMPRESARIAIS)

Nº Expdte.	CIF	NOME ENTIDADE	TOTAL SOLICITUDE	TOTAL RESOLUCIÓN	PORCENTAXE DA AXUDA CONCEDIDA	
1	20965-77	G27826999	ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE GALICIA	20.828,11 €	20.828,11 €	100,00 %
2	20978-77	G36661536	ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES DEL CALVARIO	9.467,65 €	9.467,65 €	100,00 %
3	20992-77	G27807205	ASOCIACIÓN COMERCIANTES Y HOSTELEROS ZONA NÁUTICO	34.946,24 €	34.946,24 €	100,00 %
4	20994-77	G36627719	ASETRANPO	35.000,00 €	35.000,00 €	100,00 %
5	21011-77	G02948974	ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES Y HOSTELEROS VIGO CENTRO	12.358,00 €	12.358,00 €	100,00 %
6	21013-77	G36664217	ASOC. DE COMERCIANTES DE TEIS	33.942,22 €	33.942,22 €	100,00 %
7	21016-77	G36732295	ASOC. DE COMERCIANTES DEL MERCADO DE TEIS DE VIGO	12.977,61 €	12.977,61 €	100,00 %
8	21022-77	G42789131	FEDERACIÓN COMERCIO E HOSTALERÍA VIGO COMERCIO	26.480,87 €	26.480,87 €	100,00 %
9	21040-77	G36712701	ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DEL MERCADO DE TRAVIESAS	19.398,80 €	19.398,80 €	100,00 %

## PROGRAMA V (COMUNIDADES DE MONTES)

CIF	Nº Expdte.	NOME ENTIDADE	TOTAL SOLICITUDE	TOTAL RESOLUCIÓN	PORCENTAXE DA AXUDA CONCEDIDA
V36840726	21009-77	MANCOMUNIDADE DE VIGO	143.397,82 €	143.397,82 €	100,00 %





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

### PROGRAMA VI (ENTIDADES DEPORTIVAS)

	Nº Expdte.	CIF	NOME ENTIDADE	TOTAL SOLICITUDE	TOTAL RESOLUCIÓN	PORCENTAXE DA AXUDA CONCEDIDA
1	20966-77	G36874832	CLUB RÁPIDO PEREIRÓ	20.105,08 €	20.105,08 €	100,00%
2	20975-77	G36753911	CLUB DEPORTIVO COIA	19.245,46 €	19.245,46 €	100,00%
3	20986-77	G27871375	CLUB BALONMANO RECONQUISTA DE VIGO	31.608,45 €	31.608,45 €	100,00%
4	20990-77	G27722305	CLUB DEPORTIVO FREESTYLE SLALOM VIGO	5.416,59 €	5.416,59 €	100,00%
5	20993-77	G36649283	CLUB POLIDEPORTIVO ALERTANAVIA	16.516,30 €	16.516,30 €	100,00%
6	21002-77	G36713493	CLUB DEPORTIVO XUVENIL TEIS	3.413,60 €	3.413,60 €	100,00%
7	21014-77	G36763084	CLUB SAN ROQUE CASABLANCA	14.036,30 €	14.036,30 €	100,00%
8	21018-77	G36796258	CLUBE CICLISTA VALLADARES	29.826,09 €	29.826,09 €	100,00%
9	21019-77	G36657450	AGRUPACIÓN DEPORTIVA TAMIAR APAMP	6.967,26 €	6.967,26 €	100,00%
10	21034-77	G36737724	CLUB SOCIEDAD DEPORTIVA CARBALLAL	15.503,15 €	15.503,15 €	100,00%

**CUARTO: AMPLIAR** o prazo de xustificación das subvencións outorgadas, regulado na cláusula décimo cuarta das bases, ata o día **11 de outubro de 2024**.

**QUINTO: PUBLICAR** na Base Nacional de Datos de Subvencións, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e programa subvencionado, aos efectos do disposto no art. 20 LXS e 35 do RLXS, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

**SEXTO: NOTIFICAR** o presente acordo aos/as interesados/as, nos termos establecidos nos art. 24 da LSG e art. 40 e 41 da Lei 39/2015 do PAC, con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 do PAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(746).- PROPOSTA DE ABOAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA SUSPENSIÓN DA ACTUACIÓN ARTÍSTICA DA CORAL CASABLANCA. EXPTE. 10236/335.**

Visto o informe de fiscalización do 16/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 19/08/2024, asinado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

## **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento negociado sen publicidade do espectáculo do artista “Coral Casablanca” (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento negociado sen publicidade do espectáculo do artista “Coral Casablanca” (PPT)

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Na sesión do 5 de xullo de 2024 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente de contratación, autorizar o gasto e a apertura do procedemento de licitación para a contratación do espectáculo do artista “CORAL CASABLANCA” (expediente nº 10156-335).

**Segundo.-** A Xunta de Goberno local (no sucesivo, XGL), na sesión que tivo lugar o 12 de xullo de 2024, adoptou o seguinte acordo:

*“Adxudicar a ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do espectáculo do artista “Coral Casablanca” (10156-335) por un prezo total de 44.165,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.665,00 euros.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

**Terceiro.-** O contrato formalizouse o día 15 de xullo de 2024.

**Cuarto.-** O contrato ten por obxecto a actuación actuación do artista CORAL CASABLANCA que terá lugar no Auditorio ao aire libre de Castrelos de Vigo o día 20 de xullo de 2024. (cláusula 3 do PCAP).



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

**Quinto.-** O responsable do contrato é a mercantil SACAFERRO, S.L., empresa que resultou adxudicataria do contrato do servizo de asesoramento e responsable dos contratos relacionados coa organización dos eventos do servizo de festas (expediente nº 10155-335) por acordo da XGL de 14 de xuño de 2024.

**Sexto.-** En data 20 de xullo de 2004, día previsto para actuación artística, levantouse un acta de suspensión do contrato asinada polo representante da Administración e o do contratista por mor da existencia de inclemencias meteorolóxicas que impedían o desenvolvemento do concerto sen perigo para a integridade tanto dos asistentes como dos artistas.

**Sétimo.-** En data 6 de agosto de 2024 ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L., presenta factura por un importe de 21.780,00 euros (IVE incluído), correspondente aos gastos da produción montada o día do concerto suspendido.

**Oitavo.-** Con data 12 de agosto de 2024, o responsable do contrato, presenta informe no Rexistro Xeral deste Concello acreditando a veracidade dos gastos reclamados.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

### Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

-II-

### Da suspensión do contrato

A suspensión dun contrato administrativo é un mecanismo previsto na lei para o suposto da existencia de imprevistos ou de circunstancias que impiden a normal execución do mesmo. A vixente lei de contratos a recolle no artigo 190 entre as prerrogativas da administración no seno do contrato.

Afecta ó prazo de execución do contrato, que se interrompe mentres existan impedimentos que obstaculicen o seu cumprimento. Como contrapartida o

contratista terá dereito a indemnización dos danos e prexuízos efectivamente sufridos durante o período de suspensión, sempre e cando os acredite.

A suspensión dos contratos está regulada no artigo 208 da LCSP.

A regulación se caracteriza polas seguintes notas:

- Se prevé a suspensión, ou ben a instancia da Administración, ou ben do contratista para o caso en que esta incorra en mora no pago do prezo.
- Se esixe o levantamento dun acta na que se consignen as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución do contrato.
- Imponse á Administración a obriga de indemnizar ó contratista os danos e prexuízos que a suspensión lle ocasione, previa solicitude e acreditación fehaciente da súa realidade, efectividade e contía polo contratista.
- O dereito a reclamar prescribe nun ano contado dende que o contratista reciba a orde de reanudar a execución do contrato.

A LCSP no artigo 208 fixa regras para o aboamento dos danos e prexuízos, aplicables se o prego que rexe o contrato non fixa outras. No entanto estas regras non resultan aplicables ao contrato que nos ocupa por canto é un contrato de tracto único, non de tracto sucesivo polo que non son aplicables as normas relativas a custes salariais, de garantías, alugueiros ou seguros.

No caso que nos ocupa, levantouse un acta de suspensión o día previsto para actuación artística, asinada polo representante da Administración e o do contratista, que dí o seguinte:

*“Sendo as 20.30 do día 20 de xullo de 2024, reunidos no Auditorio de Castrelos Dna. Beatriz Barbará Rodríguez, xefa da área de Contratación e Novos Proxectos e D. José Carlos Giménez Campos, Director de desenvolvemento de Negocio de Esmerarte, empresa adxudicataria do procedemento negociado sen publicidade para a contratación do espectáculo do artista “Coral Casablanca” segundo o acordo da Xunta de Goberno Local de data 12 de xullo de 2024, acordan o seguinte. O Sr. Giménez actúa en calidade de responsable do contratista.*

*Estando prevista a actuación do artista “Coral Casablanca” para as 22.30 horas do día de hoxe e tendo en conta que nestes intreos está chovendo e as instalacións atópanse molladas así como as cadeiras instaladas para o público, e a estas horas non parece previsible que deixe de chover e se sequen as instalacións para que poda desenvolverse con normalidade a actuación e o público poida acceder o recinto sen riscos. Efectivamente o pavimento do auditorio está esvaradío, e existe o risco de o público escorreguen. Así mesmo a caixa escénica atopase mollada o que conleva un risco de descargas eléctricas para os músicos e coralistas, o que fai inviable a actuación. En consecuencia, acordan de mutuo acordo a suspensión do contrato.*

*A cláusula 36 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe este procedemento regula a suspensión do contrato nos seguintes termos:*

**"CLÁUSULA 36.- SUSPENSIÓN DA ACTUACIÓN**

**1.- A actuación poderá suspenderse cando concorra calquera causa grave ou de forza maior allea ao contratista e debidamente xustificada, que a faga imposible,**



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

*entendéndose por tales, entre outras, perigo inminente para a Vida ou a integridade das persoas ou inclemencias meteorolóxicas.*

*2.- A decisión sobre a suspensión da actuación será tomada conxuntamente entre os representantes do Contratista e do Concello, e deberá recollerse nun acta de conformidade firmada por ambas partes.*

*3.- En caso de suspensión, fixarase unha data alternativa para a súa execución, de non ser posible dita data alternativa, procederase a resolución do contrato”.*

*En aplicación desta cláusula é posible acordar a suspensión de mutuo acordo por inclemencias meteorolóxicas que supoñan un perigo inminente para a vida ou a integridade das persoas (cláusula 36.1 PCAP) e resulta preciso determinar unha data alternativa para a execución do contrato. Ambas partes acordan celebrar a actuación o vindeiro día 27 de xullo as 22.00 horas.*

*O sr. Giménez pon de manifesto que a suspensión acarrega gastos para o contratista por canto a produción xa estaba instalada e manifesta que solicitarán o reembolso dos mesmos”.*

Tal e como se desprende da mesma, a suspensión prodúcese de mutuo acordo por inclemencias meteorolóxicas que supoñan un perigo inminente para a vida ou a integridade das persoas (cláusula 36.1 PCAP) e tal e como determina esta cláusula fixouse unha data alternativa para a celebración do contrato.

Presentada factura polo contratista reclamando os gastos da produción realizados o día previsto para a actuación artística suspendida, solicitouse informe ao responsable do contrato, que en informe de data 12 de agosto de 2024 indica o seguinte:

*“Conforme factura No 354, de data 06 de agosto de 2024, presentada pola empresa ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L., co CIF B27786045 por un importe de 21.780,00 co IVE incluído. Fago constar de que o concerto tivo que suspenderse as 20:30 horas por climatoloxía adversa, tendo a esa hora cumpridos os Pregos de Prescricións Técnicas, equipos de son e iluminación montados e a proba de son finalizada, estando tanto a parte técnica como artística preparados para realizar a actuación. Tendo realizando de conformidade o resto dos traballos establecidos nos pregos administrativos e Prego de prescricións técnicas particulares do contrato de CONTRATACIÓN PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE “CORAL CASABLANCA” DENTRO DO “PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2024”.*

Deste informe despréndese que a produción estaba xa realizada de conformidade co esixido nos pregos que rexen este contrato. O importe reclamado coincide co relativo á produción da proposta artística presentada polo contratista.

En consecuencia, acreditados os gastos reclamados e comprobada a súa correspondencia coa proposta presentada polo contratista, procede o seu aboamento.

### **-III- Recursos**

Contra este acordo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

Alternativamente, con carácter previo ao recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición.

De conformidade co artigo 123.2 da LCSP, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo en tanto non sexa resolto expresamente ou se teña producido a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

#### **-IV-**

#### **Competencia**

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previa fiscalización da Intervención Xeral (apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

#### **-V-**

#### **Proposta de acordo**

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

*“Aboar a **ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.**, contratista do servizo de actuación artística do artista “Coral Casablanca”(expediente 10156-335), por acordo da Xunta de Goberno Local de 12 de xullo de 2024, a factura por importe de 21.780 euros presentada no Rexistro Xeral deste Concello o día 6 de agosto de 2024, consonte ao previsto no artigo 208 da LCSP e 36 do PCAP, polas razóns expostas no fundamento xurídico II deste informe”.*

#### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(747).- PROXECTO DE CONVENIO COA “ASOCIACIÓN DE JÓVENES EMPRESARIOS DE VIGO Y MANCOMUNIDAD ” PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE ALUGUER DO SEU LOCAL SOCIAL NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE 2024. EXPTE. 11704/320.**

Visto o informe de fiscalización do 12/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 07/08/2024, asinado pola técnica de administración



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

xeral e conformado polo concelleiro-delegado de Participación Cidadá, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### ANTECEDENTES

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 21/02/2024, Don Iván Suárez Fernández (DNI: 5317\*\*\*\*), en calidade de presidente da "Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad" (CIF: G36801876), achegou escritos documentos nº 240066173 e nº 240066174, que xunto coas achegas posteriores de data 13/06/2024 doc nº 240175617, solicita a celebración dun convenio co Concello de Vigo, para darlle continuidade a oferta de actividades programadas pola entidade para o 2024, entre os meses de outubro de 2023 a setembro 2024, mediante unha axuda económica no financiamento dos gastos de aluguer do local social.

II. Segundo a documentación presentada, será o presidente, Don Iván Suárez Fernández, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. "Asociación Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad", seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
  - Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 31/05/2024.
  - Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 30/05/2024.
  - Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 31/05/2024.
  - Certificado do Concello de Vigo, de data 03/06/2024.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude convenio (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).

7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

<b>ORZAMENTO DE GASTO DA ENTIDADE (outubro 2023 a setembro 2024)</b>	
Aluguer local	3.600,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>3.600,00 €</b>

<b>INGRESOS DA ENTIDADE (outubro 2023 a setembro 2024)</b>	
Subvención Concello	3.600,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>3.600,00 €</b>

8. Contrato de aluguer.

9. Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.

10. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

- a) Fundamentación, obxectivos e metas
- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a "Asociación Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad", figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 1216/14, segundo resolución da Alcaldía de data 16/05/2014.

V. O vixente exercicio orzamentario (2024) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 27/12/2023, inclúe expresamente a partida 9240 4800003 "Convenio Asociación Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad", cunha dotación de 3.600,00 €.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

VI. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 03/06/2024 do adxunto ao tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VII. A técnica de Administración Xeral do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

#### **I. OBXECTO**

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á ASOCIACIÓN DE XÓVENES EMPRESARIOS DE VIGO Y MANCOMUNIDAD (G36801876), que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar os gastos de aluguer do local social, necesarios para levar a cabo a organización e desenvolvemento das actividades programadas pola asociación dende outubro de 2023 ata setembro de 2024.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa “Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad”.

Segundo recolle o art. 10 dos Estatutos da “Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad”, asume, entre os seus fins e tarefas, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- Promover vocacións empresariais.
- Representar, xestionar e defender os intereses profesionais dos seus membros.
- Estudar, apoiar e desenvolver proxectos concretos presentados polos seus socios.
- Servir de órgano de unión e coordinación entre os seus membros, fomentando o espírito de solidariedade entre os mesmos.
- Atender as necesidades de información, formación, asesoramento, investigación e perfeccionamento dos seus membros, estudando e divulgando cantos temas poidan afectar a este colectivo social e a os seus afiliados.
- Actuar en apoio a defensa da empresa galega, con independencia da Administración Pública e calquera grupo de presión ou partido político.
- Fomentar e apoiar o sistema de libre iniciativa e a economía de mercado.
- Cooperar coas diferentes organizacións sociais en orden a conseguir un crecemento estable e un adecuado nivel de calidade de vida dentro do entorno de paz social necesaria.
- Promover a creación de emprego.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

## **II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES**

Dunha parte, asinará o presente convenio a Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas (Resolución da Alcaldía de data 28/06/2024).

Doutra parte, asinará o convenio Don Iván Suárez Fernández, con DNI 5317\*\*\*\*, en calidade de Presidente da “Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad” (CIF: G36801876), con domicilio social na Rúa Marqués de Valladares 21 oficina 5-6, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 11704/320.

## **III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, de acordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímense conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coas demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

### **IV. PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN DIRECTA**

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2024), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de outubro de 2023 e o 30 de setembro de 2024, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

### **V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

O vixente exercicio orzamentario (2024) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 27/12/2023, inclúe expresamente a partida 9240 4800003 “*Convenio Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*”, cunha dotación orzamentaria de 3.600,00 €.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á “*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*” son gastos de aluguer e mantemento do local social.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

## **VI. ANTICIPO**

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

### **VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA**

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2024), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/10/23 e o 30/09/24, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2024**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicitase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

### **VIII. PUBLICIDADE**

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e

deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no orzamento.

## **IX. ÓRGANO COMPETENTE**

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e as resolucións de delegacións de competencias do Alcalde de data 28/06/2024, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta da Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

## **X. RÉXIME DE RECURSOS**

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fose expreso ou, se non o fose, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas por Resolución de Alcaldía de data 28/06/2024 apartado Primeiro d), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

### ACORDO

**PRIMEIRO.- AUTORIZAR e DISPOR** o gasto por importe de 3.600,00 € (tres mil seiscientos euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240.4800003 denominada “*Convenio Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*”, incluída no vixente orzamento municipal de 2024.

**SEGUNDO. - APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a “Asociación de de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad” (CIF: G36801876), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade a realizar entre os meses de outubro de 2023 e setembro de 2024, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de aluguer necesario para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 3.600,00 € (tres mil seiscientos euros).

**TERCEIRO.-** Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para dital e notificar a resolución.

### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE JÓVENES EMPRESARIOS DE VIGO Y MANCOMUNIDAD” PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE ALUGUER DO SEU LOCAL SOCIAL NECESARIO PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE

## **REUNIDOS**

Dunha parte, Dona Ana María Mejías Sacaluga na súa calidade de concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Iván Suárez Fernández, con DNI 5317\*\*\*\*\*, en calidade de Presidente da “Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad” (CIF: G36801876), con domicilio social Rúa Marqués de Valladares 21 oficina 5-6, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta dos datos incorporados ao expte. 11704/320.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

## **MANIFESTAN**

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, fundacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, sociais, culturais, artísticas educativas, sanitarias, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos

intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

serie de accións de carácter sociocomunitario e socioeducativas que redundan en beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, recoñécelle á cidadanía o dereito constitucional a fundar asociacións destinadas a apoiar e promover empresas, apoiar o espírito emprendedor e as súas iniciativas, atendendo as súas consultas e canalizar as súas inquietudes mediante asesoramento e información para constituír unha empresa, orientación, oferta..., en definitiva, representar e defender os intereses dos empresarios de Vigo e Mancomunidade.

III.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento de emprego, integración e orientación laboral e de defensa do dereito fundamental ao traballo, no marco do Estado social e Democrático de Dereito, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a organización de actividades e servizos, informativos e formativos ou de integración, así como, a promoción e organización de accións encamiñadas á representación e defensa dos dereitos dos mozos e mozas emprendedores e empresarios vigueses.

IV.- Que a entidade “*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*”, de conformidade co art. 10 dos Estatutos, asume, entre os seus fins e tarefas, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- Promover vocacións empresariais.
- Representar, xestionar e defender os intereses profesionais dos seus membros.
- Estudar, apoiar e desenrolar proxectos concretos presentados polos seus socios.
- Servir de órgano de unión e coordinación entre os seus membros, fomentando o espírito de solidariedade entre os mesmos.
- Atender as necesidades de información, formación, asesoramento, investigación e perfeccionamento dos seus membros, estudando e divulgando cantos temas poidan afectar a este colectivo social e a os seus afiliados.
- Actuar en apoio a defensa da empresa galega, con independencia da Administración Pública e calquera grupo de presión o partido político.
- Fomentar e apoiar o sistema de libre iniciativa e a economía de mercado.
- Cooperar coas diferentes organizacións sociais en orden a conseguir un crecemento estable e un adecuado nivel de calidade de vida dentro do entorno de paz social necesaria.
- Promover a creación de emprego.

V.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97, a “*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*” atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 1216/14 no epígrafe 5.2.

VI.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a entidade “*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*” leve a cabo os proxectos e actividades planificadas para o 2024, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social,

axudando economicamente ao financiamento dos gastos aluguer do seu local social, necesarios para o seu desenvolvemento.

VII.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nominativa nº 9240.4800003, denominada “*Convenio Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*” nominativa a favor da entidade, cunha asignación orzamentaria de 3.600,00 €.

VIII.- As actividades programadas pola “*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*” para o 2024, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos gastos de aluguer do seu local social, situado na Rúa Marqués de Valladares número 21, oficina 5-6, o son, con carácter xeral, segundo proxecto incorporado ao expediente:

1. Vitaminas formativas
2. Aula de emprendedores
3. Almorzos de Ideas

IX.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o financiamento dos gastos de aluguer do seu local social, situado na Rúa Marqués de Valladares número 21, oficina 5-6, entre os meses de outubro 2023 a setembro de 2024, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade, cuxa contía, segundo orzamento de gastos achegado, é:

<b>ORZAMENTO DE GASTO DA ENTIDADE (outubro 2023 a setembro 2024)</b>	
Aluguer local	3.600,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>3.600,00 €</b>

X.- Que a entidade “*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*” non incorra en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

XI.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, educativo, ... que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade “*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*”, o Concello de Vigo e a beneficiaria conveñen a súa colaboración, no ámbito de apoiar e promover empresas, apoiar o espírito emprendedor e as súas iniciativas, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

## **PACTOS**



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

**Primeiro.**- A entidade “*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*” comprométese a colaborar coa concellería de Participación Cidadá do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa final xunto a correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio, así como, o balance económico anual.
6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.
7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.
8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
9. Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

**Segundo.**- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade “*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*” unha subvención por importe de 3.600 € (tres mil seiscientos euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4800003, denominada “*Convenio Asociación Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*”, do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar co financiamento dos gastos aluguer do seu local social entre os meses de outubro de 2023 a setembro de 2024, situado na Rúa Marqués de Valladares número 21, oficina 5-6, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade, en definitiva, para o fomento das mesmas.

2. Respetar a estrutura organizativa da “Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad”.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

**Terceiro.**- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Cuarto.**- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.**- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

**Sexto.-** A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos

políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando alomenos o 40% do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

**Sétimo.-** A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade e locais onde se desenvolvan as actividades, un cartel publicitario anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación entre o 01/10/2023 ata o 30/09/2024.

**Oitavo.-** O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola “Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad” mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2024**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través de sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/as solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electrónicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención asinada electrónicamente.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas asinada electrónicamente xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso e horas de formación.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
  8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.

c) Unha memoria económica asinada electrónicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación, no seu caso, do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "X" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificarse **con copias de facturas dixitalizadas asinadas electrónicamente**, podendo substituírse pola presentación dunha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais, asinadas electrónicamente**, que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. **Para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario). Deberá terse en conta que non se subvencionarán os pagos realizados con cargo a contas nas que o titular non sexa a entidade beneficiaria.** Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista da subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado e o recibo de pagamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable asinada electrónicamente do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan se aplicaron á actividade ou proxecto subvencionado.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executada na súa totalidade.

h) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Participación Cidadá, de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

**Noveno.**- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES68 2080 5000 6230 4033 4096 (ABANCA).

**Décimo.**- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social.

**Décimo primeiro.**- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 1/10/2023 e o 30/09/2024.

**Décimo segundo.**- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Participación Cidadá. A xefatura do servizo de Participación Cidadá ou a persoa que a substitúa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.**- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

**Décimo cuarto.**- Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo quinto.**- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

**Décimo sexto.**- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa

vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)

**Décimo sétimo.**- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**Décimo oitavo.**- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

**Décimo noveno.**- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2024).

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura electrónica,

**7(748).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO PARA COADXUVAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA CONTRATACIÓN DUN INTÉRPRETE DE LINGUA DE SIGNOS . EXPTE. 11705/320.**

Visto o informe de fiscalización do 10/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 23/07/2024, asinado pola técnica de administración xeral e conformado polo concelleiro-delegado de Participación Cidadá, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 21/02/2024, Dona María Leonor Ruíz Bello (DNI: \*\*\*2441\*\*), en calidade de presidenta da "Asociación de Personas Sordas de Vigo", con CIF: G-36622835, achegou o escrito doc.: 240065737, que xunto coas achegas posteriores de data 06/05/2024 doc. 240135495, e de data 07/06/2024 doc 240171334 e 240171385, solicita a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para contribuír aos gastos de financiamento dos gastos derivados da contratación



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

dun intérprete de lingua de signos durante o período comprendido entre o mes de maio e setembro de 2024.

II. Segundo a documentación presentada, será a presidenta, Dona María Leonor Ruíz Bello, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. A “Asociación de Personas Sordas de Vigo”, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
  - Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 19/06/2024.
  - Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 18/06/2024.
  - Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 19/06/2024.
  - Certificado do Concello de Vigo, de data 10/06/2024.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

- 1.Solicitud convenio (anexo I).
- 2.Datos do representante legal (anexo II).
- 3.Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
- 4.Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
- 5.Consulta de verificación de datos (anexo V).
- 6.Datos da entidade bancaria (anexo VI).
- 7.Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

<b>CUSTE SALARIAL 2024 INTÉRPRETE LINGUA DE SIGNOS XORNADA A TEMPO PARCIAL</b>	
Coste ILSE 5 Meses/ 31,5 horas semanais	
Salario Bruto 1.068,58 € / mes + SS Empresa 343,34 €	7.059,60 €
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>7.059,60 €</b>

<b>INGRESOS</b>	<b>IMPORTE</b>
Convenio Participación Cidadá	<b>7.000,00 €</b>
Cota socios/as	59,60 €
<b>TOTAL</b>	<b>7.059,60 €</b>

8. Contrato de traballo.

9. Rexistro do contrato de traballo no SEPE.

10. Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.

11. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

- a) Fundamentación, obxectivos e metas
- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a "Asociación de Personas Sordas de Vigo", figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 266/92, segundo resolución de Alcaldía de data 28/12/92.

V. O vixente exercicio orzamentario (2024) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 27/12/2023, inclúe expresamente a partida 9240 4890008 "Convenio Asociación Persoas Sordas de Vigo", cunha dotación de 7.000,00 €.

VI. En data 30/05/2024 creouse o expediente para iniciar a tramitación do presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 10/06/2024 do adxunto ao tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A técnica de Administración Xeral de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

#### I. OBXECTO

O obxecto do presente expediente é axudar ao financiamento dos gastos derivados da contratación dun especialista intérprete de lingua de signos, a tempo parcial necesarios para a realización diaria de actividades da entidade, durante os meses de maio a setembro de 2024, que se consideran de interese público e social.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa “Asociación Personas Sordas de Vigo”.

Que a entidade “*Asociación de Personas Sordas de Vigo*”, conforme ao establecido no artigo 7 dos seus Estatutos asume a representación e defensa dos intereses das persoas xordas e dos seus familiares no seu ámbito territorial, a cuxo efecto asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- Representar ás persoas que a integran, participando nos foros sociais e organismo públicos oportunos.
- Traballar para mellorar a calidade de vida das persoas xordas e dos seus familiares nos eidos familiar, infantil, educativo, sanitario, laboral e calquera outro.
- Traballar para acadar un marco legal que permita a plena igualdade e participación social das persoas xordas.
- Traballar para conseguir o recoñecemento legal e social adecuado para a Lingua de Signos Española, impulsando a súa investigación e difusión.
- Impulsar o pleno acceso das persoas xordas a todos os niveis do sistema educativo, fomentando o bilingüismo- biculturalismo.
- Promover o acceso á formación e ao emprego das persoas xordas en igualdade de oportunidades que o resto da cidadanía.
- Fomentar a autonomía e a independencia das persoas xordas e a eliminación de barreiras de comunicación.
- Potenciar e dar continuidade aos servizos de intérpretes de Lingua de Signos en todos os ámbitos da vida social, velando pola adecuada formación das persoas intérpretes.
- Sensibilizar á sociedade sobre as necesidades e demandas das persoas xordas e dos seus familiares.
- Fomentar a investigación sobre calquera tema de interese para mellorar a situación social e a calidade de vida das persoas xordas e dos seus familiares.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflectan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

## **II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES**

Dunha parte, asinará o presente convenio a Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas (Resolución da Alcaldía de data 28/06/2024).

Doutra parte, asinará o convenio Dona María Leonor Ruíz Bello (DNI: \*\*\*2441\*\*), en calidade de Presidenta da “Asociación Personas Sordas de Vigo” (CIF.- G-36622835), en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 11705/320.

## **III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

oportunidade da subscrición do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímense conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

### **IV. PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN DIRECTA**

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2024), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre outubro de 2023 e setembro de 2024, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

### **V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

O vixente exercicio orzamentario (2024) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión extraordinaria do 27/12/2023, inclúe expresamente a partida 9240 4890008 "*Convenio Asociación Personas Sordas de Vigo*", cunha dotación orzamentaria de 7.000,00 €.

A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención nominativa formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa o indirectamente pola "*Asociación Personas Sordas de Vigo*" no desenvolvemento das actividades subvencionadas.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

#### **VI. ANTICIPO**

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados

insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referenciados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

#### **VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA**





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2024), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/10/2023 e o 30/09/2024, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2024**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar dixitalmente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

### **VIII. PUBLICIDADE**

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no presuposto.

## **IX. ÓRGANO COMPETENTE**

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e as resolucións de delegacións de competencias do Alcalde de data 28/06/2024, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta da Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

## **X. RÉXIME DE RECURSOS**

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Quinta tenente de alcalde e concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas por Resolución de Alcaldía de data 28/06/2024 apartado Primeiro d), propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

## **ACORDO**



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

**PRIMEIRO.** - **AUTORIZAR** e **DISPOR** o gasto por importe de 7.000,00 € (sete mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240 4890008 denominada “*Convenio Asociación Personas Sordas de Vigo*”, incluída no vixente orzamento municipal de 2024.

**SEGUNDO.** - **APROBAR** o texto do Convenio entre o Concello de Vigo e a “*Asociación Personas Sordas de Vigo*” (CIF.- G36622835), cuxo obxecto é axudar ao financiamento dos custes salariais, derivados da contratación dun profesional intérprete da lingua de signos a tempo parcial, durante os meses de maio a setembro de 2024 e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONDECER** á referida entidade, unha subvención con cargo á partida orzamentaria nº 9240 4890008 denominada “*Convenio Asociación Personas Sordas de Vigo*”, incluída no vixente orzamento municipal de 2024 dotada con 7.000 € (sete mil euros).

**TERCEIRO.** - Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO” PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA CONTRATACIÓN DUN INTÉRPRETE DE LINGUA DE SIGNOS

### **REUNIDOS**

Dunha parte, Dona Ana María Mejías Sacaluga na súa calidade de concelleira de Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, Dona María Leonor Ruíz Bello (DNI: \*\*\*2441\*\*), en calidade de presidenta da “Asociación de Personas Sordas de Vigo”, con CIF: G-36622835, con domicilio social na

Rúa Romil, 24 Baixo, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expediente 11705/320.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria de Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

### **MANIFESTAN**

I- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto Refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

II- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), a “Asociación de Personas Sordas de Vigo” (ASV), atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo có número 266/92.

III.- Que a entidade “Asociación de Personas Sordas de Vigo”, conforme ao establecido no artigo 7 dos seus Estatutos asume a representación e defensa dos intereses das persoas xordas e dos seus familiares no seu ámbito territorial, a cuxo efecto asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- Representar ás persoas que a integran, participando nos foros sociais e organismo públicos oportunos.
- Traballar para mellorar a calidade de vida das persoas xordas e dos seus familiares nos eidos familiar, infantil, educativo, sanitario, laboral e calquera outro.
- Traballar para acadar un marco legal que permita a plena igualdade e participación social das persoas xordas.
- Traballar para conseguir o recoñecemento legal e social adecuado para a Lingua de Signos Española, impulsando a súa investigación e difusión.
- Impulsar o pleno acceso das persoas xordas a todos os niveis do sistema educativo, fomentando o bilingüismo- biculturalismo.
- Promover o acceso á formación e ao emprego das persoas xordas en igualdade de oportunidades que o resto da cidadanía.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

- Fomentar a autonomía e a independencia das persoas xordas e a eliminación de barreiras de comunicación.
- Potenciar e dar continuidade aos servizos de intérpretes de Lingua de Signos en todos os ámbitos da vida social, velando pola adecuada formación das persoas intérpretes.
- Sensibilizar á sociedade sobre as necesidades e demandas das persoas xordas e dos seus familiares.
- Fomentar a investigación sobre calquera tema de interese para mellorar a situación social e a calidade de vida das persoas xordas e dos seus familiares.

IV.- Entre os principios que informan a actuación da ASV, encóntranse ao respecto á pluralidade e diversidade dos seus asociados, a transversalidade nas súas actuacións, a participación igualitaria entre homes e mulleres, ou a autonomía, independencia e protagonismo das persoas xordas. As súas actividades están abertas a calquera beneficiario que reúna as condicións esixidas pola índole dos seus fins.

As accións desenvolvidas pola ASV foron evolucionando dende o obxectivo de crear un “punto de encontro” na cidade, ata o momento actual no que se persegue o logro dunha real e efectiva participación das persoas xordas na sociedade, mellorando a súa calidade de vida e tentando ofrecer cada vez un maior número de actividades e servizos.

V.- Que o Concello de Vigo, é coñecedor das actividades que ven realizando a ASV para atender as necesidades deste colectivo, e en consideración ao seu interese tanto social, público e de promoción dunha finalidade pública, e tendo en conta que a ASV é a principal representante deste colectivo, estímase conveniente a concesión da subvención solicitada co obxectivo de establecer un marco de colaboración entre o servizo de Participación Cidadá e a ASV para aumentar os medios humanos ao servizo deste colectivo, co fin de mellorar, por unha banda, as tarefas de xestión e organización do persoal directivo, laboral ou colaborador da devandita asociación para levar a cabo as actividades programadas no local social, e por outro lado, garantir a cooperación entre estas dúas entidades para que nas súas actividades anuais poidan contar cun profesional intérprete da lingua de signos que facilite a comunicación directa ás persoas con discapacidade auditiva.

VI.- Que o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, aprobado polo Pleno Xeral, en sesión extraordinaria do 27/12/2023, prevé nominativamente, na partida 9240.4890008 “*Convenio Asociación de Xordos*”, a concesión dunha subvención por importe de 7.000,00 € a favor da “Asociación de Personas Sordas de Vigo”.

VII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedinte, as partes intervinientes conclúen o presente convenio co fin de regular os termos da súa concesión, cuxo obxecto é axudar ao financiamento dos custes salariais, derivados da contratación dun profesional intérprete da lingua de signos a tempo parcial durante os meses de maio a setembro de 2024 (02/05/24- 30/09/24), tanto para mellorar os servizos

ofertados no seu local social, como aqueles outros requiridos pola Concellería de Participación Cidadá, e demais asociacións legalmente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións. O custe salarial, segundo memoria achegada pola entidade, é o reflectido a seguir:

<b>CUSTE SALARIAL 2024 INTÉRPRETE LINGUA DE SIGNOS XORNADA A TEMPO PARCIAL (02/05/24-30/09/24)</b>	
Coste ILSE 5 Meses /31,5 horas semanais	
Salario Bruto 1033,85 € + SS Empresa 343,75	7.059,60 €
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>7.059,60 €</b>

VIII.- Que a entidade ASV, non incorre en ningunhas circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

IX.- Que en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade "Asociación de Personas Sordas de Vigo", o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

### **PACTOS**

**Primeiro.-** A entidade "Asociación de Personas Sordas de Vigo" comprométese a colaborar coa Concellería de Participación Cidadá do Concello de Vigo en canto a prestación dos servizos dun intérprete da lingua de signos e, concretamente, a:

1. Contratar os servizos do profesional intérprete da lingua de signos a tempo parcial durante os meses de maio a setembro de 2024 (02/05/24 - 30/09/24), organizar e planificar o traballo que vai desempeñar.
2. A persoa contratada para a prestación do servizo de intérprete de lingua de signos deberá cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, Seguridade Social e saúde laboral.
3. Encargarse de facer os pagos das cantidades correspondentes a terceiros, no que respecta a soldos, seguros, retencións etc., motivadas polas accións emprendidas neste convenio, a tal efecto, a Asociación deberá presentar copias dixitalizadas, asinadas dixitalmente, dos documentos acreditativos da cotización á Seguridade Social e de retención e ingreso a conta do IRPF respecto da persoa dependente da asociación adicado ao cumprimento do obxecto do presente convenio.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

4. O Concello de Vigo, en ningún caso, asumirá responsabilidade algunha respecto ao referido persoal.

5. Os servizos a realizar polo profesional intérprete da lingua de signos desenvolveranse conforme as peticións e planificación anual da “Asociación de Personas Sordas de Vigo”. Todas as demandas deberán ser cubertas, na medida do posible, na súa totalidade, en especial, en materia de horarios.

6. Nas conferencias, relatorios ou na organización de eventos en coordinación co servizo de Participación Cidadá, facilitarase o enderezo, o horario e as condicións da sala, a situación do intérprete e os descansos periódicos (de 5 a 10 minutos por cada 30 minutos de interpretación realizada), atendendo sempre ás peticións formuladas polo profesional intérprete da lingua de signos, para favorecer a recepción e a calidade da mensaxe, e ademais facilitarase sempre que foxe posible e, como mínimo, cunha semana de antelación, un resumo ou copia do relatorio a impartir. Comunicarase calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade e, no seu caso, a nova data e horario de celebración.

7. O horario de prestación de servizos será tan flexible coma sexa posible, instaurándose a realización de 31,5 horas semanais, organizándoas dende a “Asociación de Personas Sordas de Vigo” conforme a planificación presentada.

8. O código deontolóxico da profesión de intérprete de lingua de signos garante a confidencialidade, a fidelidade na comunicación e a obxectividade do seu traballo. As condicións nas que se desenvolverán os servizos deben ser claras e explícitas, coñecidas e aceptadas por ambas as partes.

9. O servizo ofrecido polo intérprete será totalmente gratuíto.

10. O custe imputable ao Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a “Asociación de Personas Sordas de Vigo” para o ano 2024, será o correspondente ao período de contratación real do/a intérprete da lingua de signos, é dicir, de maio a setembro de 2024 (02/05/24- 30/09/24) e o custe que subvencionará o Concello de Vigo, en ningún caso, superará o importe conveniado de 7.000,00 €.

11. Facilitar a actuación de inspección, control que, en calquera momento, poderán realizar os técnicos do Concello de Vigo, para o seguimento e comprobación do cumprimento do obxecto do convenio, polo que, a entidade estará obrigada a achegar canta información e documentación se lles solicite.

12. Presentar ao Concello, a través do Servizo de Participación Cidadá, no prazo e nos termos sinalados na cláusula décima do presente convenio, a memoria final, sobre o desenvolvemento da actividade e cumprimento do obxecto do convenio, xunto coa correspondente memoria económica, que incluírá a conta xustificativa de gastos subvencionados e balance anual.

13. Darlle ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, subministrado polo servizo de Participación Cidadá, que se trata dun servizo subvencionado, respectando en todo momento a súa imaxe corporativa.

14. Dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento das actividades.

15. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

16. En xeral, cumprir coas obrigas establecidas para as entidades beneficiarias das subvencións no artigo 14 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).

17. Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

–Artellar os medios técnicos para a orientación, supervisión e avaliación das actividades.

–Conceder directamente á entidade “Asociación de Personar Sordas de Vigo” unha subvención por importe de 7.000,00 €, con cargo á partida orzamentaria nº 9240 4890008, denominada “Convenio Asociación Xordos”, co obxecto de axudar ao financiamento dos custes salariais, derivados da contratación, a tempo parcial dun profesional intérprete da lingua de signos, durante os meses de maio a setembro de 2024 (02/05/24 – 30/09/24).

–Respectar a estrutura organizativa da “Asociación de Personar Sordas de Vigo”.

–Obter e requirir a información necesaria, a fin de determinar o cumprimento por parte da asociación da acción conveniada.

–Determinar, á vista da información e documentación achegada no momento da xustificación, segundo o disposto na cláusula décima, a correcta execución e cumprimento dos obxectivos marcados e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

**Terceiro.-** A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención nominativa formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa o indirectamente pola “Asociación de Personar Sordas de Vigo” no desenvolvemento das actividades subvencionadas.

**Cuarto.-** En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Quinto.-** Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo a prestación do servizo obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da

totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula décima deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42 e ss. do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa "Asociación de Personas Sordas de Vigo".

**Sexto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sétimo.-** A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución do servizo que constitúe o obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

**Oitavo.-** A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade do financiamento municipal do proxecto subvencionado mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo ou informativo que se publique ao respecto. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a

colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación para o ano 2024.

**Noveno.-** A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40% do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

**Décimo.-** O pagamento da subvención realizarase logo de que a beneficiaria xustifique o cumprimento do obxecto do convenio. A xustificación da subvención realizarase pola “Asociación de Personar Sordas de Vigo” mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente memoria xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2024**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel, asinadas electronicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse dixitalmente antes do seu envío a través da sede electrónica.**



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

A conta xustificativa conterá, con carácter xeral, a seguinte documentación:

- Solicitude de abono da subvención asinada dixitalmente.
- Memoria descritiva das actuacións realizadas asinadas dixitalmente, xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de prestación do servizo.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso e horas de formación.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

c) Unha memoria económica asinada dixitalmente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "X" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificadas e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificarse **con copias de facturas dixitalizadas asinadas electrónicamente**, podendo substituírse pola presentación dunha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais, asinadas electrónicamente**, que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. **Para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario). Deberá terse en conta que non se**

**subvencionarán os pagos realizados con cargo a contas nas que o titular non sexa a entidade beneficiaria.** Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- de conformidade co carácter finalista das subvencións, non se admitirán documentos xustificativos que correspondan a conceptos non presupostados no proxecto
- as retribucións de persoal xustificaranse mediante:
  - Contrato de traballo
  - Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións (RLC) e Relación nominal de traballadores (RNT), ou documento equivalente expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
  - Nóminas correspondente aos meses imputados.
  - Modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) e xustificantes do seu pagamento.
  - Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións)
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE e/ou o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado e o recibo de pagamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable asinada dixitalmente do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executada na súa totalidade.

h) Fotocopia do contrato de traballo.

i) No caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.

**Décimo primeiro.**- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES05 1491 0001 2921 88400424 (TRIODOS BANK).

**Décimo segundo.**- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Décimo terceiro.**- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no 2024 no período comprendido entre o 02/05/2024 ao 30/09/2024.

Xustificaranse os gastos polo concepto e importe solicitados: os gastos subvencionados teñen carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados na solicitude de subvención.

**Décimo cuarto.**- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo da Concellaría Participación Cidadá. A xefatura do servizo de Participación Cidadá ou persoa que a substitúa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo quinto.**- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal,

Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo sexto.-** Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 da LXS.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo sétimo.-** En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, , Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

**Décimo oitavo.-** A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)

**Décimo noveno.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

**Vixésimo.-** A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

**Vixésimo primeiro.-** O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2024).

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura dixital,

### **8(749).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO INTERINO DUNHA PSICÓLOGA PARA O CENTRO MUNICIPAL DE INFORMACIÓN DOS DEREITOS DA MULLER (CIM). EXPTE. 44460/220**

Visto o informe de fiscalización do 12/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 10/09/2024, asinado pola técnica de administración xeral e conformado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, a concelleira-delegada de Recursos Humanos e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

I.- Mediante escrito que obra unido ao presente expediente, asinado pola xefatura do servizo de Igualdade e coa conformidade da concellería competente, solicítanse á Área de Recursos Humanos e Formación, o nomeamento de 2 psicólogas (1 para substitución transitoria da titular da praza de psicóloga con posto no Centro de Información dos Dereitos da Muller, durante o tempo estritamente necesario (artigo 10.1 b) do RDL 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o TRLEBEP), e 1 con motivo do exceso e acumulación de

tarefas por prazo máximo de nove meses (artigo 10.1 d) do RDL 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o TRLEBEP).

**II.-** Analizada a solicitude, en data 10/05/2024 procédese á incoación de expediente.

**III.-** Segundo consta en informe de verificación administrativa que obra no expediente de 08/07/2024:

- *“No expediente administrativo 44460/220, consta orden de incoación de data 10/05/2024, para que a Área de Recursos Humanos e Formación proceda á tramitación do expediente administrativo para a cobertura interina de dous/dúas Psicólogos/as, por substitución transitoria da titular, polo período estritamente necesario, e por acumulación de tarefas por prazo máximo de nove meses, para o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller (Servizo de Igualdade).*
- *En data 27/05/2024, recíbese solicitude da titular da praza obxecto da substitución transitoria, con documento nº 240160735, comunicando a xubilación para a data 06/07/2024. Tendo en conta a devandita comunicación, e que tras a consulta das aplicacións xestoras na Área de RR.HH e Formación, resultaban vacacións e asuntos propios pendentes de desfrutar pola titular da praza, o período de prestación de servizos por substitución transitoria da titular devíña escaso ou nulo, non resultando eficiente o nomeamento.*
- *Con data 31/05/2024, comunicouse o remate da causa que motivara a incoación do expediente na parte referida a substitución transitoria da titular da praza de psicóloga, con posto no Centro de Información dos Dereitos da Muller, polo que se procedeu a continuar o procedemento somentes coa proposta dun chamamento (1) con motivo do exceso e acumulación de tarefas por prazo máximo de nove meses (artigo 10.1 d) do TREBEP).*
- *Por resolución de 28/06/2024, declarárase a xubilación da empregada municipal, funcionaria de carreira, D<sup>a</sup>. F. Balboa Cardoso, con nº de persoal 78119, Psicóloga, código 55, con data de efectos 06/07/2024, constando por tanto, dende o 07/07/2024 vacante libre a praza de psicólogo/a (posto 55, dotación 2).”*

**IV.-** En virtude do anteriormente exposto, en data 23/07/2024, resolveuse “Á vista da tramitación que figura no expediente, pola presente e ao abeiro do disposto no art. 165 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, se ordena á tramitación do expediente administrativo para a cobertura interina da vacante de Psicólogo debendo incluír a mesma na vindeira OEP 2024 en virtude do disposto no artigo 128.2 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.”





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

V.- Vista a documentación obrante no expediente e segundo consta no informe de verificación administrativa de 05/08/2024, unha persoa acepta o nomeamento e está en condicións de ser nomeada.

VI.- Consta no expediente informe técnico que inclúe a proposta de gasto.

VII.- En consecuencia, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

#### I.- Normativa de aplicación:

-Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:  
"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que"el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

*"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que*

*opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”*

## **II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios interinos en atención ao marco normativo vixente. Análise da modalidade proposta**

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorra algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa **“la existencia de plazas vacantes, cuando no sea posible su cobertura por funcionarios de carrera, por un máximo de tres años, en los términos previstos en el apartado 4”** (letra a) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que *“los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”*

O concreto apartado 4 citado recolle que *“en el supuesto previsto en el apartado 1.a) las plazas vacantes desempeñadas por personal funcionario interino deberán ser objeto de cobertura mediante cualquiera de los mecanismos de provisión o movilidad previstos en la normativa de cada Administración Pública.*

***No obstante, transcurridos tres años desde el nombramiento del personal funcionario interino se producirá el fin de la relación de interinidad, y la vacante solo podrá ser***



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

***ocupada por personal funcionario de carrera, salvo que el correspondiente proceso selectivo quede desierto, en cuyo caso se podrá efectuar otro nombramiento de personal funcionario interino.***

***Excepcionalmente, el personal funcionario interino podrá permanecer en la plaza que ocupe temporalmente, siempre que se haya publicado la correspondiente convocatoria dentro del plazo de los tres años, a contar desde la fecha del nombramiento del funcionario interino. En este supuesto podrá permanecer hasta la resolución de la convocatoria, sin que su cese dé lugar a compensación económica.***

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, sen dereito a compensación algunha. Ademais disto, a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

No presente caso, e segundo consta na orde de incoación do expediente, tras ser aprobados os novos criterios de xestión de listas de reserva (BOPPO nº 167 de 01/09/2022), e ao abeiro do establecido nos artigos 25 e ss. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, procedeuse á tramitación do expediente administrativo para a incorporación de unha psicóloga con cargo á praza vacante que deberá incluírse na vindeira OEP, en virtude do disposto no artigo 128 TRRL (RD 781/1986) e normativa de concordante aplicación.

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 23.09.2022; referencia que, no presente suposto e segundo o informe técnico emitido, efectúase ao posto de traballo cód. 55 – Psicólogo/a.

Así mesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

### **III.- Observacións respecto da xornada e horario**

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo establece a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no

apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

#### **IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica unida ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo coa Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

#### **V. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:**

Segundo informe administrativo de verificación de data 05/08/2024, consta que:

*“Ao abeiro do disposto no artigo 169.1, apartado c) do Real Decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e no marco da tramitación do expediente administrativo núm. 44460/220 infórmase o seguinte:*

- Vista a orde de incoación obrante no expediente administrativo de referencia para a cobertura interina da vacante de Psicólogo/a, existe lista de reserva vixente de Psicólogo/a con candidatas/os en condicións de ser notificadas/os procedendo o chamamento por orden de prelación dos candidatas/os en estado seleccionable para vacante/ programa.
- De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola XGL o 18/08/22 vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, e á vista dos datos proporcionados polo programa informático para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, salvo erro ou omisión, procede o chamamento como psicólogo/a, a candidata que se relaciona a continuación que aceptou o nomeamento e presentou a documentación requirida para o efecto:

R. Gallego González, con DNI \*\*\*7255\*\*

*De todo o exposto, deixase constancia para os estritos efectos do expediente electrónico de referencia.”*



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

A aspirante interesada e dispoñible, aceptou expresamente o nomeamento interino ofertado mediante escrito incorporado ao expediente, acreditando documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa vixente e das demais condicións necesarias para o desempeño do posto.

### VI. - Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico emitido en data 04/09/2024, e incorporado ao expediente, *“en relación coa cuantificación económica do gasto para nomeamento interino con cargo a vacante OEP 2024 dun/dunha psicólogo/a (subgrupo A1), para o Servizo de Igualdade.*

*Infórmase que que o custo para este ano 2024, sería o seguinte incluíndo a parte proporcional de paga extra:*

SAL.BASE	C.E.	C.D	Seg. Social
4.392,35	5.317,25	2.926,11	4.211,48

*O custo do referido nomeamento, salvo erro ou omisión, imputarase ao programa orzamentario 2311”.*

Remitímonos ao contido do informe técnico obrante no expediente, solicitando que os aspectos indicados no mesmo se contemplen no preceptivo informe de fiscalización.

### VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

*“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.*

*2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:*

- a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*
- b) La intervención formal de la ordenación del pago.*
- c) La intervención material del pago.*

*d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”*

## **VIII.- COMPETENCIA**

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da área de Recursos Humanos e Formación e da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolución da Alcaldía de data 28/06/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2024), elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**“PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de 1 funcionaria interina nos termos e condicións seguintes:

- Categoría profesional: 1 psicóloga
- Modalidade legal: funcionaria/o interina/o por cobertura de praza vacante (artigo 10.1, letra a) do TREBEP), de psicóloga que deberá incluírse na seguinte OEP en virtude do art. 128 TRRL.
- Destino: Servizo de Igualdade
- Período temporal: ata a provisión definitiva da praza e en todo caso por un máximo de 3 anos, consonte ao establecido no artigo 10.4 do TREBEP.
- Custe económico: Segundo informe técnico obrante no expediente de data 04/09/2024:

*“Vista a solicitude realizada polo Técnico de Admón. Xeral da Area de Recursos Humanos e Formación en relación coa cuantificación económica do gasto para nomeamento interino con cargo a vacante OEP 2024 dun/dunha psicóloga (subgrupo A1), para o Servizo de Igualdade.*

*Infórmase que o custo para este ano 2024, , sería o seguinte incluíndo a parte proporcional de paga extra:*

<i>SAL.BASE</i>	<i>C.E.</i>	<i>C.D</i>	<i>Seg. Social</i>
-----------------	-------------	------------	--------------------

<i>4.392,35</i>	<i>5.317,25</i>	<i>2.926,11</i>	<i>4.211,48</i>
-----------------	-----------------	-----------------	-----------------

*O custo do referido nomeamento, salvo erro ou omisión, imputarase ao programa orzamentario 2311”.*

Remitímonos ao contido do informe técnico obrante no expediente, solicitando que os aspectos indicados no mesmo se contemplen no preceptivo informe de fiscalización.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

**SEGUNDO:** Nomear como psicóloga na condición de funcionaria interina con cargo á vacante 2024, nos termos e condicións do establecido no apartado primeiro do presente acordo, á candidata R. Gallego González, con DNI \*\*\*7255\*\*, de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático existente para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

**TERCEIRO:** Dispoñer que a xornada e horarios de traballo da efectiva nomeada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

**CUARTO:** Notificar o presente acordo á aspirante nomeada, á xefatura do Servizo de Igualdade, Concellería delegada, Intervención Xeral Municipal, Tesourería/Nóminas, persoal técnico de RRHH e Formación, inspección de persoal, e ao Comité de Persoal para os efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.”

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(750).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á “ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA DE GALICIA” PARA O FINANCIAMENTO DA XLVI EDICIÓN DOS PREMIOS DA CRÍTICA DE GALICIA 2024. EXPTE. 5609/330.**

Visto o informe xurídico do 02/08/2024 e o informe de fiscalización do 16/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 23/07/2024, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, e conformado polo concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal 3 de xullo do 2024, a entidade "Asociación Premios da Crítica de Galicia" presenta solicitude de subvención nominativa para o financiamento da **XLVI Edición dos Premios da Crítica de Galicia 2023, con cargo ao orzamento do 2024**, polo importe de 9.000 euros; por este motivo, con data 4 de xullo do 2024 o concelleiro delegado de Cultura resolve que por parte desta xefatura se iniciase o expediente para o concesión dunha subvención nominativa a favor da citada entidade, con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.14 "Asoc. Premios da Crítica. Subvención Premios da Crítica " do orzamento municipal vixente.

#### ANTECEDENTES.-

A **ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA GALICIA** é unha institución con carácter de Fundación Cultural privada que ten como obxectivo estimular e favorecer a cultura galega en xeral e, en particular, o fomento das artes plásticas, etnografía, socioloxía, economía, campos para o que a asociación organiza a convocatoria anual dos **PREMIOS DA CRÍTICA-GALICIA** . Estes premios instituíronse coa finalidade de facer público o recoñecemento que, dentro do marco xeral da cultura galega, merezan os labores individuais ou colectivos para os diversos ámbitos da creación cultural e da investigación en Galicia.

#### PROGRAMA E ORZAMENTO:

O proxecto da Asociación dos Premios da Crítica de Galicia céntrase na entrega de galardóns ás persoas ou colectivos que, no ámbito de Galicia e do mundo, en lingua galega, veñen traballando no último ano en proxectos salientábeis que merecen o recoñecemento dos diversos xurados.

Os Premios da Crítica de Galicia abranguen as seguintes modalidades: Creación literaria, investigación, música, iniciativas culturais e científicas, artes plásticas, arte escénicas, cine e artes audiovisuais e cultura gastronómica.

Os ditames de cada unha das modalidades déronse a coñecer no curso dun acto público que tivo lugar o 28 de outubro do 2023 na sede do Teatro Afundación, na cidade de Vigo.

A memoria económica que se achega , incorpora o orzamento xeral de ingresos e gastos do programa polo importe neto sen iva de 12.458,27 € ( doce mil catrocentos cincuenta e oito euros con vinte e sete céntimos) financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 9.000 euros
- A chega da entidade : 3.458,27 euros

#### DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitude de subvención
- Memoria e orzamento da actividade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento deste.

### LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo a "Asociación Premios da Crítica de Galicia" para o financiamento da XLVI Edición dos Premios da Crítica de Galicia 2023, con cargo ao orzamento do 2024, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2024-2026 aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local do 08.03.2024, rectificación de erros do 15.03.2024 e publicouse no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo a "Asociación Premios da Crítica de Galicia" para o financiamento da XLVI Edición dos Premios da Crítica de Galicia 2023, con cargo ao orzamento do 2024 se axusta as directrices, obxectivos estratéxicos e plans de acción sinalados no anexo do Plan estratéxico de Subvencións 2024-2026 do Concello de Vigo para a Área de Cultura, no que se refire ás subvencións nominativas para o financiamento de actividades socioculturais

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa a ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA DE GALICIA deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2024 como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

### ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

#### FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo ao ASOCIACIÓN "Asociación Premios da Crítica de Galicia" para o financiamento da XLVI Edición dos Premios da Crítica de Galicia 2023 con cargo ao orzamento do 2024, figurando na aplicación **3340.480.00.14** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de **9.000 €** (nove mil euros), a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo a ASOCIACIÓN PREMIOS DA CRÍTICA DE GALICIA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

#### CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura, a concelleira delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

#### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-**

*"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de **9.000 €** (nove mil euros) á "Asociación Premios da Crítica de Galicia" (G27847839) para o financiamento da XLVI Edición dos Premios da Crítica de Galicia 2023, con cargo ao orzamento 2024, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.14 " AS. PREMIOS DA CRÍTICA.SUBVENCIÓN PREMIOS DA CRÍTICA", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.*

*SEGUNDO.- As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:*

#### **OBRIGAS DA ENTIDADE**

1. E de responsabilidade da Entidade :
  - A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE,
  - A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
  - Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

2. Actuará como interlocutor único ante a CONCELLERÍA Don Anxo X. Rajó Pazó, tesoureiro da entidade
3. Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
4. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada
5. Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.  
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
6. A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas ditas normativas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
7. Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos de contratar e dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se producira en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE presenta copia da póliza e do recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil.

### **OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA**

A tramitación da subvención e xestión do pagamento do importe da subvención (9.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

### **MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA**

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

### **PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O CONCELLO xestionará o pagamento á EMPRESA polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa

aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademáis deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 10 de novembro do 2024.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
  - Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
  - Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
  - Memoria de prensa.
  - Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
  - Reportaxe fotográfica.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a EMPRESA como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

### Gastos subvencionables:

Considerarase como gasto subvencionable os realizados ao longo do ano 2023 que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación. **A facturación xustificativa correspondente deberá ter como máximo data de dous meses posteriores a última das actividades financiadas,**

De conformidade co disposto no artigo 31.3 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de Subvencións, **cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor (máis de 15.000 euros nos contratos de prestación do servizo) o beneficiario solicitará como mínimo tres ofertas de diferentes provedores,** con carácter previo á prestación do servizo salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou que o gasto realizarse con anterioridade á subvención. **A elección entre as ofertas presentadas deberá achegarse na xustificación** ou no seu caso na solicitude de subvención que se realizará consonte aos criterios de eficiencia e economía **debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaída na proposta económica máis favorable.**

Consideraranse gastos subvencionables, aqueles que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos

os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á EMPRESA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola EMPRESA para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

### **XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

### **INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

### **REINTEGRO**

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

### **INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

### **PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

A concesión da subvención rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(751).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE OBRAS DE “RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA EN DISTINTAS VÍAS MUNICIPAIS EN ENTORNOS PATRIMONIAIS DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 1988/441.**

Visto o informe xurídico do 10/09/2024 e o informe de fiscalización do 13/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 04/09/2024,

asinado pola técnica de xestión, o xefe da Área de Servizos Xerais, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES DE FEITO.**

**I-** O Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, en data 24 de outubro de 2022 resolveu autorizar o gasto e adjudicar o contrato menor para a redacción do proxecto de “RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA EN DISTINTAS VÍAS MUNICIPAIS EN ENTORNOS PATRIMONIAIS DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO” a favor da mercantil GALAICONTROL, S.L.

**II.-** A devandita mercantil presenta trala fase de supervisión proxecto de “RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA EN DISTINTAS VÍAS MUNICIPAIS EN ENTORNOS PATRIMONIAIS DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. M<sup>a</sup> Trinidad López Rodríguez.

**III.-** Previo informe da Enxeñeira Técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal de data 24.04.2024 e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado en data 07.05.2024 a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 10.05.2024 aprobou o proxecto de “RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA EN DISTINTAS VÍAS MUNICIPAIS EN ENTORNOS PATRIMONIAIS DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. M<sup>a</sup> Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN CENTO CORENTA E CATRO MIL OITOCENTOS NOVENTA EUROS CON CINCUENTA E SETE CÉNTIMOS (1.144.890,57 €), asinado dixitalmente en data 13 de decembro de 2022. (Expte. 5851-443).

**IV.-** No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 10.05.2024 que se corresponde co expediente administrativo 5851-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. M<sup>a</sup> Trinidad López Rodríguez.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión e polo Xefe da Área de Servizos Xerais de data 23.05.2024.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento e Servizos de data 24.05.2024.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 04.09.2024.
- E) Certificados de crédito asinados pola Dirección Superior Contable municipal en datas 15.07.2024 e 18.07.2024.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe da Área de Servizos Xerais en data 23.07.2024.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 23.07.2024.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 04.09.2024.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 04.09.2024.

### II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a súa división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratarse dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 24.04.2024) e o cumprimento da normativa sectorial.

**Cuarto.-** Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

**Quinto.-** É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “**RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA EN DISTINTAS VÍAS MUNICIPAIS EN ENTORNOS PATRIMONIAIS DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO**”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. M<sup>a</sup> Trinidad López Rodríguez.

**Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 04.09.2024.

**Terceiro.-** Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **UN MILLÓN CENTO CORENTA E CATRO MIL OITOCENTOS NOVENTA EUROS CON CINCUENTA E SETE CÉNTIMOS (1.144.890,57 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 198.700,02 €.

O importe total atópase dividido segundo a seguinte distribución en lotes:

	Lote Leste	Lote Oeste
Importe Sen IVE	550.992,09 €	395.198,46 €
IVE	115.708,35 €	82.991,67 €
TOTAL	666.700,44 €	478.190,13 €

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532 210 00 04 (Plan renv. firmes barrios-parroquias cof.), proxecto de gasto 24153206, segundo a seguinte distribución de anualidades:

	Lote Leste	Lote Oeste	Total
2024	648.000,00 €	467.486,05 €	1.115.486,05 €
2025	18.700,44 €	10.704,08 €	29.404,52 €
TOTAL	666.700,44 €	478.190,13 €	1.144.890,57 €

**Cuarto.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

### **11(752).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “HUMANIZACIÓN DA RÚA SAN ROQUE ENTRE AS RÚAS GREGORIO ESPINO E RUISEÑOR”. EXPTE. 2045/441.**

Visto o informe xurídico do 09/09/2024 o informe de fiscalización do 17/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 10/09/2024, asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Inversións, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **I.- Antecedentes:**

1. Con data 23 de agosto de 2024, foi aprobado pola Xunta de Goberno Local, a proposta de ADDENDA nº 2 O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DUN PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE NA CIDADE DE VIGO 2021/2023, RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL E MELLORA DA CUBRICIÓN DO PATIO NO COLEXIO CEIP JAVIER SENSAT, dita addenda foi asinada polas partes con datas de 30 de agosto e 2 de setembro de 2024.

2.- O obxecto desta addenda nº 2, ven a regular a minoración do importe inicial do convenio no importe de 6.245.866,88 € ao descontarse os orzamentos de tres actuacións non executadas, así como o importe das baixas doutras actuacións do convenio, coa finalidade de obter financiamento para novas actuacións que serán obxecto de novos convenios de acordo coa seguinte proposta:

	TOTAL	CONCELLO DE VIGO	DEPUTACIÓN
VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE RAMPAS MECÁNICAS NA RÚA DO PINTOR COLMEIRO ENTRE A RÚA DE ÁLVARO CUNQUEIRO E A RÚA DE TARRAGONA	2.826.209,35 €	907.495,82 €	1.918.713,53 €
VIGO VERTICAL - J BENAVENTE -TORRECEDEIRA. Fase Marques de Valterra Torrecedeira	1.148.557,71 €	389.232,42 €	759.325,29 €
<b>HUMANIZACIÓN SAN ROQUE. FASE GREGORIO ESPINO - RUA RUISEÑOR</b>	<b>2.271.099,82 €</b>	<b>701.605,08 €</b>	<b>1.569.494,74 €</b>
	6.245.866,88 €	1.998.333,32 €	4.247.533,56 €

3.- En base a dito acordo, o investimento vinculado a presenten memoria xustificativa para o presente convenio atópase definido no proxecto de execución da obra **“HUMANIZACIÓN DA RÚA SAN ROQUE, ENTRE AS RÚAS GREGORIO ESPINO E RUISEÑOR”** redactado polo Arquitecto D. Pablo Menéndez Paz, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN NOVECIENTOS NOVENTA E DOUS MIL OITOCENTOS DEZAOITO EUROS con TRES CÉNTIMOS (1.992.818,03 €) e con sinatura dixital de data 19 de xullo de 2024, e aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 02.08.2024.

O ámbito de actuación localízase na contorna do barrio de A Doblada, e comprende os tramos das rúas San Roque e Couto de San Honorato, situados entre a Avenida Alcalde Gregorio Espino e as rúas Colombia e Reiseñor. A intervención conta con unha lonxitude aproximada de 247m.

Actualmente, a rúa presenta unha deficiente distribución de usos; as beirarrúas son estreitas e dificultan o paso dos peóns, e o espazo entre as rúas San Roque e Couto de San Honorato utilízase como unha zona de estacionamento indebido. Ademais, o viario encóntrase en mal de estado de conservación, os pavimentos presentan un alto grado de degradación e non seguen criterios de homoxeneidade.

Pola calzada discorre unha das principais arterias do servizo que transporta auga dende a ETAP do Casal ate o depósito do Castro, de fibrocemento e cun diámetro de 600 mm. A totalidade da rede de abastecemento existente no ámbito é de fibrocemento e finalizou a súa vida útil, sendo necesario a renovación integral da mesma.

Para solucionar estes problemas, enmarcada na política municipal de humanización das rúas na cidade, ponse en marcha o proxecto de "Humanización da rúa San Roque, entre as rúas Gregorio Espino e Reiseñor", con obxectivo de mellorar a calidade dos espazos para o peón, asegurar a circulación rodada en condicións de seguridade e renovar e mellorar as redes de servizos. As principais actuacións a executar son:

- Redistribución do espazos da vía de unha forma máis equilibrada e favorable para os cidadáns. Créase unha nova praza na zona entre as rúas San Roque e Couto de San Honorato, formando un graderío que envolve a zona verde, e auméntase o ancho das beirarrúas en todo o ámbito. Mantense un único sentido de circulación e resérvase unha banda de estacionamento comprendido entre a rúa Talude e a Avenida Alcalde Gregorio Espino.
- De acordo co resto de humanizacións na contorna, paviméntase o viario seguindo criterios de homoxeneidade e alta calidade, empregando mesturas bituminosas no firme da calzada, pavimentos de granito en beirarrúas e solucións accesibles nos pasos peonís.
- Renovación das redes de servizos existentes.
- Realízase un tratamento integral das zonas axardinadas, coa instalación dunha rede de rego automático.
- Finalmente, dispónse en todo o ámbito de novo mobiliario urbano como bancos, papeleiras, aparcabicis e alcriques.

Fundamentalmente os obxectivos da actuación son os de mellorar a calidade dos espazos para o peón, asegurar a circulación rodada en condicións de seguridade e confort e renovar e mellorar as redes de servizos.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

Todo isto levarase a cabo con criterios acordes a actuacións similares na contorna, que pivoten na sostibilidade das actuacións proxectadas, facilidade de mantemento, alta calidade de materiais, criterios de seguridade e emprego de novas tecnoloxías.

O importe ao que se refire o presente convenio ascende á cantidade de DOUS MILLÓNS DOUSCENTOS SETENTA UN MIL NOVENTA E NOVE EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (2.271.099,82 €), incluíndo os gastos da execución das obras, así como os gastos asociados á obra en relación á asistencia técnica á dirección da obra e ás asistencias técnicas sobre a coordinación de seguridade e saúde, correspondéndose os seguintes gastos máximos:

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN CON IVE DO PROXECTO "HUMANIZACIÓN DA RÚA SAN ROQUE, ENTRE AS RÚAS GREGORIO ESPINO E RUISEÑOR"	1.992.818,03 €
ESTIMACIÓN DE CUSTOS ASOCIADOS A CONDICIÓE ESTABLECIDA NO ARTIGO 242.4 DA LCSP	199.281,79 €
ESTIMACIÓN CUSTOS ASOCIADOS Á OBRA DIRECCIÓN DAS OBRAS E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE, EN TOTAL O ENTORNO DO 4% DO PEM DO PROXECTO	79.000,00 €
IMPORTE TOTAL DA ACTUACIÓN	<b>2.271.099,82€</b>

4.- Con data 14 de agosto de 2024, procedeuse a remitir a Deputación Provincial de Pontevedra a documentación administrativa para a elaboración do correspondente expediente administrativo de aprobación do convenio para desenvolver a actuación "**HUMANIZACIÓN DA RÚA SAN ROQUE, ENTRE AS RÚAS GREGORIO ESPINO E RUISEÑOR**".

5.- Con datas 6 e 9 de setembro de 2024, a Tecnica de Xestión da Área de Fomento, o Xefe da Área de Inversións, co conforme do Concelleiro delegado da Área redactan a Memoria Xustificativa do devandito convenio. Segundo a Memoria, os pactos que se incorporan o Convenio estímense conformes ao interese público municipal, ademais, se constata a suficiencia das achegas comprometidas á finalidade do mesmo así como o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

6.- Con data 9 de setembro de 2024 emítese informe xurídico concluíndo que non existe inconveniente legal para que a Xunta de Goberno Local aprobe o convenio obxecto deste expediente.

7.- Con data 10 de setembro remítese resolución asinada pola deputada delegada da Área de Cooperación Local da Deputación de Pontevedra (doc. 240272763) co seguinte contido:

*" CONCEDER unha subvención nominativa ao Concello de Vigo por importe de 1.569.494,74 €, con cargo á aplicación orzamentaria 2024/942.9420.762.14, con destino ao financiamento do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA "HUMANIZACIÓN DA RÚA SAN ROQUE ENTRE AS RÚAS GREGORIO ESPINO*

*E REISEÑOR” cun orzamento total de 2.271.099,82 €.*

*- APROBAR o citado convenio, cuxo texto figura co CSV: CYE32K7YDMFZORJG*

*A sinatura do convenio queda condicionada á aprobación do texto do convenio polo órgano competente do Concello de Vigo.”*

## **II.- FUNDAMENTOS**

### **I.- Lexislación aplicable**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Bases de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo.

### **III.- Contido do Convenio:**

A celebración de convenios de colaboración entre entidades de dereito público, atópase prevista nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público, así como nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia

En canto ao seu contido e procedemento, axustado á lexislación de procedemento administrativo e de subvencións, detállase no informe xurídico obrante no expediente.

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllese na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

Administración Local de Galicia.

O obxecto deste convenio é establecer as bases para a colaboración económica entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo a execución da obra **“HUMANIZACIÓN DA RÚA SAN ROQUE, ENTRE AS RÚAS GREGORIO ESPINO E RUISEÑOR”**

En virtude do convenio, a Deputación Provincial se compromete a financiar a execución das obras obxecto do convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto no mesmo. A tal fin disporá dos recursos indicados co carácter de achega completa para a execución das mesmas. Asemade, prestará a colaboración necesaria e facilitará canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

O Concello de Vigo asume as seguintes obrigas fundamentais: financiar a execución das obras obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto no convenio; a tal fin dotará os recursos necesarios, na aplicación correspondente, para o financiamento das actuacións previstas na memoria e nos proxectos técnicos; licitar os proxectos que conforman as actuacións obxecto do convenio; executar, controlar e recibir as obras consonte aos correspondentes proxectos técnicos; contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde; obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas; dar a adecuada publicidade ao convenio, de tal xeito de que quede constancia de que as obras obxecto do mesmo se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra; levar a cabo o mantemento e conservación das infraestruturas obxecto deste convenio, tendo a asunción da dita responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción de obra coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas; destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos; comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía; e, prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

#### **IV.- Procedemento e competencia**

Consta no expediente de aprobación do convenio, os documentos necesarios para a súa tramitación: Memoria do convenio e texto do mesmo e Informe xurídico.

O Concello de Vigo comprométese a achegar, para a execución do investimento previsto no obxecto deste convenio, a contía de SETECENTOS UN MIL SEISCENTOS CINCO EUROS CON OITO CÉNTIMOS (701.605,08 €), desagregados da forma seguinte:

Exercicio 2025	701.605,08 €
----------------	--------------

A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega do Concello de Vigo será financiada con cargo ós créditos da aplicación 1532.619.00.08 e de acordo á execución indicada anteriormente. Non obstante, o pagamento quedará condicionado, en todo caso, á aprobación dos orzamentos xerais do concello para o ano 2025.

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello de Vigo.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio .

O artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de Transparencia obriga a dar publicidade do convenio que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

#### **V.- PROPOSTA:**

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte proposta:

**Primeiro.-** Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a execución da **“HUMANIZACIÓN DA RÚA SAN ROQUE, ENTRE AS RÚAS GREGORIO ESPINO E RUISEÑOR**, transcrito como Anexo.

**Segundo.-** Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra a aprobación e subscripción do citado convenio que se anexa.

**Terceiro.-** Asumir as obrigas económicas do convenio nos termos do mesmo, que se corresponde cun importe total de **“DOUS MILLÓNS DOUSCENTOS SETENTA E UN MIL NOVENTA E NOVE EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (2.271.099,82 €)**, dos cales lle corresponden ao Concello de Vigo para a execución deste convenio os créditos necesarios para a licitación, adxudicación e execución ate un máximo de **SETECENTOS UN MIL SEISCENTOS CINCO EUROS CON OITO CÉNTIMOS (701.605,08 €)**.

Dito importe será financiado con cargo ós créditos da aplicación orzamentaria 1532.619.00.08 na anualidade 2025.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

- Cuarto.-** Comprometerse a dar cumprimento ás condicións do convenio nos termos do mesmo.
- Quinto.-** Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal ós efectos de publicidade

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA "HUMANIZACIÓN DA RÚA SAN ROQUE ENTRE AS RÚAS GREGORIO ESPINO E REISEÑOR"**

En Vigo na data da sinatura electrónica

### **INTERVEÑEN**

Dunha parte, D. Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte, D. Abel Caballero Álvarez, alcalde do Concello de Vigo, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 124.1 e.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Dá fe da formalización D. Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra e D.<sup>a</sup> Susana Gallardo Fariña, secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

### **EXPOÑEN**

**I.-** A Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e os eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

**II.-** Que a tales efectos, a Deputación e o Concello de Vigo veñen coordinando as súas competencias mediante a sinatura de protocolos e convenios de colaboración para afondar na cooperación administrativa entrámbalas institucións e, particularmente, na cooperación destinada á planificación e execución de proxectos de interese xeral e infraestruturas públicas, tales

coma as referidas aos servizos á cidadanía e infraestruturas deportivas, culturais ou viarias, entre outras.

**III.-** Que ambas administracións locais teñen como obxectivo común satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre as que se atopa a transformación da contorna urbana mediante o desenvolvemento de proxectos que persigan a mellora da mobilidade, a humanización e a incorporación de elementos mecánicos de transporte nas rúas da cidade, sendo, todos eles, unha aposta pola mellora ambiental, pola eficiencia enerxética e da calidade de vida en xeral, potenciando o transporte público e priorizando a seguridade viaria e a mobilidade.

**IV.-** O obxectivo deste convenio é seguir convertendo a cidade de Vigo, tan marcada polas súas condicións orográficas, que xera dificultades en materia de accesibilidade, nun lugar cómodo e accesible, mellorando a mobilidade peonil coa incorporación de elementos mecánicos de transporte que favorezan os desprazamentos urbanos, que permitan un tránsito peonil sinxelo, melloren a calidade dos espazos para o peón, aseguren a circulación rodada en condicións de seguridade e confort, e renoven e melloren as redes de servizos.

**V.-** Que o artigo 25.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ás Administracións Municipais a competencia en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Por outra banda, o art. 36.1) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, encomenda ás deputacións o aseguramento da prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal; competencia en relación coa cal a Deputación Provincial de Pontevedra apoia a transformación sostible da infraestrutura viaria dos concellos da provincia.

**VI.** Que a Deputación Provincial de Pontevedra, nos orzamentos do ano 2024, recolle unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital, para convenios co concello de Vigo.

**VII.-** Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolveren a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, así como co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**VIII.-** Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento da colaboración entre ámbalas dúas administracións, que contemplan como un dos seus obxectivos estratéxicos a consolidación dunha rede de infraestruturas integradoras, accesibles e abertas para o disfrute dos veciños, o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os intervinientes con arranxo aos seguintes

## **PACTOS**

### **PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO**



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

1.- O obxecto deste convenio é establecer as bases para a colaboración económica entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo a execución da obra "HUMANIZACIÓN DA RÚA SAN ROQUE ENTRE AS RÚAS GREGORIO ESPINO E REISEÑOR".

2.- O investimento vinculado ao presente convenio atópase definido no proxecto de execución da obra "HUMANIZACIÓN DA RÚA SAN ROQUE ENTRE AS RÚAS GREGORIO ESPINO E REISEÑOR", redactado polo Arquitecto D. Pablo Menéndez Paz, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN NOVECIENTOS NOVENTA E DOUS MIL OITOCENTOS DEZAOITO EUROS CON TRES CÉNTIMOS (1.992.818,03 €), e con sinatura dixital de data 19 de xullo de 2024, e aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 2 de agosto de 2024.

### SEGUNDO.- IMPORTE E FINANCIAMENTO

1.- O importe ao que se refire o presente convenio ascende á cantidade de DOUS MILLÓNS DOUSCENTOS SETENTA E UN MIL NOVENTA E NOVE EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (2.271.099,82 €), incluíndo os gastos da execución das obras, así como os gastos asociados á obra en relación á asistencia técnica á dirección da obra e ás asistencias técnicas sobre a coordinación de seguridade e saúde, correspondéndose os seguintes gastos máximos:

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN CON IVE DO PROXECTO "HUMANIZACIÓN DA RÚA SAN ROQUE ENTRE AS RÚAS GREGORIO ESPINO E REISEÑOR"	1.992.818,03 €
ESTIMACIÓN DE CUSTOS ASOCIADOS Á CONDICIÓ ESTABLECIDA NO ARTIGO 242.4 DA LCSP	199.281,79 €
ESTIMACIÓN DE CUSTOS ASOCIADOS Á OBRA: DIRECCIÓN DAS OBRAS E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE, EN TOTAL EN TORNO DO 4% DO PEM DO PROXECTO	79.000,00 €
<b>IMPORTE TOTAL DA ACTUACIÓN</b>	<b>2.271.099,82 €</b>

### 2.- Obrigas económicas para a Deputación Provincial de Pontevedra:

A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a achegar, para a execución do investimento previsto no obxecto deste convenio, a contía de UN MILLÓN CINCOCENTOS SESENTA E NOVE MIL CATROCIENTOS NOVENTA E CATRO EUROS CON SETENTA E CATRO CÉNTIMOS (1.569.494,74 €), que se realizará con cargo á aplicación 2024/942.9420.762.14.

### 3.- Obrigas económicas para o Concello de Vigo:

O Concello de Vigo comprométese a achegar, para a execución do investimento previsto no obxecto deste convenio, a contía de SETECENTOS UN MIL SEISCENTOS CINCO EUROS CON OITO CÉNTIMOS (701.605,08 €), desagregados da forma seguinte:

Exercicio 2025	701.605,08 €
----------------	--------------

A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega do Concello de Vigo será financiada con cargo ós créditos da aplicación 1532.619.00.08 e de acordo á execución indicada anteriormente. Non obstante, o pagamento quedará condicionado, en todo caso, á aprobación dos orzamentos xerais do concello para o ano 2025.

4.- Non obstante, calquera variación da anualidade da execución prevista, poderá dar lugar ao reaxuste das anualidades do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Vigo, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación Provincial no expediente que se inicie para o reaxuste das anualidades e da resolución que se dite.

### **TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO**

1.- A execución das actuacións e contratos ás que o presente convenio se refire, e o seu financiamento polas partes asinantes, terá lugar durante os anos da vixencia do convenio de acordo coas obrigas de financiamento indicadas no pacto segundo.

2.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a realización de todos os actos públicos sobre o seguimento da obra, co obxecto de que asista de consideralo procedente un representante da Corporación provincial.

3.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a data e hora en que terá lugar, o acto de recepción da obra, ao que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante ou facultativo desta. A Administración municipal remitirá á provincial copia da acta do acto de recepción e certificación da resolución do órgano competente aprobatoria da recepción da obra executada e da certificación final da mesma.

4.- Formalizado, de selo caso, o contrato, ou contratos, de servizos para a contratación de asistencia técnica á dirección das obras e a Coordinación de Seguridade e Saúde, remitirase copia dos mesmos á Deputación Provincial así como dos abonos a conta que en execución dos mesmos se poidan producir.

5.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución da obra obxecto do presente convenio e as actuacións realizadas no marco do mesmo cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e aos responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.

### **CUARTO.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO**

O Concello de Vigo asume a licitación, dirección, execución e recepción da obra contempladas na memoria técnica, e a súa xustificación perante a Deputación de Pontevedra.

O Concello de Vigo poderá realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución das obras, que se aboarán pola contía equivalente á/s xustificación/s presentada/s.

O importe correspondente á/s xustificación/s achegada/s, será reembolsado ao Concello mediante transferencia bancaria, unha vez que conste na Deputación a seguinte documentación:

- Contrato de adxudicación da obra.
- Nomeamento do Director de obra e coordinador de seguridade e saúde.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

- Acta de comprobación do replanteo.
- Orixinal ou copias compulsadas da/s factura/s expedida/s pola empresa adxudicataria dos traballos realizados.
- Certificación/s de obra executada. Xunto coa primeira certificación se remitirá unha proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.
- Certificacións ou actos de aprobación/conformidade dos gastos polo órgano municipal.

Así mesmo, coa finalización das obras, para a liquidación final das actuacións, deberá ser aportada a seguinte documentación:

- Acta de recepción, unha vez rematado o investimento.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o financiamento do obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.
- Informe final do/a Director/a de obra.
- De producirse a tramitación dun modificado, a certificación expedida pola persoa funcionaria competente de que a súa tramitación foi consonte á Lei de contratos.
- Declaración responsable de non estar a beneficiaria incurso en ningunha das causas previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para ser beneficiaria desta axuda.
- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

A/s certificación/s de obra, facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto, e o resto da documentación xustificativa, serán verificadas polos servizos técnicos provinciais e fiscalizadas pola Intervención provincial antes de ser aprobadas e pagadas.

Así mesmo, as actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución das obras por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

A comprobación material do investimento, que se define no parágrafo anterior, é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

### QUINTO.- MODIFICACIÓNS DO PROXECTO

As partes asinantes do convenio, comprométese á estabilidade do financiamento comprometido en base á contratación do proxecto do investimento obxecto deste convenio, e de acordo coa obriga de financiación para cada unha das administracións en relación ao proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA SAN ROQUE ENTRE AS RÚAS GREGORIO ESPINO E REI-SEÑOR". Polo cal, a achega da Deputación Provincial de Pontevedra por importe de UN MILLÓN CINCOCENTOS SESENTA E NOVE MIL CATROCENTOS

NOVENTA E CATRO EUROS CON SETENTA E CATRO CÉNTIMOS (1.569.494,74 €), determínase como achega finalista ao convenio, aportando o Concello de Vigo a diferenza ata o importe que se derive da execución final das actuacións obxecto do convenio e de ser o caso se a execución destas actuacións superaran o importe máximo do convenio será responsabilidade do Concello de Vigo asumir a totalidade dos incrementos que se deriven da execución final deste proxecto.

Se finalmente, a execución da obra prevista tivera un custo inferior ao indicado na adxudicación dos contratos vinculados ao obxecto do convenio, e sempre que isto non supoña unha actuación deficiente do mesmo, a contía das achegas das administracións reducirase proporcionalmente as cantidades a aportar por cada administración en relación ao importe adxudicado.

## **SEXTO.- COMPROMISOS DAS PARTES**

O Concello de Vigo obrígase a:

- Financiar a execución da obra obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo, terceiro e quinto. A tal fin, dotará os recursos necesarios, na aplicación correspondente, para o financiamento da actuación prevista neste convenio.
- Remitir á Deputación Provincial os proxectos técnicos vinculados co obxecto do convenio, así como de calquera modificación.
- Licitar, executar, controlar e recibir as obras consonte ao correspondente proxecto técnico.
- Contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.
- Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Dar a adecuada publicidade a este convenio conforme o pacto sétimo do mesmo, de tal xeito de que quede constancia de que a obra obxecto do mesmo se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

Tamén seralle de aplicación o recollido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no seu Regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo.

Pola súa banda, a Deputación de Pontevedra comprométese a:

- Financiar a execución da obra obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo, terceiro e quinto. A tal fin, disporá dos recursos indicados co carácter de achega finalista para a execución da mesma.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, e da Resolución Presidencial núm. 2017008767, de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas exceden de 600.000,00 €.

### SÉTIMO.- PUBLICIDADE

En toda a documentación e información relativas ao obxecto deste convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, e nelas figurará de maneira destacada o financiamento da actuación por ambas administracións.

En todo caso, as accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra. O Concello deberá acreditar a publicidade, e indicar as accións de comunicación realizadas. Para isto, o Concello debe:

- Incluír no prego de cláusulas ou documentación que rexe a contratación unha cláusula na que conste a obriga do contratista de colocar, desde o inicio das obras ata a súa total terminación, un cartel de obra cos logos do mesmo tamaño do Concello de Vigo e o da Deputación Provincial de Pontevedra.
- Facerse cargo dos carteis da obra que se realicen e da súa retirada tras a finalización do prazo de garantía ou, en todo caso, tras a comprobación material realizada pola Deputación. Por tratarse dunha obra de infraestruturas ou dotacións, o cartel colocarase ao carón do acceso principal; no caso de obras na infraestrutura viaria ou no seu subsolo, situarase ao comezo da vía ou no seu entroncamento coa vía principal.

Correspóndelle ao Servizo de Comunicación Institucional da Deputación dar as instrucións que se deben seguir no relativo á identidade corporativa provincial (<https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa>).

O incumprimento destas obrigas será causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de

transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento de cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

#### **OITAVO.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS**

As partes comprométese ao intercambio de datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio coas garantías de confidencialidade que en cada caso se requiran e permanecerá exclusivamente no ámbito da relación das partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, obrigándose a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración do convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.

As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.

#### **NOVENO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIONES**

A achega económica prevista no presente instrumento, que ten carácter de subvención, será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da contratación subvencionada, para o cal de ser o caso se procederá a minorar proporcionalmente as cantidades a aportar por cada administración en relación ao importe adxudicado.

#### **DÉCIMO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por tres representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento:

- ✓ A puntual recepción de información sobre tódalas actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.
- ✓ A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

- ✓ A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.
- ✓ A emisión de informe en relación coa necesidade do reaxuste da anualidade do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución do contrato a que este se refire.
- ✓ A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime convinte o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na sede da Deputación de Pontevedra en Vigo ou na Deputación de Pontevedra, segundo acorden as partes. Na súa reunión constituínte designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario, que levantará acta das súas reunións.

### DÉCIMO PRIMEIRO.- VIXENCIA

O presente convenio producirá os seus efectos dende a data da súa sinatura e o investimento obxecto deste convenio deberá estar executado e finalizado na data límite do 30 de setembro de 2026, fixándose un prazo de xustificación ata o 30 de decembro de 2026.

No caso de imposibilidade de remate das obras ou xustificación nos prazos referidos, as partes poderán acordar a ampliación dos mesmos ata o 30 de setembro de 2027.

No caso de que, por motivos xustificadas, ou como consecuencia do axuste das anualidades de execución do contrato, as obras obxecto do presente convenio non estivesen rematadas nesa data, as partes poderán acordar estender súa vixencia, previa emisión do informe da Comisión de Seguimento no que deberá especificar o prazo de prórroga.

No caso de que o Concello non xustifique o gasto realizado en prazo ou execute o investimento subvencionado mais aló do prazo de execución establecido, iniciárase o procedemento de perda do dereito ao cobro, non podendo utilizarse o crédito sobrante para conceder outra subvención ao Concello.

### DÉCIMO SEGUNDO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

De acordo co previsto no artigo 51 da Lei 40/2015, o convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.

2º.- O acordo unánime dos asinantes.

3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinala, cumpra coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento.

Se transcrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos prexuízos causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

### **DÉCIMO TERCEIRO.- RÉXIME XURÍDICO**

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de execución dos orzamentos das Administracións asinantes; a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non puideran resolverse a través da Comisión de Seguimento, será competente a Xurisdición Contencioso- Administrativa.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.

### **12(753).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “VIGO VERTICAL -MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL NA RÚA JUAN RAMÓN JIMENEZ ENTRE MARQUÉS DE VALTERRA E TORRECEDEIRA”. EXPTE. 2043/441.**

Visto o informe xurídico do 09/09/2024 e o informe de fiscalización do 17/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 10/09/2024, asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Inversións, e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **I.- Antecedentes:**

1. Con data 23 de agosto de 2024, foi aprobado pola Xunta de Goberno Local, a proposta de ADDENDA nº 2 O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DUN PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE NA CIDADE DE VIGO 2021/2023, RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL E MELLORA DA CUBRICIÓN



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

DO PATIO NO COLEXIO CEIP JAVIER SENSAT, dita addenda foi asinada polas partes con datas de 30 de agosto e 2 de setembro de 2024.

2.- O obxecto desta addenda nº 2, ven a regular a minoración do importe inicial do convenio no importe de 6.245.866,88 € ao descontarse os orzamentos de tres actuacións non executadas, así como o importe das baixas doutras actuacións do convenio, coa finalidade de obter financiamento para novas actuacións que serán obxecto de novos convenios de acordo coa seguinte proposta:

	TOTAL	CONCELLO DE VIGO	DEPUTACIÓN
VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE RAMPAS MECÁNICAS NA RÚA DO PINTOR COLMEIRO ENTRE A RÚA DE ÁLVARO CUNQUEIRO E A RÚA DE TARRAGONA	2.826.209,35 €	907.495,82 €	1.918.713,53 €
<b>VIGO VERTICAL - J BENAVENTE -TORRECEDEIRA. Fase Marques de Valterra Torrecedeira</b>	<b>1.148.557,71 €</b>	<b>389.232,42 €</b>	<b>759.325,29 €</b>
HUMANIZACIÓN SAN ROQUE. FASE GREGORIO ESPINO - RUA RUISEÑOR	2.271.099,82 €	701.605,08 €	1.569.494,74 €
	6.245.866,88 €	1.998.333,32 €	4.247.533,56 €

3.- En base a dito acordo, o investimento vinculado a presenten memoria xustificativa para o presente convenio atópase definido no proxecto de execución da obra "**VIGO VERTICAL - MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL NA RÚA JUAN RAMÓN JIMENEZ ENTRE MARQUÉS DE VALTERRA E TORRECEDEIRA**", redactado pola arquitecta Iria Urdampilleta Pérez, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN DEZAOITO MIL CATROCENTOS DEZASEIS EUROS con DEZ CÉNTIMOS (1.018.416,10 €), con sinatura dixital de data 18 de abril de 2024, e aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 26.04.2024.

A actuación localízase na rúa Juan Ramón Jiménez, entre as rúas Marqués de Valterra e Torrecedeira. Trátase dun ámbito con un desnivel de 11 metros, entre a praza flanqueada polos edificios co número 37 e 39 en Marqués de Valterra, que conecta na parte superior coa rúa Torrecedeira. As obras a executar se enumeran a continuación:

- Instalación de un ascensor exterior público que salve o desnivel de formigón inserido no talude e disposición dunha pasarela de acceso superior ao ascensor na rúa Torrecedeira co obxectivo de potenciar o eixo VIGO VERTICAL. Formación dun pequeno miradoiro.
- Renovación e aumento da anchura das beirarrúas en todo o ámbito de actuación para mellorar a accesibilidade e priorizar a mobilidade peonil fronte ao tráfico rodado.

- Pavimentación acorde aos diferentes ámbitos do proxecto: granito gris e negro nas beirarrúas de Torrecedeira, formigón pulido antideslizante na praza de Marqués de Valterra, granito gris louro no resto de beirarrúas e mesturas bituminosas na calzada.
- Dotación de mobiliario urbano e plantación de novos árbores en substitución dos afectados polas obras, e disposición de arbustos e plantas nos diferentes bancales e xardineiras.
- Instalación dunha nova rede de pluviais en todo o ámbito. Disposición de unha rede de rego en todas as zonas axardinadas.
- Renovación da rede de alumado por un sistema máis eficiente e homoxénea en todo o entorno.
- Instalación de dúas novas columnas semaforicas e renovación das canalizacións.

O importe ao que se refire o presente convenio ascende á cantidade de UN MILLÓN CENTO CORENTA E OITO MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E SETE EUROS CON SETENTA E UN CÉNTIMOS (1.148.557,71€), incluíndo os gastos da execución das obras, así como os gastos asociados á obra en relación á asistencia técnica á dirección da obra e ás asistencias técnicas sobre a coordinación de seguridade e saúde, correspondéndose os seguintes gastos máximos:

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN CON IVE DO PROXECTO "VIGO VERTICAL DE "MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL NA RÚA JUAN RAMÓN JIMENEZ ENTRE MARQUÉS DE VALTERRA E TORRECEDEIRA"	1.018.416,10€
ESTIMACIÓN DE CUSTOS ASOCIADOS A CONDICIÓE ESTABLECIDA NO ARTIGO 242.4 DA LCSP	101.841,61 €
ESTIMACIÓN CUSTOS ASOCIADOS Á OBRA DIRECCIÓN DAS OBRAS E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE, EN TOTAL O ENTORNO DO 4% DO PEM DO PROXECTO	28.300,00 €
<b>IMPORTE TOTAL DA ACTUACIÓN</b>	<b>1.148.557,71€</b>

4.- Con data 18 de agosto de 2024, procedeuse a remitir a Deputación Provincial de Pontevedra a documentación administrativa para a elaboración do correspondente expediente administrativo de aprobación do convenio para desenvolver a actuación "**VIGO VERTICAL - MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL NA RÚA JUAN RAMÓN JIMENEZ ENTRE MARQUÉS DE VALTERRA E TORRECEDEIRA**".

5.- Con datas 6 e 9 de setembro de 2024, a Técnica de Xestión da Área de Fomento, o Xefe da Área de Inversións, co conforme do Concelleiro delegado da Área redactan a Memoria Xustificativa do devandito convenio. Segundo a Memoria, os pactos que se incorporan o Convenio estímase conformes ao interese público municipal, ademais, se constata a suficiencia das achegas comprometidas á finalidade do mesmo así como o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

6.- Con data 9 de setembro de 2024 emítese informe xurídico concluíndo que non existe inconveniente legal para que a Xunta de Goberno Local probe o convenio obxecto deste expediente.

7.- Con data 10 de setembro remítese resolución asinada pola deputada delegada da Área de Cooperación Local da Deputación de Pontevedra (doc. 240272774) co seguinte contido:

*“CONCEDER unha subvención nominativa ao Concello de Vigo por importe de 759.325,29€, con cargo á aplicación orzamentaria 2024/942.9420.762.14, con destino ao financiamento do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA “VIGO VERTICAL – MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL NA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ ENTRE MARQUÉS DE VALTERRA E TORRECEDEIRA” cun orzamento total de 1.148.557,71€.*

*APROBAR o citado convenio, cuxo texto figura co CSV: EI3702UNH64B62WX*

*A sinatura do convenio queda condicionada á aprobación do texto do convenio polo órgano competente do Concello de Vigo.”*

## II.- FUNDAMENTOS

### I.- Lexislación aplicable

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Bases de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo.

### III.- Contido do Convenio:

A celebración de convenios de colaboración entre entidades de dereito público, atópase prevista nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público, así como nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia

En canto ao seu contido e procedemento, axustado á lexislación de procedemento administrativo e de subvencións, detállase no informe xurídico obrante no expediente.

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllese na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

O obxecto deste convenio é establecer as bases para a colaboración económica entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo a execución da obra "VIGO VERTICAL - MELLORADA ACCESIBILIDADE PEONIL NA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ ENTRE MARQUÉS DE VALTERRA E TORRECEDEIRA".

En virtude do convenio, a Deputación Provincial se compromete a financiar a execución das obras obxecto do convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto no mesmo. A tal fin disporá dos recursos indicados co carácter de achega completa para a execución das mesmas. Asemade, prestará a colaboración necesaria e facilitará canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

O Concello de Vigo asume as seguintes obrigas fundamentais: financiar a execución das obras obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto no convenio; a tal fin dotará os recursos necesarios, na aplicación correspondente, para o financiamento das actuacións previstas na memoria e nos proxectos técnicos; licitar os proxectos que conforman as actuacións obxecto do convenio; executar, controlar e recibir as obras consonte aos correspondentes proxectos técnicos; contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde; obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas; dar a adecuada publicidade ao convenio, de tal xeito de que quede constancia de que as obras obxecto do mesmo se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra; levar a cabo o mantemento e conservación das infraestruturas obxecto deste convenio, tendo a asunción da dita responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción de obra coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas; destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos; comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía; e, prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

### IV.- Procedemento e competencia

Consta no expediente de aprobación do convenio, os documentos necesarios para a súa tramitación: Memoria do convenio e texto do mesmo e Informe xurídico.

O Concello de Vigo obrígase a completar para a execución deste convenio os créditos necesarios para a licitación, adxudicación e execución, a contía de TRESCENTOS OITENTA E NOVE MIL DOUSCENTOS TRINTA E DOUS EUROS CON CORENTA E DOUS CÉNTIMOS (389.232,42 €), desagregados da forma seguinte:

Exercicio 2025	389.232,42 €
----------------	--------------

A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega do Concello de Vigo será financiada con cargo ós créditos da aplicación 1539.619.00.12 e de acordo á execución indicada anteriormente. Non obstante, o pagamento quedará condicionado, en todo caso, á aprobación dos orzamentos xerais do concello para o ano 2025.

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello de Vigo.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio .

O artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de Transparencia obriga a dar publicidade do convenio que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

### V.- PROPOSTA:

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte proposta:

**Primeiro.-** Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a execución do PROXECTO VIGO VERTICAL - MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL NA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ ENTRE MARQUÉS DE VALTERRA E TORRECEDEIRA, transcrito como Anexo.

**Segundo.-** Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra a aprobación e subscripción do citado convenio que se anexa.

**Terceiro.-** Asumir as obrigas económicas do convenio nos termos do mesmo, que se corresponde cun importe total de “UN MILLÓN CENTO CORENTA E OITO MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E SETE EUROS CON SETENTA E UN CÉNTIMOS (1.148.557,71 €), dos cales lle corresponden ao Concello de Vigo para a execución deste convenio os créditos necesarios para a licitación, adxudicación e execución ate un máximo de TRESCENTOS OITENTA E NOVE MIL DOUSCENTOS TRINTA E DOUS EUROS CON CORENTA E DOUS CÉNTIMOS (389.232,42 €).

Dito importe será financiado con cargo ós créditos da aplicación orzamentaria 1539.619.00.12 na anualidade 2025.

**Cuarto.-** Comprometerse a dar cumprimento ás condicións do convenio nos termos do mesmo.

**Quinto.-** Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal ós efectos de publicidade

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **ANEXO I:**

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA “VIGO VERTICAL – MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL NA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ ENTRE MARQUÉS DE VALTERRA E TORRECEDEIRA”.

En Vigo na data da sinatura electrónica

## **INTERVEÑEN**

Dunha parte, D. Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte, D. Abel Caballero Álvarez, alcalde do Concello de Vigo, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 124.1 e.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Dá fe da formalización D. Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra e D.<sup>a</sup> Susana Gallardo Fariña, secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

### EXPOÑEN

**I.-** A Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e os eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

**II.-** Que a tales efectos, a Deputación e o Concello de Vigo veñen coordinando as súas competencias mediante a sinatura de protocolos e convenios de colaboración para afondar na cooperación administrativa entrámbalas institucións e, particularmente, na cooperación destinada á planificación e execución de proxectos de interese xeral e infraestruturas públicas, tales coma as referidas aos servizos á cidadanía e infraestruturas deportivas, culturais ou viarias, entre outras.

**III.-** Que ambas administracións locais teñen como obxectivo común satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre as que se atopa a transformación da contorna urbana mediante o desenvolvemento de proxectos que persigan a mellora da mobilidade, a humanización e a incorporación de elementos mecánicos de transporte nas rúas da cidade, sendo, todos eles, unha aposta pola mellora ambiental, pola eficiencia enerxética e da calidade de vida en xeral, potenciando o transporte público e priorizando a seguridade viaria e a mobilidade.

**IV.-** O obxectivo deste convenio é seguir convertendo a cidade de Vigo, tan marcada polas súas condicións orográficas, que xera dificultades en materia de accesibilidade, nun lugar cómodo e accesible, mellorando a mobilidade peonil coa incorporación de elementos mecánicos de transporte que favorezan os desprazamentos urbanos, que permitan un tránsito peonil sinxelo, melloren a calidade dos espazos para o peón, aseguren a circulación rodada en condicións de seguridade e confort, e renoven e melloren as redes de servizos.

**V.-** Que o artigo 25.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ás Administracións Municipais a competencia en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Por outra banda, o art. 36.1) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, encomenda ás deputacións o aseguramento da prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal; competencia en relación coa cal a Deputación Provincial de Pontevedra apoia a transformación sostible da infraestrutura viaria dos concellos da provincia.

**VI.** Que a Deputación Provincial de Pontevedra, nos orzamentos do ano 2024, recolle unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital, para convenios co concello de Vigo.

**VII.-** Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolveren a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, así como co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**VIII.-** Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento da colaboración entre ámbalas dúas administracións, que contemplan como un dos seus obxectivos estratéxicos a consolidación dunha rede de infraestruturas integradoras, accesibles e abertas para o desfrute dos veciños, o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os intervenientes con arranxo aos seguintes

## **PACTOS**

### **PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO**

1.- O obxecto deste convenio é establecer as bases para a colaboración económica entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo a execución da obra “VIGO VERTICAL – MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL NA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ ENTRE MARQUÉS DE VALTERRA E TORRECEDEIRA”.

2.- O investimento vinculado ao presente convenio atópase definido no proxecto de execución da obra “VIGO VERTICAL – MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL NA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ ENTRE MARQUÉS DE VALTERRA E TORRECEDEIRA”, redactado pola arquitecta Iria Urdampilleta Pérez, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN DEZAOITO MIL CATROCENTOS DEZASEIS EUROS CON DEZ CÉNTIMOS (1.018.416,10 €), con sinatura dixital de data 18 de abril de 2024, e aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 26 de abril de 2024.

### **SEGUNDO.- IMPORTE E FINANCIAMENTO**

1.- O importe ao que se refire o presente convenio ascende á cantidade de UN MILLÓN CENTO CORENTA E OITO MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E SETE EUROS CON SETENTA E UN CÉNTIMOS (1.148.557,71 €), incluíndo os gastos da execución das obras, así como os gastos asociados á obra en relación á asistencia técnica á dirección da obra e ás asistencias técnicas sobre a coordinación de seguridade e saúde, correspondéndose os seguintes gastos máximos:



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN CON IVE DO PROXECTO "VIGO VERTICAL – MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL NA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ ENTRE MARQUÉS DE VALTERRA E TORRECEDEIRA"	1.018.416,10 €
ESTIMACIÓN DE CUSTOS ASOCIADOS Á CONDICIÓE ESTABLECIDA NO ARTIGO 242.4 DA LCSP	101.841,61 €
ESTIMACIÓN DE CUSTOS ASOCIADOS Á OBRA: DIRECCIÓN DAS OBRAS E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE, EN TOTAL EN TORNO DO 4% DO PEM DO PROXECTO	28.300,00 €
IMPORTE TOTAL DA ACTUACIÓN	<b>1.148.557,71 €</b>

### 2.- Obrigas económicas para a Deputación Provincial de Pontevedra:

A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a achegar, para a execución do investimento previsto no obxecto deste convenio, a contía de SETECENTOS CINCUENTA E NOVE MIL TRESCENTOS VINTE E CINCO EUROS CON VINTE E NOVE CÉNTIMOS (759.325,29 €), que se realizará con cargo á aplicación 2024/942.9420.762.14.

### 3.- Obrigas económicas para o Concello de Vigo:

O Concello de Vigo comprométese a achegar, para a execución do investimento previsto no obxecto deste convenio, a contía de TRESCENTOS OITENTA E NOVE MIL DOUSCENTOS TRINTA E DOUS EUROS CON CORENTA E DOUS CÉNTIMOS (389.232,42 €), desagregados da forma seguinte:

Exercicio 2025	389.232,42 €
----------------	--------------

A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega do Concello de Vigo será financiada con cargo ós créditos da aplicación 1539.619.00.12 e de acordo á execución indicada anteriormente. Non obstante, o pagamento quedará condicionado, en todo caso, á aprobación dos orzamentos xerais do concello para o ano 2025.

4.- Non obstante, calquera variación da anualidade da execución prevista, poderá dar lugar ao reaxuste das anualidades do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Vigo, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación Provincial no expediente que se inicie para o reaxuste das anualidades e da resolución que se dite.

### **TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO**

1.- A execución das actuacións e contratos ás que o presente convenio se refire, e o seu financiamento polas partes asinantes, terá lugar durante os anos da vixencia do convenio de acordo coas obrigas de financiamento indicadas no pacto segundo.

2.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a realización de todos os actos públicos sobre o seguimento da obra, co obxecto de que asista de consideralo procedente un representante da Corporación provincial.

3.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a data e hora en que terá lugar, o acto de recepción da obra, ao que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante ou facultativo desta. A Administración municipal remitirá á provincial copia da acta do acto de recepción e certificación da resolución do órgano competente aprobatoria da recepción da obra executada e da certificación final da mesma.

4.- Formalizado, de selo caso, o contrato, ou contratos, de servizos para a contratación de asistencia técnica á dirección das obras e a Coordinación de Seguridade e Saúde, remitirase copia dos mesmos á Deputación Provincial así como dos abonos a conta que en execución dos mesmos se poidan producir.

5.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución da obra obxecto do presente convenio e as actuacións realizadas no marco do mesmo cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e aos responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.

### **CUARTO.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO**

O Concello de Vigo asume a licitación, dirección, execución e recepción da obra contempladas na memoria técnica, e a súa xustificación perante a Deputación de Pontevedra.

O Concello de Vigo poderá realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución das obras, que se aboarán pola contía equivalente á/s xustificación/s presentada/s.

O importe correspondente á/s xustificación/s achegada/s, será reembolsado ao Concello mediante transferencia bancaria, unha vez que conste na Deputación a seguinte documentación:

- Contrato de adxudicación da obra.
- Nomeamento do Director de obra e coordinador de seguridade e saúde.
- Acta de comprobación do replanteo.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

- Orixinal ou copias compulsadas da/s factura/s expedida/s pola empresa adxudicataria dos traballos realizados.
- Certificación/s de obra executada. Xunto coa primeira certificación se remitirá unha proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.
- Certificacións ou actos de aprobación/conformidade dos gastos polo órgano municipal.

Así mesmo, coa finalización das obras, para a liquidación final das actuacións, deberá ser aportada a seguinte documentación:

- Acta de recepción, unha vez rematado o investimento.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o financiamento do obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.
- Informe final do/a Director/a de obra.
- De producirse a tramitación dun modificado, a certificación expedida pola persoa funcionaria competente de que a súa tramitación foi consonte á Lei de contratos.
- Declaración responsable de non estar a beneficiaria incurso en ningunha das causas previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para ser beneficiaria desta axuda.
- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

A/s certificación/s de obra, facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto, e o resto da documentación xustificativa, serán verificadas polos servizos técnicos provinciais e fiscalizadas pola Intervención provincial antes de ser aprobadas e pagadas.

Así mesmo, as actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución das obras por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

A comprobación material do investimento, que se define no parágrafo anterior, é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

## **QUINTO.- MODIFICACIÓNS DO PROXECTO**

As partes asinantes do convenio, comprométese á estabilidade do financiamento comprometido en base á contratación do proxecto do investimento obxecto deste convenio, e de acordo coa obriga de financiación para cada unha das administracións en relación ao proxecto de "MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL NA RÚA JUAN RAMÓN JIMÉNEZ ENTRE MARQUÉS DE VALTERRA E TORRECEDEIRA". Polo cal, a achega da Deputación Provincial de Pontevedra por importe de SETECENTOS CINCUENTA E NOVE MIL TRESCENTOS VINTE E CINCO EUROS CON VINTE E NOVE CÉNTIMOS (759.325,29 €), determínase como achega finalista ao convenio, aportando o Concello de Vigo a diferenza ata o importe que se derive da execución final das actuacións obxecto do convenio e de ser o caso se a execución destas actuacións superaran o importe máximo do convenio será responsabilidade do Concello de Vigo asumir a totalidade dos incrementos que se deriven da execución final deste proxecto.

Se finalmente, a execución da obra prevista tivera un custo inferior ao indicado na adxudicación dos contratos vinculados ao obxecto do convenio, e sempre que isto non supoña unha actuación deficiente do mesmo, a contía das achegas das administracións reducirase proporcionalmente as cantidades a aportar por cada administración en relación ao importe adxudicado.

## **SEXTO.- COMPROMISOS DAS PARTES**

O Concello de Vigo obrígase a:

- Financiar a execución da obra obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo, terceiro e quinto. A tal fin, dotará os recursos necesarios, na aplicación correspondente, para o financiamento da actuación prevista neste convenio.
- Remitir á Deputación Provincial os proxectos técnicos vinculados co obxecto do convenio, así como de calquera modificación.
- Licitat, executar, controlar e recibir as obras consonte ao correspondente proxecto técnico.
- Contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.
- Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Dar a adecuada publicidade a este convenio conforme o pacto sétimo do mesmo, de tal xeito de que quede constancia de que a obra obxecto do mesmo se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

- Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma.

Tamén seralle de aplicación o recollido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no seu Regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo.

Pola súa banda, a Deputación de Pontevedra comprométese a:

- Financiar a execución da obra obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo, terceiro e quinto. A tal fin, disporá dos recursos indicados co carácter de achega finalista para a execución da mesma.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, e da Resolución Presidencial núm. 2017008767, de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas exceden de 600.000,00 €.

### **SÉTIMO.- PUBLICIDADE**

En toda a documentación e información relativas ao obxecto deste convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, e nelas figurará de maneira destacada o financiamento da actuación por ambas administracións.

En todo caso, as accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra. O Concello deberá acreditar a publicidade, e indicar as accións de comunicación realizadas. Para isto, o Concello debe:

- Incluír no prego de cláusulas ou documentación que rexe a contratación unha cláusula na que conste a obriga do contratista de colocar, desde o inicio das obras ata a súa total

terminación, un cartel de obra cos logos do mesmo tamaño do Concello de Vigo e o da Deputación Provincial de Pontevedra.

- Facerse cargo dos carteis da obra que se realicen e da súa retirada tras a finalización do prazo de garantía ou, en todo caso, tras a comprobación material realizada pola Deputación. Por tratarse dunha obra de infraestruturas ou dotacións, o cartel colocarse ao carón do acceso principal; no caso de obras na infraestrutura viaria ou no seu subsolo, situarase ao comezo da vía ou no seu entroncamento coa vía principal.

Correspóndelle ao Servizo de Comunicación Institucional da Deputación dar as instrucións que se deben seguir no relativo á identidade corporativa provincial (<https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa>).

O incumprimento destas obrigas será causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento de cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

## **OITAVO.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS**

As partes comprométese ao intercambio de datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio coas garantías de confidencialidade que en cada caso se requiran e permanecerá exclusivamente no ámbito da relación das partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, obrigándose a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración do convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.

As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.

## **NOVENO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIONES**

A achega económica prevista no presente instrumento, que ten carácter de subvención, será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade,





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da contratación subvencionada, para o cal de ser o caso se procederá a minorar proporcionalmente as cantidades a aportar por cada administración en relación ao importe adxudicado.

### **DÉCIMO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por tres representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento:

- ✓ A puntual recepción de información sobre tódalas actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.
- ✓ A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.
- ✓ A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.
- ✓ A emisión de informe en relación coa necesidade do reaxuste da anualidade do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución do contrato a que este se refire.
- ✓ A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime convinte o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na sede da Deputación de Pontevedra en Vigo ou na Deputación de Pontevedra, segundo acorden as partes. Na súa reunión constituínte designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario, que levantará acta das súas reunións.

### **DÉCIMO PRIMEIRO.- VIXENCIA**

O presente convenio producirá os seus efectos dende a data da súa sinatura e o investimento obxecto deste convenio deberá estar executado e finalizado na data límite do 30 de setembro de 2026, fixándose un prazo de xustificación ata o 30 de decembro de 2026.

No caso de imposibilidade de remate das obras ou xustificación nos prazos referidos, as partes poderán acordar a ampliación dos mesmos ata o 30 de setembro de 2027.

No caso de que, por motivos xustificados, ou como consecuencia do axuste das anualidades de execución do contrato, as obras obxecto do presente convenio non estivesen rematadas nesa data, as partes poderán acordar estender súa vixencia, previa emisión do informe da Comisión de Seguimento no que deberá especificar o prazo de prórroga.

No caso de que o Concello non xustifique o gasto realizado en prazo ou execute o investimento subvencionado mais aló do prazo de execución establecido, iniciárase o procedemento de perda do dereito ao cobro, non podendo utilizarse o crédito sobrance para conceder outra subvención ao Concello.

## **DÉCIMO SEGUNDO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO**

De acordo co previsto no artigo 51 da Lei 40/2015, o convenio extingúese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.

2º.- O acordo unánime dos asinantes.

3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificárase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinala, cumpra coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos prexuízos causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

## **DÉCIMO TERCEIRO.- RÉXIME XURÍDICO**

O presente convenio ten natureza administrativa e rexeráse pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de execución dos orzamentos das Administracións



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

asinantes; a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non puideran resolverse a través da Comisión de Seguimento, será competente a Xurisdición Contencioso- Administrativa.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio na data da sinatura electrónica.

### **13(754).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “VIGO VERTICAL -IMPLANTACIÓN DE RAMPLAS MECÁNICAS NA RÚA DO PINTOR COLMEIRO ENTRE A RÚA DE ÁLVARO CUNQUEIRO E A RÚA TARRAGONA”. EXPTE. 2044/441.**

Visto o informe xurídico do 10/09/2024 e o informe de fiscalización do 17/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 10/09/2024, asinado polo xefe do servizo de deportes-director deportivo e conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e o concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **I.- Antecedentes:**

1. Con data 23 de agosto de 2024, foi aprobado pola Xunta de Goberno Local, a proposta de ADDENDA nº 2 O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A EXECUCIÓN DUN PLAN DE MELLORA DA MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE NA CIDADE DE VIGO 2021/2023, RECUPERACIÓN DO SISTEMA DUNAR NA PRAIA DE SAMIL E MELLORA DA CUBRICIÓN DO PATIO NO COLEXIO CEIP JAVIER SENSAT, dita addenda foi asinada polas partes con datas de 30 de agosto e 2 de setembro de 2024.

2.- O obxecto desta addenda nº 2, ven a regular a minoración do importe inicial do convenio no importe de 6.245.866,88 € ao descontarse os orzamentos de tres actuacións non executadas, así como o importe das baixas doutras actuacións do convenio, coa finalidade de obter financiamento para novas actuacións que serán obxecto de novos convenios de acordo coa seguinte proposta:

	TOTAL	CONCELLO DE VIGO	DEPUTACIÓN
VIGO VERTICAL DE IMPLANTACIÓN DE RAMPAS MECÁNICAS NA RÚA DO PINTOR COLMEIRO ENTRE A RÚA DE ÁLVARO CUNQUEIRO E A RÚA DE TARRAGONA	2.826.209,35 €	907.495,82 €	1.918.713,53 €

VIGO VERTICAL - J BENAVENTE -TORRECEDEIRA. Fase Marques de Valterra Torrecedeira	1.148.557,71 €	389.232,42 €	759.325,29 €
<b>HUMANIZACIÓN SAN ROQUE. FASE GREGORIO ESPINO - RUA RUISEÑOR</b>	<b>2.271.099,82 €</b>	<b>701.605,08 €</b>	<b>1.569.494,74 €</b>
	6.245.866,88 €	1.998.333,32 €	4.247.533,56 €

3.- En base a dito acordo, o investimento vinculado a presenten memoria xustificativa para o presente convenio atópase definido no proxecto de execución da obra **“HUMANIZACIÓN DA RÚA SAN ROQUE, ENTRE AS RÚAS GREGORIO ESPINO E RUISEÑOR”** redactado polo Arquitecto D. Pablo Menéndez Paz, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN NOVECIENTOS NOVENTA E DOUS MIL OITOCENTOS DEZAOITO EUROS con TRES CÉNTIMOS (1.992.818,03 €) e con sinatura dixital de data 19 de xullo de 2024, e aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 02.08.2024.

O ámbito de actuación localízase na contorna do barrio de A Doblada, e comprende os tramos das rúas San Roque e Couto de San Honorato, situados entre a Avenida Alcalde Gregorio Espino e as rúas Colombia e Reiseñor. A intervención conta con unha lonxitude aproximada de 247m.

Actualmente, a rúa presenta unha deficiente distribución de usos; as beirarrúas son estreitas e dificultan o paso dos peóns, e o espazo entre as rúas San Roque e Couto de San Honorato utilízase como unha zona de estacionamento indebido. Ademais, o viario encóntrase en mal de estado de conservación, os pavimentos presentan un alto grado de degradación e non seguen criterios de homoxeneidade.

Pola calzada discorre unha das principais arterias do servizo que transporta auga dende a ETAP do Casal ate o depósito do Castro, de fibrocemento e cun diámetro de 600 mm. A totalidade da rede de abastecemento existente no ámbito é de fibrocemento e finalizou a súa vida útil, sendo necesario a renovación integral da mesma.

Para solucionar estes problemas, enmarcada na política municipal de humanización das rúas na cidade, ponse en marcha o proxecto de “Humanización da rúa San Roque, entre as rúas Gregorio Espino e Reiseñor”, con obxectivo de mellorar a calidade dos espazos para o peón, asegurar a circulación rodada en condicións de seguridade e renovar e mellorar as redes de servizos. As principais actuacións a executar son:

- Redistribución do espazos da vía de unha forma máis equilibrada e favorable para os cidadáns. Créase unha nova praza na zona entre as rúas San Roque e Couto de San Honorato, formando un graderío que envolve a zona verde, e auméntase o ancho das beirarrúas en todo o ámbito. Mantense un único sentido de circulación e resérvase unha banda de estacionamento comprendido entre a rúa Talude e a Avenida Alcalde Gregorio Espino.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

- De acordo co resto de humanizacións na contorna, paviméntase o viario seguindo criterios de homoxeneidade e alta calidade, empregando mesturas bituminosas no firme da calzada, pavimentos de granito en beirarrúas e solucións accesibles nos pasos peonís.
- Renovación das redes de servizos existentes.
- Realízase un tratamento integral das zonas axardinadas, coa instalación dunha rede de rego automático.
- Finalmente, dispónse en todo o ámbito de novo mobiliario urbano como bancos, papeleiras, aparcabicis e alcriques.

Fundamentalmente os obxectivos da actuación son os de mellorar a calidade dos espazos para o peón, asegurar a circulación rodada en condicións de seguridade e confort e renovar e mellorar as redes de servizos.

Todo isto levarase a cabo con criterios acordes a actuacións similares na contorna, que pivoten na sostibilidade das actuacións proxectadas, facilidade de mantemento, alta calidade de materiais, criterios de seguridade e emprego de novas tecnoloxías.

O importe ao que se refire o presente convenio ascende á cantidade de DOUS MILLÓNS DOUSCENTOS SETENTA UN MIL NOVENTA E NOVE EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (2.271.099,82 €), incluíndo os gastos da execución das obras, así como os gastos asociados á obra en relación á asistencia técnica á dirección da obra e ás asistencias técnicas sobre a coordinación de seguridade e saúde, correspondéndose os seguintes gastos máximos:

ORZAMENTO BASE LICITACIÓN CON IVE DO PROXECTO "HUMANIZACIÓN DA RÚA SAN ROQUE, ENTRE AS RÚAS GREGORIO ESPINO E RUISEÑOR"	1.992.818,03 €
ESTIMACIÓN DE CUSTOS ASOCIADOS A CONDICIÓE ESTABLECIDA NO ARTIGO 242.4 DA LCSP	199.281,79 €
ESTIMACIÓN CUSTOS ASOCIADOS Á OBRA DIRECCIÓN DAS OBRAS E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE, EN TOTAL O ENTORNO DO 4% DO PEM DO PROXECTO	79.000,00 €
IMPORTE TOTAL DA ACTUACIÓN	<b>2.271.099,82€</b>

4.- Con data 14 de agosto de 2024, procedeuse a remitir a Deputación Provincial de Pontevedra a documentación administrativa para a elaboración do correspondente expediente administrativo de aprobación do convenio para desenvolver a actuación "**HUMANIZACIÓN DA RÚA SAN ROQUE, ENTRE AS RÚAS GREGORIO ESPINO E RUISEÑOR**".

5.- Con datas 6 e 9 de setembro de 2024, a Técnica de Xestión da Área de Fomento, o Xefe da Área de Inversións, co conforme do Concelleiro delegado da Área redactan a Memoria Xustificativa do devandito convenio. Segundo a Memoria, os pactos que se incorporan o Convenio estímense conformes ao interese público municipal, ademais, se constata a suficiencia das achegas comprometidas á finalidade do mesmo así como o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

6.- Con data 9 de setembro de 2024 emítese informe xurídico concluíndo que non existe inconveniente legal para que a Xunta de Goberno Local probe o convenio obxecto deste expediente.

7.- Con data 10 de setembro remítese resolución asinada pola deputada delegada da Área de Cooperación Local da Deputación de Pontevedra (doc. 240272763) co seguinte contido:

*“ CONCEDER unha subvención nominativa ao Concello de Vigo por importe de 1.569.494,74 €, con cargo á aplicación orzamentaria 2024/942.9420.762.14, con destino ao financiamento do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA “HUMANIZACIÓN DA RÚA SAN ROQUE ENTRE AS RÚAS GREGORIO ESPINO E REISEÑOR” cun orzamento total de 2.271.099,82 €.*

*– APROBAR o citado convenio, cuxo texto figura co CSV: CYE32K7YDMFZ0RJG*

*A sinatura do convenio queda condicionada á aprobación do texto do convenio polo órgano competente do Concello de Vigo.”*

## **II.- FUNDAMENTOS**

### **I.- Lexislación aplicable**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Bases de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo.
- 

### III.- Contido do Convenio:

A celebración de convenios de colaboración entre entidades de dereito público, atópase prevista nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público, así como nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia

En canto ao seu contido e procedemento, axustado á lexislación de procedemento administrativo e de subvencións, detállase no informe xurídico obrante no expediente.

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllese na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

O obxecto deste convenio é establecer as bases para a colaboración económica entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo a execución da obra **“HUMANIZACIÓN DA RÚA SAN ROQUE, ENTRE AS RÚAS GREGORIO ESPINO E RUISEÑOR”**

En virtude do convenio, a Deputación Provincial se compromete a financiar a execución das obras obxecto do convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto no mesmo. A tal fin disporá dos recursos indicados co carácter de achega completa para a execución das mesmas. Asemade, prestará a colaboración necesaria e facilitará canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

O Concello de Vigo asume as seguintes obrigas fundamentais: financiar a execución das obras obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto no convenio; a tal fin dotará os recursos necesarios, na aplicación correspondente, para o financiamento das actuacións previstas na memoria e nos proxectos técnicos; licitar os proxectos que conforman as actuacións obxecto do convenio; executar, controlar e recibir as obras consonte aos correspondentes proxectos técnicos; contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde; obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas; dar a adecuada publicidade ao convenio, de tal xeito de que quede constancia de que as obras obxecto do mesmo se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra; levar a cabo o mantemento e conservación das infraestruturas obxecto deste convenio, tendo a asunción da dita responsabilidade desde o día seguinte ao

da formalización da acta de recepción de obra coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas; destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos; comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía; e, prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

#### **IV.- Procedemento e competencia**

Consta no expediente de aprobación do convenio, os documentos necesarios para a súa tramitación: Memoria do convenio e texto do mesmo e Informe xurídico.

O Concello de Vigo comprométese a achegar, para a execución do investimento previsto no obxecto deste convenio, a contía de SETECENTOS UN MIL SEISCENTOS CINCO EUROS CON OITO CÉNTIMOS (701.605,08 €), desagregados da forma seguinte:

Exercicio 2025	701.605,08 €
----------------	--------------

A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega do Concello de Vigo será financiada con cargo ós créditos da aplicación 1532.619.00.08 e de acordo á execución indicada anteriormente. Non obstante, o pagamento quedará condicionado, en todo caso, á aprobación dos orzamentos xerais do concello para o ano 2025.

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello de Vigo.

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio .

O artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de Transparencia obriga a dar publicidade do convenio que se aprobe.

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, fórmase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte

#### **V.- PROPOSTA:**

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, fórmase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte proposta:

**Primeiro.-** Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

Pontevedra para a execución da “**HUMANIZACIÓN DA RÚA SAN ROQUE, ENTRE AS RÚAS GREGORIO ESPINO E RUISEÑOR**”, transcrito como Anexo.

**Segundo.-** Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra a aprobación e subscripción do citado convenio que se anexa.

**Terceiro.-** Asumir as obrigas económicas do convenio nos termos do mesmo, que se corresponde cun importe total de “DOUS MILLÓNS DOUSCENTOS SETENTA E UN MIL NOVENTA E NOVE EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (2.271.099,82 €), dos cales lle corresponden ao Concello de Vigo para a execución deste convenio os créditos necesarios para a licitación, adxudicación e execución ate un máximo de SETECENTOS UN MIL SEISCENTOS CINCO EUROS CON OITO CÉNTIMOS (701.605,08 €).

Dito importe será financiado con cargo ós créditos da aplicación orzamentaria 1532.619.00.08 na anualidade 2025.

**Cuarto.-** Comprometerse a dar cumprimento ás condicións do convenio nos termos do mesmo.

**Quinto.-** Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal ós efectos de publicidade

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA “HUMANIZACIÓN DA RÚA SAN ROQUE ENTRE AS RÚAS GREGORIO ESPINO E REISEÑOR”

En Vigo na data da sinatura electrónica

## **INTERVEÑEN**

Dunha parte, D. Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte, D. Abel Caballero Álvarez, alcalde do Concello de Vigo, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 124.1 e.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Dá fe da formalización D. Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra e D.<sup>a</sup> Susana Gallardo Fariña, secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

## **EXPOÑEN**

**I.-** A Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e os eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

**II.-** Que a tales efectos, a Deputación e o Concello de Vigo veñen coordinando as súas competencias mediante a sinatura de protocolos e convenios de colaboración para afondar na cooperación administrativa entrámbalas institucións e, particularmente, na cooperación destinada á planificación e execución de proxectos de interese xeral e infraestruturas públicas, tales coma as referidas aos servizos á cidadanía e infraestruturas deportivas, culturais ou viarias, entre outras.

**III.-** Que ambas administracións locais teñen como obxectivo común satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza, entre as que se atopa a transformación da contorna urbana mediante o desenvolvemento de proxectos que persigan a mellora da mobilidade, a humanización e a incorporación de elementos mecánicos de transporte nas rúas da cidade, sendo, todos eles, unha aposta pola mellora ambiental, pola eficiencia enerxética e da calidade de vida en xeral, potenciando o transporte público e priorizando a seguridade viaria e a mobilidade.

**IV.-** O obxectivo deste convenio é seguir convertendo a cidade de Vigo, tan marcada polas súas condicións orográficas, que xera dificultades en materia de accesibilidade, nun lugar cómodo e accesible, mellorando a mobilidade peonil coa incorporación de elementos mecánicos de transporte que favorezan os desprazamentos urbanos, que permitan un tránsito peonil sinxelo, melloren a calidade dos espazos para o peón, aseguren a circulación rodada en condicións de seguridade e confort, e renoven e melloren as redes de servizos.

**V.-** Que o artigo 25.2.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ás Administracións Municipais a competencia en materia de infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Por outra banda, o art. 36.1) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, encomenda ás deputacións o aseguramento da prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal; competencia en relación coa cal a Deputación Provincial de Pontevedra apoia a transformación sostible da infraestrutura viaria dos concellos da provincia.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

**VI.** Que a Deputación Provincial de Pontevedra, nos orzamentos do ano 2024, recolle unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital, para convenios co concello de Vigo.

**VII.-** Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolveren a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, así como co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**VIII.-** Que, de acordo coas precedentes consideracións e en desenvolvemento da colaboración entre ámbalas dúas administracións, que contemplan como un dos seus obxectivos estratéxicos a consolidación dunha rede de infraestruturas integradoras, accesibles e abertas para o desfrute dos veciños, o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra acordan aprobar o presente convenio de colaboración, que asinan os intervenientes con arranxo aos seguintes

### PACTOS

#### PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO

1.- O obxecto deste convenio é establecer as bases para a colaboración económica entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo a execución da obra "HUMANIZACIÓN DA RÚA SAN ROQUE ENTRE AS RÚAS GREGORIO ESPINO E REI-SEÑOR".

2.- O investimento vinculado ao presente convenio atópase definido no proxecto de execución da obra "HUMANIZACIÓN DA RÚA SAN ROQUE ENTRE AS RÚAS GREGORIO ESPINO E REI-SEÑOR", redactado polo Arquitecto D. Pablo Menéndez Paz, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN NOVECIENTOS NOVENTA E DOUS MIL OITOCENTOS DEZAOITO EUROS CON TRES CÉNTIMOS (1.992.818,03 €), e con sinatura dixital de data 19 de xullo de 2024, e aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 2 de agosto de 2024.

#### SEGUNDO.- IMPORTE E FINANCIAMENTO

1.- O importe ao que se refire o presente convenio ascende á cantidade de DOUS MILLÓNS DOUSCENTOS SETENTA E UN MIL NOVENTA E NOVE EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (2.271.099,82 €), incluíndo os gastos da execución das obras, así como os gastos asociados á obra en relación á asistencia técnica á dirección da obra e ás asistencias técnicas sobre a coordinación de seguridade e saúde, correspondéndose os seguintes gastos máximos:

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN CON IVE DO PROXECTO "HUMANIZACIÓN DA RÚA SAN ROQUE ENTRE AS RÚAS GREGORIO ESPINO E REISEÑOR"	1.992.818,03 €
ESTIMACIÓN DE CUSTOS ASOCIADOS Á CONDICIÓE ESTABLECIDA NO ARTIGO 242.4 DA LCSP	199.281,79 €
ESTIMACIÓN DE CUSTOS ASOCIADOS Á OBRA: DIRECCIÓN DAS OBRAS E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE, EN TOTAL EN TORNO DO 4% DO PEM DO PROXECTO	79.000,00 €
IMPORTE TOTAL DA ACTUACIÓN	<b>2.271.099,82 €</b>

## 2.- Obrigas económicas para a Deputación Provincial de Pontevedra:

A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a achegar, para a execución do investimento previsto no obxecto deste convenio, a contía de UN MILLÓN CINCOCEMOS SESENTA E NOVE MIL CATROCEMOS NOVENTA E CATRO EUROS CON SETENTA E CATRO CÉNTIMOS (1.569.494,74 €), que se realizará con cargo á aplicación 2024/942.9420.762.14.

## 3.- Obrigas económicas para o Concello de Vigo:

O Concello de Vigo comprométese a achegar, para a execución do investimento previsto no obxecto deste convenio, a contía de SETECEMOS UN MIL SEISCENTOS CINCO EUROS CON OITO CÉNTIMOS (701.605,08 €), desagregados da forma seguinte:

Exercicio 2025	701.605,08 €
----------------	--------------

A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega do Concello de Vigo será financiada con cargo ós créditos da aplicación 1532.619.00.08 e de acordo á execución indicada anteriormente. Non obstante, o pagamento quedará condicionado, en todo caso, á aprobación dos orzamentos xerais do concello para o ano 2025.

4.- Non obstante, calquera variación da anualidade da execución prevista, poderá dar lugar a reaxuste das anualidades do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Vigo, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación Provincial no expediente que se inicie para o reaxuste das anualidades e da resolución que se dite.

## TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1.- A execución das actuacións e contratos ás que o presente convenio se refire, e o seu financiamento polas partes asinantes, terá lugar durante os anos da vixencia do convenio de acordo coas obrigas de financiamento indicadas no pacto segundo.

2.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a realización de todos os actos públicos sobre o seguimento da obra, co obxecto de que asista de consideralo procedente un representante da Corporación provincial.

3.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a data e hora en que terá lugar, o acto de recepción da obra, ao que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provin-



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

cial, un representante ou facultativo desta. A Administración municipal remitirá á provincial copia da acta do acto de recepción e certificación da resolución do órgano competente aprobatoria da recepción da obra executada e da certificación final da mesma.

4.- Formalizado, de selo caso, o contrato, ou contratos, de servizos para a contratación de asistencia técnica á dirección das obras e a Coordinación de Seguridade e Saúde, remitirase copia dos mesmos á Deputación Provincial así como dos abonos a conta que en execución dos mesmos se poidan producir.

5.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución da obra obxecto do presente convenio e as actuacións realizadas no marco do mesmo cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e aos responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.

### CUARTO.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O Concello de Vigo asume a licitación, dirección, execución e recepción da obra contempladas na memoria técnica, e a súa xustificación perante a Deputación de Pontevedra.

O Concello de Vigo poderá realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución das obras, que se aboarán pola contía equivalente á/s xustificación/s presentada/s.

O importe correspondente á/s xustificación/s achegada/s, será reembolsado ao Concello mediante transferencia bancaria, unha vez que conste na Deputación a seguinte documentación:

- Contrato de adxudicación da obra.
- Nomeamento do Director de obra e coordinador de seguridade e saúde.
- Acta de comprobación do replanteo.
- Orixinal ou copias compulsadas da/s factura/s expedida/s pola empresa adxudicataria dos traballos realizados.
- Certificación/s de obra executada. Xunto coa primeira certificación se remitirá unha proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.
- Certificacións ou actos de aprobación/conformidade dos gastos polo órgano municipal.

Así mesmo, coa finalización das obras, para a liquidación final das actuacións, deberá ser aportada a seguinte documentación:

- Acta de recepción, unha vez rematado o investimento.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o financiamento do obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.
- Informe final do/a Director/a de obra.

- De producirse a tramitación dun modificado, a certificación expedida pola persoa funcionaria competente de que a súa tramitación foi consonte á Lei de contratos.
- Declaración responsable de non estar a beneficiaria incurso en ningunha das causas previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para ser beneficiaria desta axuda.
- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

A/s certificación/s de obra, facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto, e o resto da documentación xustificativa, serán verificadas polos servizos técnicos provinciais e fiscalizadas pola Intervención provincial antes de ser aprobadas e pagadas.

Así mesmo, as actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución das obras por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

A comprobación material do investimento, que se define no parágrafo anterior, é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

## **QUINTO.- MODIFICACIÓNS DO PROXECTO**

As partes asinantes do convenio, comprométese á estabilidade do financiamento comprometido en base á contratación do proxecto do investimento obxecto deste convenio, e de acordo coa obriga de financiación para cada unha das administracións en relación ao proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA SAN ROQUE ENTRE AS RÚAS GREGORIO ESPINO E REI-SEÑOR". Polo cal, a achega da Deputación Provincial de Pontevedra por importe de UN MILLÓN CINCOCENTOS SESENTA E NOVE MIL CATROCENTOS NOVENTA E CATRO EUROS CON SETENTA E CATRO CÉNTIMOS (1.569.494,74 €),

determinase como achega finalista ao convenio, aportando o Concello de Vigo a diferenza ata o importe que se derive da execución final das actuacións obxecto do convenio e de ser o caso se a execución destas actuacións superaran o importe máximo do convenio será responsabilidade do Concello de Vigo asumir a totalidade dos incrementos que se deriven da execución final deste proxecto.

Se finalmente, a execución da obra prevista tivera un custo inferior ao indicado na adxudicación dos contratos vinculados ao obxecto do convenio, e sempre que isto non supoña unha actuación deficiente do mesmo, a contía das achegas das administracións reducirase proporcionalmente as cantidades a aportar por cada administración en relación ao importe adxudicado.

## **SEXTO.- COMPROMISOS DAS PARTES**

O Concello de Vigo obrígase a:

- Financiar a execución da obra obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo, terceiro e quinto. A tal fin, dotará os recursos necesarios, na aplicación correspondente, para o financiamento da actuación prevista neste convenio.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

- Remitir á Deputación Provincial os proxectos técnicos vinculados co obxecto do convenio, así como de calquera modificación.
- Licitar, executar, controlar e recibir as obras consonte ao correspondente proxecto técnico.
- Contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.
- Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Dar a adecuada publicidade a este convenio conforme o pacto sétimo do mesmo, de tal xeito de que quede constancia de que a obra obxecto do mesmo se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma.

Tamén seralle de aplicación o recollido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e no seu Regulamento, aprobado polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo.

Pola súa banda, a Deputación de Pontevedra comprométese a:

- Financiar a execución da obra obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo, terceiro e quinto. A tal fin, disporá dos recursos indicados co carácter de achega finalista para a execución da mesma.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, e da Resolución Presidencial núm. 2017008767, de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas exceden de 600.000,00 €.

### **SÉTIMO.- PUBLICIDADE**

En toda a documentación e información relativas ao obxecto deste convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Ponte-

vedra e o Concello de Vigo, e nelas figurará de maneira destacada o financiamento da actuación por ambas administracións.

En todo caso, as accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra. O Concello deberá acreditar a publicidade, e indicar as accións de comunicación realizadas. Para isto, o Concello debe:

- Incluír no prego de cláusulas ou documentación que rexe a contratación unha cláusula na que conste a obriga do contratista de colocar, desde o inicio das obras ata a súa total terminación, un cartel de obra cos logos do mesmo tamaño do Concello de Vigo e o da Deputación Provincial de Pontevedra.
- Facerse cargo dos carteis da obra que se realicen e da súa retirada tras a finalización do prazo de garantía ou, en todo caso, tras a comprobación material realizada pola Deputación. Por tratarse dunha obra de infraestruturas ou dotacións, o cartel colocarse ao carón do acceso principal; no caso de obras na infraestrutura viaria ou no seu subsolo, situarse ao comezo da vía ou no seu entroncamento coa vía principal.

Correspóndelle ao Servizo de Comunicación Institucional da Deputación dar as instrucións que se deben seguir no relativo á identidade corporativa provincial (<https://www.depo.gal/es/identidade-corporativa>).

O incumprimento destas obrigas será causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento de cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

## **OITAVO.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS**

As partes comprométese ao intercambio de datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio coas garantías de confidencialidade que en cada caso se requiran e permanecerá exclusivamente no ámbito da relación das partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, obrigándose a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración do convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.

As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

### **NOVENO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS**

A achega económica prevista no presente instrumento, que ten carácter de subvención, será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da contratación subvencionada, para o cal de ser o caso se procederá a minorar proporcionalmente as cantidades a aportar por cada administración en relación ao importe adxudicado.

### **DÉCIMO.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO**

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por tres representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento:

- ✓ A puntual recepción de información sobre tódalas actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.
- ✓ A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.
- ✓ A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.
- ✓ A emisión de informe en relación coa necesidade do reaxuste da anualidade do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución do contrato a que este se refire.
- ✓ A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime convinte o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na sede da Deputación de Pontevedra en Vigo ou na Deputación de Pontevedra, segundo acorden as partes. Na súa reunión constituínte designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario, que levantará acta das súas reunións.

### **DÉCIMO PRIMEIRO.- VIXENCIA**

O presente convenio producirá os seus efectos dende a data da súa sinatura e o investimento obxecto deste convenio deberá estar executado e finalizado na data límite do 30 de setembro de 2026, fixándose un prazo de xustificación ata o 30 de decembro de 2026.

No caso de imposibilidade de remate das obras ou xustificación nos prazos referidos, as partes poderán acordar a ampliación dos mesmos ata o 30 de setembro de 2027.

No caso de que, por motivos xustificadas, ou como consecuencia do axuste das anualidades de execución do contrato, as obras obxecto do presente convenio non estivesen rematadas

nesa data, as partes poderán acordar estender súa vixencia, previa emisión do informe da Comisión de Seguimento no que deberá especificar o prazo de prórroga.

No caso de que o Concello non xustifique o gasto realizado en prazo ou execute o investimento subvencionado mais aló do prazo de execución establecido, iniciárase o procedemento de perda do dereito ao cobro, non podendo utilizarse o crédito sobrance para conceder outra subvención ao Concello.

## **DÉCIMO SEGUNDO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO**

De acordo co previsto no artigo 51 da Lei 40/2015, o convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- 1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
- 2º.- O acordo unánime dos asinantes.
- 3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumplidora un requirimento para que, no prazo que se sinala, cumpra coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos prexuízos causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

## **DÉCIMO TERCEIRO.- RÉXIME XURÍDICO**

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de execución dos orzamentos das Administracións asinantes; a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non puideran resolverse a través da Comisión de Seguimento, será competente a Xurisdición Contencioso- Administrativa.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

### **14(755).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE REPARCELACIÓN DO POLÍGONO 1 DO PLAN PARCIAL DE SAN PAIO DE NAVIA. EXPTE. 5314/401.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 03/09/2024, asinado pola técnica de administración xeral e a xefa do Departamento de Desenvolvemento Urbanístico e conformado polo xerente de Urbanismo e a concelleira-delegada da Área de Goberno, coa nota de conformidade do secretario xeral do Pleno de data 10/09/2024 e co ditame favorable do Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo a mesma data, que di o seguinte:

Examinado o presente expediente tramitado a iniciativa do “Instituto Galego de Vivenda e Solo” organismo autónomo adscrito a Consellería de Vivenda e Planificación de infraestruturas da Xunta de Galicia, e a vista da documentación técnica inserida no Rexistro electrónico desta Xerencia Municipal de Urbanismo con data do 04.04.2024 (Doc. Núm. 240108417), documentación toda ela redactada pola sociedade “Arquitectos Botana, SL,” de data abril de 2024, asinada dixitalmente polo arquitecto director dos traballos A.B.C (colexiado núm. 2405 do COAG), que anula e substitúe a anteriormente presentada, emítese o seguinte informe xurídico con proposta de acordo para o que resultan relevantes os seguintes,

#### I. ANTECEDENTES E FEITOS

I.I. Con data do 29.07.2020 o Pleno do Excmo. Concello de Vigo acordou aprobar definitivamente a «2ª Modificación Puntual do Plan Parcial de San Paio de Navia», instrumento urbanístico promovido polo Instituto Galego de Vivenda e Solo (Exp. Núm. 15666/411); A referida Modificación Puntual, foi publicada no DOG núm. 183 do 09.09.2020, Normativa e Ordenanzas no BOPPO núm. 212 do 03.11.2020, e inscrita no Rexistro de Planeamento de Galicia con data do 09.10.2020, co núm. RPG00064/2020, polo que ten acadado plena vixencia e executividade.

Pola súa banda, nesta administración procedeuse a apertura dos expedientes núm. 272/413 e núm. 278/413, trala comunicación remitida polo Instituto Galego de Vivenda e Solo, correspondentes a diversos trámites relativos ao “*Proxecto de expropiación por taxación conxunta, dos bens e dereitos que se precisen ocupar para a execución dos polígonos núm.1, 2, e 3 do Plan Parcial de San Paio de Navia*»; Obran incorporados aos expedientes de referencia, os seguintes trámites/ actuacións administrativas: Publicación no Taboleiro de Edictos da XMU do proxecto expropiatorio, así como da convocatoria das datas para proceder o levantamento das actas de pagamento e ocupación dos bens e dereitos afectados ao radicar os mesmos neste termo municipal, certificación de fin de exposición pública, así como o acto de sinaturas de ditas actas, que tivo lugar nas dependencias do salón de actos do edificio administrativo da Xunta de Galicia en Vigo os días 24,25,26,27, 28 de xaneiro de 2022.

Con data do 31.03.2023 a Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria, acordou prestar aprobación con carácter definitivo ao «Proxecto de urbanización do Polígono 1 do Plan Parcial de San Paio de Navia» (Exp.5274/401).

I.II. Neste estado da tramitación, con data do 04.04.2024 tiña entrada no rexistro electrónico da XMU ( Doc. Núm. 240108417), a través do Sistema de Interconexión de rexistros -SIR- un oficio do IGVS ao que xunta documentación técnica corrixida tralo previo requirimento cursado por esta administración, consistente no «Proxecto de Reparcelación do polígono 1 do Plan Parcial de San Paio de Navia», documentación toda ela redactada pola sociedade “Arquitectos Botana, SL”, de data abril de 2024, e asinada dixitalmente polo arquitecto director dos traballos A.B.C (colexiado núm. 2405 do COAG).

I.III. Con data do 15.05.2024 a Concelleira delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda ditou Resolución, pola que se dispuxo o do presente expediente, coa correspondente publicación da dita resolución para xeral coñecemento no Boletín Oficial da Provincia, na Sede electrónica do Concello de Vigo, así como na páxina web municipal.

Da amentada Resolución tomou coñecemento o Consello da XMU, na sesión ordinaria que tivo lugar en data 21.05.2024; En cumprimento do resolto, procedeuse á publicación do anuncio de inicio do expediente de reparcelación no BOP núm. 106 do 31.05.2024 e na páxina web municipal.

I.IV. En data 28.06.2024 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, en sesión ordinaria, adoptou o seguinte acordo “(*...*)PRIMEIRO.: *Prestar aprobación, con carácter inicial ao documento nomeado “Proxecto de reparcelación do Polígono 1 de San Paio de Navia” promovido polo Instituto Galego de Vivenda e Solo, conformado pola documentación técnica inserida no rexistro electrónico da Xerencia municipal de urbanismo con data do 04.04.2024 ( Doc. Núm. 240108417), documentación toda ela redactada pola sociedade “Arquitectos Botana, SL,” de data abril de 2024, asinada dixitalmente polo arquitecto director dos traballos A.B.C (colexiado núm. 2405 do COAG); SEGUNDO.: Someter o presente expediente, inicialmente aprobado, con toda a documentación que o integra, a información pública polo prazo de un (1) mes, mediante a inserción de senllos anuncios no Boletín Oficial da Provincia, nun dos diarios de maior circulación na provincia, no páxina web municipal no enderezo electrónico [https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo\\_pxom2.php?lang=gal#](https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_pxom2.php?lang=gal#), no apartado planeamento de desenvolvemento e xestión, e na sede electrónica municipal, computándose o remate do período dende a publicación do anuncio no BOP- , a efectos de que durante o amentado prazo poida examinarse o expediente, e formularse as alegacións e suxestións pertinentes.TERCEIRO.: Proceder á notificación do presente acordo, á todas as persoas interesadas no presente procedemento, segundo a relación incorporada ao proxecto (*..*)”.*

I.V. En cumprimento do acordado, someteuse o expediente ao preceptivo trámite de información pública aberto polo prazo de un (1) mes, mediante a inserción dos cadanseus correspondentes anuncios nun dos diarios de maior circulación da provincia “Faro de Vigo” do 19.07.2024, no BOPPO núm. 144 do 24.07.2024, e na páxina Web do Concello de Vigo.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

I.VI. Finalizado o período de información pública, con data 28.08.2024 a Xefa do Rexistro desta XMU estende dilixencia para facer constar que *“O Proxecto de reparcelación do polígono 1 do Plan Parcial de San Paio de Navia”, someteuse, con toda a documentación que o integra, ao trámite de información pública, polo prazo dun (1) mes, mediante a inserción de senllos anuncios nun dos diarios de maior circulación na provincia (Faro de Vigo do 19 de xullo de 2024), no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (número 144, do 24 de xullo de 2024) e na sede electrónica municipal. Durante o dito prazo non se presentou escrito de alegación algún(..):”*

En base a mesma, con data 29.08.2024 o Secretario da XMU co visto e prace da Concelleira delegada da área de goberno de urbanismo e vivenda, emite certificado de fin de exposición pública, do seguinte teor literal, *“(..) Que, durante o período de información pública do expediente núm. 5314/401, do “Proxecto de reparcelación do polígono 1 do Plan Parcial de San Paio de Navia”, aberto polo prazo dun (1) mes, mediante a inserción de senllos anuncios nun dos diarios de maior circulación na provincia (Faro de Vigo do 19 de xullo de 2024), no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (número 144, do 24 de xullo de 2024) e na sede electrónica municipal, segundo consta na dilixencia asinada dixitalmente, en data do 28 de agosto de 2024, pola Xefa da Oficina do Rexistro da XMU, non se presentou escrito de alegación algún.*

Neste senso, concluído o preceptivo prazo de información pública, sen que se teña presentado escrito de alegación algún-, procede elevar ao órgano competente a presente proposta de aprobación definitiva do «Proxecto de Reparcelación do polígono 1 do Plan Parcial de San Paio de Navia»

## II. FUNDAMENTOS DE DEREITO /VALORACIÓN XURÍDICA

### II.I. Normativa básica examinada

TRLS/2015 (RD Lex7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana),

LSG (L.2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia),

RLSG (Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia),

LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),

LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),

Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D.Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000),

PXOU-93. Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia. A aprobación

definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG núm 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P 133, o 14 de xullo de 1993,  
2ª MP PP San Paio de Navia, publicada no DOG núm. 183 do 09.09.2020, Normativa e Ordenanzas no BOP núm. 212 do 03.11.2020, e inscrita no Rexistro de Planeamento de Galicia con data do 09.10.2020,  
Revisión do PXOU/1993, aprobado inicialmente polo Pleno do Concello de Vigo, na sesión extraordinaria de data 26.08.2021 (Exp. 15313/411),  
O resto de disposicións que poidan afectar,

## II.II. Obxecto e descrición do ámbito

Na Memoria do proxecto achegado descríbese polo miúdo o obxecto do presente proxecto de reparcelación que desenvolve un ámbito de 98.910 m<sup>2</sup> a executar en dúas etapas. Preténdese con esta actuación dar resposta á urxente necesidade de solo residencial da área urbana de Vigo.

A finalidade do proxecto achegado non é outra que a agrupación das parcelas de orixe, propiedade do IGVS e do Concello de Vigo (viais existentes no ámbito, parcela de equipamento e parcelas de zonas verdes) e subsecuentemente proceder a súa división conforme ao planeamento vixente, isto é a “2ª MP do Plan Parcial de San Paio de Navia”, axustándose a reparcelación proposta ao xa previsto na dita Modificación Puntual, cumprindo as determinacións contidas nas ordenanzas do dito instrumento de planeamento.

Segundo o proxecto achegado, as parcelas de orixe acadan un total de 145 , dunha superficie total de 98.910 m<sup>2</sup>

No que respecta as parcelas de resultado, divídense en dúas zonas e/ou fases, Fase A e Fase B, comprendendo ambas 168 parcelas de resultado; que se reparten do seguinte xeito:

- Parcela 1 a 155- que revisten o carácter de patrimoniais, adxudicadas en propiedade ao IGVS;
- Parcelas 156 a 168, titularidade do Concello de Vigo, sendo a parcela 156 a adicada a equipamento público, as parcelas 157 a 167 destinadas a zonas verdes públicas,
- e finalmente a Parcela 168 que se corresponde co novo viario do polígono.

CADRO RESUME DAS SUPERFICIES DE RESULTADO, que se recollen no proxecto presentado:

PARCELAS EDIFICABLES FASE A:	24466,31 M <sup>2</sup>
PARCELAS EDIFICABLES FASE B:	19.973,78 M <sup>2</sup>
ZONAS VERDES FASE A:	6.079,33 M <sup>2</sup>
ZONAS VERDES FASE B:	8.212,88 M <sup>2</sup>
PARCELA DE EQUIPAMENTO FASE B:	1.962,83 M <sup>2</sup>



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

VIARIO TOTAL DO ÁMBITO;	38.216,29 M <sup>2</sup>
TOTAL POLÍGONO 1:	98.911, 22 M <sup>2</sup>

Neste apartado compre remitirnos ao informe emitido pola arquitecta xefa do servizo de planeamento e xestión en data 29.04.2024 que valida dito extremo, concluíndo que, a parcelación cumpre ás determinacións contidas nas ordenanzas da 2ª MP do PP de San Paio de Navia; Asemade recolle no dito informe técnico que as parcelas de orixe, segundo a documentación achegada son todas propiedade do IGVS (agás os terreos de dominio público pertencentes ao Concello de Vigo) , e as parcelas de resultado son adxudicadas todas elas ao IGVS, agás as parcelas destinadas a dotacións públicas, isto é, a parcela destinada a viais, parcela de equipamento e parcelas de zonas verdes, sen asignación de cargas de urbanización ao asumir a administración actuante a urbanización dos polígonos 1, 2 e 3 ; finalmente, sinala dita técnica que, comprobamos que os datos das parcelas de resultado recollidos na escritura “Pro-forma” correspóndese cos das fichas das parcelas de resultado e cos do CADRO Nº 5 .- PARCELAS DE RESULTADO DA MEMORIA, e que as parcelas de resultado cumpren o establecido polas ordenanzas do plan Parcial.

Sentado o anterior, a finalidade única do presente proxecto, non é outra que a agrupación das parcelas de orixe, propiedade do IGVS e do Concello de Vigo (viais existentes no ámbito, parcela de equipamento e parcelas de zonas verdes) e subsecuentemente proceder a súa división conforme ao planeamento vixente, isto é a 2ª MP do Plan Parcial de San Paio de Navia, axustándose a proposta ao xa previsto na dita Modificación Puntual, cumprindo as determinacións contidas nas ordenanzas do dito instrumento de planeamento, culminando así o nel previsto , e proceder a súa ulterior inscrición no Rexistro da propiedade, revestindo de viabilidade xurídica a tramitación operada.

### II.III. Formulación e tramitación

Respecto ao contido do proxecto de reparcelación estarase ao disposto no Capítulo V do Título IV da LSG, que deberá incluír a seguinte documentación: Memoria xustificativa: descrición das parcelas orixinais, descrición das parcelas resultantes, gastos da actuación e liquidación provisional, e cadro de reparcelación; Planos: plano de situación, plano topográfico, plano parcelas orixinais, plano parcelas resultantes, plano superposición parcelas orixinais e resultantes, plano ordenación xeral, plano localización das cesións municipais; Fichas parcelas resultantes: Ficha parcela 1, ficha parcela 2, ficha parcela municipal.

Sobre o contido e suficiencia da documentación que integra o presente expediente, informou con data do 29.04.2024 a arquitecta xefa do servizo de planeamento e xestión.

No que atinxe ao procedemento de aprobación, o órgano municipal competente aprobou inicialmente o proxecto e o someteu a información pública polo prazo dun (1) mes, do xeito e co resultado que se indicou no relato de feitos, sen que se teña presentado escrito de alegación

algún; Xa que logo, concluído o prazo de información pública, o órgano municipal competente procederá a súa aprobación definitiva.

Con carácter posterior á aprobación definitiva do proxecto, a entidade promotora inscribirá no Rexistro da propiedade a nova configuración física das parcelas. A tal efecto deberá remitirse ao Rexistro da propiedade unha certificación administrativa expedida polo Concello na que se inclúa o acordo de aprobación definitiva e se faga constar as circunstancias relativas ás persoas, os dereitos e as parcelas ás que afecta o acordo. Igualmente, con carácter posterior á aprobación definitiva a entidade promotora instará do Catastro a actualización da titularidade e nova configuración física das parcelas.

Conclusión.- Tralo análise técnico e xurídico, co dito alcance de avaliar a integridade documental do presente proxecto de reparcelación, as actuacións administrativas realizadas, e a conformidade coa lexislación vixente, infórmase favorablemente polas que subscriben, a presente proposta de aprobación definitiva do «Proxecto de Reparcelación do Polígono 1 do Plan Parcial de San Paio de Navia», instrumento urbanístico de iniciativa pública promovido polo Instituto Galego de Vivenda e Solo.

#### II.IV. Órgano competente

O artigo 127.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na redacción conferida pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, atribúe á Xunta de Goberno Local a aprobación dos instrumentos de xestión urbanística, en relación co disposto nos Estatutos desta XMU, na súa versión consolidada - AD Pleno do Concello do 06.09.2010-;

Por canto antecede, PROPONSE á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previo ditame do Consello da Xerencia municipal de urbanismo, a adopción do seguinte,

#### ACORDO

PRIMEIRO.: Prestar aprobación, con carácter definitivo ao «Proxecto de Reparcelación do polígono 1 do Plan Parcial de San Paio de Navia» instrumento urbanístico de iniciativa pública, promovido polo Instituto Galego de Vivenda e Solo, -Organismo autónomo adscrito á Consellería de Vivenda e Planificación de infraestruturas da Xunta de Galicia-, que se integra e conforma pola documentación técnica inserida no rexistro electrónico da Xerencia municipal de urbanismo do Concello de Vigo con data do 04.04.2024 (Doc. Núm. 240108417), documentación toda ela redactada pola sociedade “ Arquitectos Botana, SL, ” de data abril de 2024, asinada dixitalmente polo arquitecto director dos traballos A.B.C (colexiado núm. 2405 do COAG).

SEGUNDO.: Ordenar a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, e na sede electrónica do Concello de Vigo. A tales efectos, o contido integro do proxecto aprobado definitivamente estará dispoñible no seguinte enderezo electrónico





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

[https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo\\_pxom2.php?lang=casl#/no](https://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo_pxom2.php?lang=casl#/no) apartado de Xestión/ Execución de Planeamento, e no Portal de Transparencia.

TERCEIRO.: Dispor que, una vez firme en vía administrativa o acordo aprobatorio, se entregue aos promotores do expediente, certificación administrativa aos efectos da súa inscrición no Rexistro da propiedade que correspondan dos de Vigo, na que se faga constar as circunstancias relativas ás persoas, os dereitos e as parcelas ás que afecto o presente acordo. Igualmente, con carácter posterior á aprobación definitiva a entidade promotora instará do Catastro a actualización da titularidade e nova configuración física das parcelas.

CUARTO.: Perante o presente acordo, que pon fin a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición no prazo de un mes dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante a xurisdición contenciosa administrativa, no prazo de dous (2) meses, contados dende o día seguinte ao da publicación do presente acordo no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, a presente proposta non é vinculante, e o órgano competente decidirá, co seu superior criterio o que estime máis conveniente.(...)”.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(756).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SUBMINISTRO NA SÚA MODALIDADE DE ARRENDAMENTO DE EQUIPOS E MATERIAIS AUXILIARES DE OBRA PARA O TALLER DE VÍAS E OBRAS. EXPTE. 88268/250.**

Visto o informe xurídico do 04/09/2024, o informe de fiscalización do 10/09/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 30/08/2024, asinado polo xefe da unidade de Mantemento de Vías Municipais, o enxeñeiro de camiños, canles e portos e a técnica de xestión, e conformado polo xefe da Área de Servizos Xerais e o concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES.**

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 01.12.2022, na súa calidade de órgano de contratación, acordou Adxudicar a BAYGAR, S.L. (B-12.019.659) o procedemento aberto simplificado para

a contratación do subministro na súa modalidade de arrendamento de equipos e materiais auxiliares de obra para o Taller de Vías e Obras (Expte. 88.268-250) por un prezo total de 59.670,94 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 10.356,12 euros e unha porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios do 10%. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada

**Segundo.-** O contrato formalizouse en documento administrativo en data 29.12.2022 e na súa Cláusula Cuarta figura o prazo do contrato, o cal é de dous anos contado a partir do 01.01.2023, con dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

## **II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.**

**Primeiro.-** O artigo 29.2 da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei.

A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior.

**Segundo.-** O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na Cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o aviso previo se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

O referido apartado 4 das FEC establece un prazo de execución do contrato de dous anos coa previsión no seu apartado C) de dúas prórrogas, dun ano de duración cada unha.

**Terceiro.-** Considérase conveniente polos técnicos que subscriben, a proposición da 1ª prórroga do contrato de do subministro na súa modalidade de arrendamento de equipos e materiais auxiliares de obra para o Taller de Vías e Obras por un período dun ano, toda vez que o funcionamento do contrato durante este prazo de execución foi satisfactorio cumpríndose correctamente as condicións marcadas á adxudicataria.

**Cuarto.-** Consta no expediente administrativo de referencia, o preaviso de prórroga notificado electronicamente á adxudicataria en datas 09.07.2024 e 22.08.2024 así como a súa conformidade á proposta de prórroga en data 27.08.2024. (Tte.277, 295 e 302 do expediente dixital).

**Quinto.-** Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª apartado 4 da LCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

**Sexto.-** O período da prórroga do contrato comprenderá dende o 01.01.2025 ata 31.12.2025, sendo que o prezo anual ascende a un total de VINTE E NOVE MIL OITOCENTOS TRINTA E CINCO CON CORENTA E SETE CÉNTIMOS (29.835,47 €) IVE do 21% engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.178,06 €.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1743/1102

**Sétimo.-** O importe da prórroga imputarase á aplicación orzamentaria 1532.208.00.00 "Alugueiro de elementos no taller de vías e obras", segundo a seguinte distribución anual:

PERÍODO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
Do 01/01/2025 ata o 31/12/2025	1532.208.00.00	29.835,47 €

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención Xeral **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

### ACORDO

**Primeiro.-** Aprobar a 1ª prórroga, dun ano de duración, do vixente contrato do subministro na súa modalidade de arrendamento de equipos e materiais auxiliares de obra para o Taller de Vías e Obras (Expte. 88268-250), formalizado coa entidade mercantil BAYGAR S.L. (B12019659) polo período comprendido dende o 01.01.2025 ata o 31.12.2025.

**Segundo-** Autorizar o gasto estimado do contrato do subministro na súa modalidade de arrendamento de equipos e materiais auxiliares de obra para o Taller de Vías e Obras (Expte. 88268-250), formalizado coa entidade mercantil BAYGAR S.L. (B12019659) por importe de 29.835,47 € (IVE do 21% engadido), imputando o devandito gasto á aplicación orzamentaria 1532.208.00.00 "Alugueiro de elementos no taller de vías e obras", segundo a seguinte distribución anual:

PERÍODO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
Do 01/01/2025 ata o 31/12/2025	1532.208.00.00	29.835,47 €

**Terceiro.-** Notificar á empresa adjudicataria BAYGAR S.L. (B12019659) indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalos directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

**Cuarto.-** Remitir ao Consello de Contas a prórroga do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### 16(757).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez